O forasteiro misterioso

Mark Twain

Tradución de Alejandro Tobar

ATG
asociación de tradutores galegos

O forasteiro misterioso

Colección XX

Título orixinal: *The Mysterious Stranger*

Tradución: Alejandro Tobar
Corrección: Adrián Estévez
Deseño e maquetación: Karen Guldhammer Skov

Editorial Hugin e Munin
Rúa do Castro, 9, 3º andar
15704 Santiago de Compostela
Galicia

www.huginemunin.com

1ª edición: decembro 2011
2ª edición: xaneiro 2014

Impresión e encadernación: Sacauntos Cooperativa Gráfica
Depósito legal: C 3044-2011
ISBN: 978-84-939647-1-9

Esta obra está publicada baixo unha licenza Creative Commons de Recoñecemento-Non-Comercial-Obras-Non-Derivadas 3.0 ou superior, o cal implica que calquera é libre de copiar e distribuír os contidos sempre que cite as fontes, non haxa ánimo de lucro nin obras derivadas.

Mark Twain

O forasteiro misterioso

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

Capítulo I

Foi en 1590. No inverno. Austria ficaba moi lonxe do mundo, e durmía. Austria estaba sumida no medievo, e parecía non querer abandonalo nunca. Había quen mesmo retrocedían séculos e máis séculos e aseguraban que no reloxo da intelixencia e do espírito, Austria estivera dende sempre na Idade da Fe. Pero dicíano a modo de afago, non por menosprezo, polo que os demais o interpretaban como un motivo de orgullo. Lémbroo perfectamente, malia non ser eu daquela máis ca un rapaz, e lembro tamén o pracer que me producía.

Si, Austria ficaba lonxe do mundo, e durmía. E a nosa aldea achábase no centro mesmo daquel sono, posto que estaba localizada no centro mesmo de Austria. Vivía, adurmiñada e pacífica, no fondo dunha soidade montesía e boscosa, á que nunca, ou moi rara vez, chegaban as novas do mundo a perturbar o seu sono, e vivía inmensamente satisfeita. Por diante da aldea corría un río tranquilo coa superficie que reflectía as nubes e as lanchas que transportaban pedra; detrás da aldea alzábase unha ladeira arborada até o bordo do cantil; no alto do precipicio erguíase un enorme castelo coa súa longa fileira de torres e de baluartes cubertos polas hedras; alén do río, a unha legua cara á esquerda, estendíase unha ondulante confusión de outeiros e fragas atravesadas por intricadas canellas nas

que xamais penetraba o sol; cara á dereita o terreo tornaba en fragoso ao chegar ao río, e entre ese precipicio e os outeiros mencionados, estendíase, ben ao lonxe, unha chaira con algunhas casoupas debuxadas entre hortas e árbores.

A rexión enteira, en moitas leguas á redonda, era unha enorme propiedade herdada por un príncipe que tiña ao seu servizo uns serventes que mantiñan cadora o castelo en óptimas condicións para ser ocupado, a pesar de que nin o príncipe nin a súa familia aparecían por aló máis dunha vez cada lustro. Iso si, cando aparecían por alí era coma se chegase o señor do universo, achegando con el todas as magnificencias dos reinos deste; e cando marchaban, deixaban tras deles un acougo que se parecía moito á profunda soneca que se produce despois dunha orxía.

Para nós, os rapaces, Eseldorf era un paraíso. A escola non nos parecía unha carga excesiva; nela aprendíannos basicamente a sermos bos cristiáns, a reverenciar a Virxe, a Igrexa e os santos, por riba de todo. Fóra disto, non se nos esixía que aprendésemos moito; é máis, non se nos permitía. O saber non estaba ben visto nas xentes vulgares e se cadra podía arramplar coa felicidade da ignorancia, unha sorte da que Deus dotara este mundo, e Deus non tolera que ninguén estea descontento cos seus plans. Tiñamos dous sacerdotes. Un deles era un crego moi celoso e enérxico chamado padre Adolf, que contaba co respecto da xente.

Poida que en certos aspectos existan sacerdotes mellores ca o padre Adolf, pero non houbo endexamais na nosa comunidade outro polo que sentisen todos, sen excepción, un respecto máis solemne e reverente. Este respecto nacía de que el non lle tiña medo ao diaño. Era o único cristián de cantos eu coñecín que o afirmaba con honestidade. Por esta razón, a xente sentía un profundo temor,

pensaban que aquel home posuía algunha calidade sobrenatural, pois doutro xeito non se mostraría tan audaz nin seguro. Todo o mundo fala do demo con antipatía, mais dun modo reverente, non con burla. El, en troques, dáballe ao demo todos cantos cualificativos lle viñan á boca, e ao escoitalo o seu auditorio estremecíase. Referíase decote ao diaño en ton de mofa. Ao ouvilo, a xente persignábase e afastábase da súa presenza, medorenta de que fose ocorrer algo terrible.

O padre Adolf bateu máis dunha vez cara a cara con Satanás, e desafiouno. Sabíase que isto era certo. O propio padre Adolf era quen o dicía. Nunca o gardou en segredo, senón que optou por pregoalo sempre que tivo a ocasión. E de que o que dicía era verdade, polo menos nunha ocasión, existían probas, porque desa vez pelexara co inimigo e arreboláralle unha botella. Alí, na parede do seu cuarto, podía verse o borrancho vermello onde a botella golpeara e se escachizara.

Pero a quen todos nós queriamos máis e polo que sentiamos unha pena maior era o outro sacerdote, o padre Peter. Había xentes que o censuraban argumentando que nas súas conversas non facía outra cousa que expresar que Deus era todo bondade e que daría coa maneira de salvar as súas pobres criaturas humanas. Dicir isto era unha cousa horrible, pero nunca se puido dispor de proba terminante que testemuñase que o padre Peter aseverase tal cousa; ademais, aquelas afirmacións non parecían corresponder coa súa propia maneira de ser, porque era en todo momento un home bo, cariñoso e sincero. Non se lle acusaba de que o dixese dende o púlpito, onde toda a congregación podía ouvilo, senón só fóra del, en conversas privadas. Naturalmente, non debeu de resultar demasiado difícil para algún inimigo seu inventalo. O padre Peter tiña un inimigo, un inimigo moi poderoso:

o astrólogo que vivía no fondo do val, nunha vella torre derruída, e que pasaba as noites estudando as estrelas. Todos sabían que este home era capaz de agoirar por adiantado guerras e fames, cousa que, despois de todo, non era moi difícil, porque polo xeral había sempre unha guerra ou reinaba a fame en algures. Pero sabía tamén interpretar os designios das estrelas, e nun libro groso que tiña, apuntaba a vida de cada persoa e descubría os obxectos de valor perdidos; todo o mundo na aldea, a excepción feita do padre Peter, sentía por aquel home un gran temor. Mesmo o padre Adolf, o mesmo que se atrevera a desafiar o demo, experimentaba un profundo respecto polo astrólogo cando se cruzaba con el pola aldea lucindo o seu sombreiro de copa e a súa longa túnica adobiada con estrelas, e ao lombo o libro e na man o caxato, do que se sabía que estaba dotado dun poder máxico. Seica o propio bispo escoitaba en ocasións o que tivese a ben dicirlle o astrólogo, porque ademais de estudar as estrelas e de profetizar, daba grandes mostras de devoción, e estas, como é natural, causaban impresión no bispo.

Pero o padre Peter non tiña mentes de lle aceptar aquelas sécolas ao astrólogo. De feito, tachouno en público de charlatán e de falsario, argumentando que en verdade non tiña coñecementos de nada, nin poderes sobrenaturais e nin sequera maiores ca os de calquera ser humano de categoría ordinaria e condición bastante inferior. Como é natural, isto fixo que o astrólogo mirase medio atravesado para o padre Peter, e que desexase acabar con el. Todos cremos que foi o astrólogo quen puxo en circulación a historia daquel chocante comentario do padre Peter, e quen a fixo chegar até o bispo. Dicíase que o padre Peter dirixira aquel comentario á súa sobriña Marget, aínda que Marget o negou e suplicou ao bispo que a crese e que

liberase o seu tío da pobreza e da deshonra que aquela historia supuña. Mais o bispo non quixo escoitar nada. Suspendeu por tempo indefinido o padre Peter, aínda que non levou o asunto até a excomuñón. Xa que logo, o padre Peter pasou un par de anos fóra, e o outro sacerdote da aldea, o padre Adolf, quedou ao cargo do seu rabaño.

Foron anos duros para o vello sacerdote e mais para Marget. Ambos os dous foran moi queridos, pero iso cambiou, como é lóxico, cando caeron baixo a sombra do mandado bispal. Moitos dos seus amigos deixaron de selo por completo, e moitos outros mostráronse fríos e afastados. Marget era, no momento do doloroso suceso, unha encantadora rapariga de dezaoito anos, tiña a mellor cabeza da aldea, e nesa cabeza máis cousas ca ninguén. Impartía clases de arpa e gañaba, grazas ás súas propias habilidades, o que necesitaba para vestir e para ter uns pesos no peto.

Con todo e iso, os seus alumnos foron abandonándoa un tras outro. Cando se celebraban bailes e reunións entre os mozos da aldea, esquecíana; os mozos abstivéronse de ir á súa casa, todos menos un, Wilhelm Meidling, e este ben podía deixar de ir. Ela e mais o seu tío sentíronse tristes e desorientados a causa daquel abandono comunitario, o que provocou que desaparecese das súas vidas o refulxir do sol. As cousas foron de mal en peor durante os seguintes dous anos. Levaban as roupas cada vez máis esfarrapadas e o pan resultáballes cada vez máis duro de gañar. Todo se lles puxera na contra. Solomon Isaacs emprestoulles os cartos que considerou conveniente coa garantía da casa destes, e chegou o día no que os avisou de que ou pagaban a débeda contraída ou ao día seguinte quedaría coa súa propiedade.

Capítulo II

Eramos tres os rapaces que andabamos sempre xuntos. Así fora des que estabamos no berce, porque nos gustamos dende o principio, e o afecto entre nós foise facendo cada vez máis profundo a medida que pasaban os anos. Eramos Nikolaus Barman, fillo do xuíz principal da aldea; Seppi Wohlmeyer, fillo do dono da hospedaría local, a do Cervo de Ouro, que dispuña dun fermoso xardín con árbores que chegaban até a beira do río, que tiña ademais lanchas de ocio para alugar; e o terceiro era eu, Theodor Fischer, fillo do organista da igrexa, director tamén dos músicos da aldea, profesor de violín, compositor, cobrador de taxas do Concello, sancristán, e un cidadán habelencioso para diversas tarefas e respectado por todos.

Coñeciamos os outeiros e os bosques tan ben como podían coñecelos os paxaros, porque sempre que dispuñamos de tempo andabamos vadiando por eles, ou polo menos, sempre que non estabamos a nadar, a pasear, na lancha, a pescar, ou a xogar riba do xeo, ou esvarando outeiro abaixo.

Tiñamos liberdade para correr polo parque do castelo, cousa que tiñan moi poucos. Debíase a que eramos os nenos consentidos do máis vello servidor que había no castelo: Felix Brandt. Moitas veces iamos alí á noite para escoitalo mentres nos falaba dos vellos tempos e de cousas

estrañas, e ademais para fumar con el –porque foi el quen nos aprendeu a fumar– e para tomar café. Aquel home servira nas guerras, e estivo no asedio de Viena. Alí, cando os turcos foron derrotados e escorrentados, atoparon entre o botín sacas de café, e os prisioneiros turcos explicaron as súas calidades e a maneira de facer con ese produto unha bebida sabedeira. Dende aquela sempre tiña café á man, para bebelo el e tamén para que os ignorantes quedasen pampos.

Cando había tormenta, gardábanos canda el toda a noite. E mentres no exterior tronaba e relampaba, el contábanos historias de pantasmas e de toda clase de horrores, de batallas, asasinatos, mutilacións e cousas polo estilo, de maneira que atopabamos no interior do castelo un refuxio do máis acolledor. As historias que nos contaba eran case todas produto da súa propia experiencia. Xacando, vira moitas pantasmas, bruxas e feiticeiros; en certa ocasión perdérase no medio dunha furiosa tormenta, á medianoite e no medio das montañas; o estrondo dos tronos e a luz dos lóstregos presentaron a figura do Cazador Salvaxe seguido dos seus cans fantasmais por entre unha masa de nubes arrastrada polo vento. Viu tamén noutra ocasión un íncubo, e varias veces o gran vampiro que chucha o sangue do pescozo das persoas mentres están durmidas, abanicándoas suavemente coas súas ás, a fin de mantelas adurmiñadas até que morren.

Animábanos a perder o medo a certos fenómenos sobrenaturais como son as pantasmas, e asegurábanos que non lle facían dano a ninguén, e que se limitaban a vagar polo mundo adiante porque se atopaban soas e aflixidas e que sentían necesidade de que as mirasen con agarimo e compaixón. Co paso do tempo, aprendemos a non sentir temor, e chegamos mesmo a baixar con el, durante a noite, á cámara encantada que había nos calabozos do castelo.

A pantasma aparecéusenos só unha vez. Cruzou por diante de nós e flotou en silencio polo aire; logo esfumouse. Felix instruíranos tan ben que case nin trememos. Díxonos que en ocasións se lle achegaba a pantasma durante a noite, e que o facía acordar ao lle pasar a man fría e viscosa pola faciana, pero que non lle causaba dano ningún; o único que buscaba a pantasma era simpatía, e que soubesen que estaba alí. Máis estraño, se cabe, resultaba que Felix vise anxos –anxos auténticos, dos que baixan do ceo– e conversase con eles. Aqueles anxos non tiñan ás, ían vestidos e falaban, miraban e actuaban exactamente igual ca unha persoa normal e corrente, e non se terían por anxos a non ser polas cousas asombrosas que facían e que un ser mortal non podería endexamais emular, e polo modo súbito que tiñan de desaparecer mentres se estaba a falar con eles, o que tampouco non sería capaz de facer mortal ningún. Felix asegurounos que eran amables e alegres, e non tétricos e melancólicos, coma as pantasmas.

Foi despois dunha charla así, tras unha noite de maio, á mañá, cando nos erguemos e almorzamos de maneira copiosa na súa compaña, para despois baixar, cruzar a ponte e dirixírmonos ao alto dos outeiros que quedaban á esquerda e para chegarmos ao cabo até unha cuberta de árbores que constituía o lugar preferido por nós. Polo maxín roldábannos aínda aqueles relatos estraños, e o noso ánimo estaba afectado por eles. Deitámonos sobre o céspede para descansar á sombra, fumar e falar de todo iso, pero non puidemos fumar, porque a nosa falla de sentidiño fixo que nos quedasen esquecidos o pedernal e o aceiro.

Ao pouco, vimos vir cara a nós, camiñando cachazudo por entre as árbores, un mozo. Achegouse e sentou no chan, canda nós, e comezou a falarnos amigablemente, coma quen que xa nos coñecía. Pero non lle contestamos ren, porque era forasteiro e nós non estabamos afeitos a

tratar con forasteiros, e polo tanto sentiámonos un tanto coitados diante del. Viña o mozo ataviado con roupas novas e de boa calidade, tiña boa planta, un rostro fermoso e unha voz agradable, amais era de maneiras espontáneas, elegantes e desenvoltas, e para nada era tímido, zoupón e desconfiado coma os demais raparigos que coñeciamos. Queriamos tratalo de amigo, pero non sabiamos por onde comezar. Pensei de súpeto en ofrecerlle unha pipa. O que non sabía era se a tomaría co mesmo espírito afectuoso con que eu lla ofrecía. Con todo e iso, lembrei que non dispuñamos de lume, e isto produciume un certo pesar e mágoa. Pero aquel mozo ergueu o ollar, alegre e compracido, e dixo:

—Lume? Iso está feito. Dóuvolo eu.

Quedei mudo, abraiado, porque eu non pronunciara aínda nin unha soa palabra. Agarrou a pipa entre as mans e soprouna; o tabaco prendeu e alzáronse os primeiros fíos de fume azul. Puxémonos de pé dun chimpo, e tiñamos intención de botar a correr –reacción lóxica–, como en efecto foi que corremos algúns pasos a pesar de que el nos suplicaba que quedásemos, dándonos a súa palabra de que non nos causaría dano ningún, e que o único que desexaba era amigar connosco e facernos compañía. Xa que logo, detivémonos e permanecemos canda el, comidos pola curiosidade e cheos de admiración, pero tamén temorosos e conscientes do risco. O mozo teimaba en convencernos, e cando vimos que a pipa non estalaba nin ocorría nada raro, recobramos a confianza, e por fin a nosa curiosidade puido máis ca os nosos temores e arriscamos a retroceder, aínda que moi amodo e dispostos a saír fuxindo ao menor sinal de alarma.

O mozo puxo todo o seu empeño en tranquilizarnos, e soubo darse maña para conseguilo. Non era posible albergar dúbidas e temores diante dunha persoa tan desexosa de

agradar, tan sinxela e xentil, e que falaba de maneira tan locuaz. Si, gañounos por completo, e pouco tardamos en rendernos aos seus engados de orador. Sentiámonos tranquilos e consagramos o noso tempo á charla, alegrándonos de atopar un novo amigo. Unha vez deixadas atrás as reticencias, preguntámoslle como aprendera a realizar aquela cousa tan extraordinaria, e el díxonos que de ningún xeito era unha cousa aprendida, senón que resultaba natural nel, ao igual que lle pasaba con outras cousas, outras cousas do máis curioso.

—Cales son esas cousas?

—Moitas, non sabería cifralas.

—Has de nolo mostrar?

—Si, por favor, mostránolo! —exclamaron os meus compañeiros.

—Pero non escaparedes outra vez?

—Non, non, claro que non. Por favor, fai esas cousas. Va que si?

—Si, con gusto, pero mirade que tedes que cumprir co prometido.

Dixémoslle que así sería e el dirixiuse a unha fochanca e regresou cunha pouca auga nunha cunca que formara cunha folla. Soprou sobre a auga, que caeu e quedou convertida nun anaco de xeo que tiña a mesma forma acunchada. Quedamos asombrados e encantados, pero xa non eramos presos do medo. Estabamos ben ledos de atoparnos alí, e pedímoslle que seguise facendo máis cousas. E fíxoas. Anunciounos que nos daría calquera froita que quixésemos, a que nos reinase, tanto se era da estación coma se non. Berramos todos a un tempo:

—Laranxas!

—Mazás!

—Uvas!

—Tédelas dentro dos vosos petos —dixo, e era certo.

Ademais, eran do melloriño. Comémolas a fume de carozo e axiña apetecemos máis, pero ningún de nós quixo dicilo con palabras.

—Habédelas atopar no mesmo lugar onde atopastes estas —díxonos—, e atoparedes tamén todo canto o voso apetito vos reclame. Non necesitades expresar con palabras aquilo que desexades mentres eu estea convosco. Chega con que desexedes algo para que o atopedes.

E dicía verdade. Endexamais houbo nada tan marabilloso e tan interesante. Pan, pasteis, doces, noces; todo e máis do que un quería, atopábao alí. O mozo non comeu ren, seguía sentado, parolando e quitando unha cousa curiosa tras outra para divertirnos. Así, por exemplo, confeccionou con arxila un minúsculo xoguete que representaba un esquío, e o xoguete rubiu polo tronco da árbore, sentou sobre unha póla por riba das nosas cabezas, e dende alí urrou. Fabricou logo un can que non era moito máis voluminoso ca un rato pequerrecho, e o can descubriu a pegada do esquío e púxose a dar choutos ao redor da árbore ao tempo que ladraba coa excitación e con tanta animación como puidese facelo calquera can. Tanto foi así que nun momento dado o esquío colleu medo e saltou dunha árbore para outra, e o can perseguiuno até se perderen ambos os dous animais no interior do bosque. Confeccionou paxaros con arxila, deixounos en liberdade, e os paxaros saíron voando e cantando.

Por último, eu animeime a pedirlle que dixese quen era.

—Un anxo —dixo con total parsimonia, para despois soltar outro paxaro e dar unha palmada estrondosa que o puxo a voar.

Cando lle escoitamos falar aquilo, invadiunos o temor, mais el díxonos que non tiñamos por que asustarnos, pois non había razón para que tivésemos medo dun anxo, e que en todo caso el sentía afecto por nós. Seguiu parolando

con tanta sinxeleza e naturalidade coma até daquela. Namentres falaba confeccionou unha multitude de homes e mulleres miúdos, do tamaño dun dedo, e todas estas figuras comezaron a traballar con gran dilixencia, limpando e igualando un espazo de terreo de dúas varas cadradas no céspede. A seguir construíron nese espazo un pequeno castelo moi enxeñoso; as mulleres preparaban o morteiro e subíano ás estadas en cazos que levaban sobre as cabezas tal como viñeron facendo sempre as nosas mulleres traballadoras; os homes colocaban fileiras de ladrillos. Cincocentos daqueles homes de xoguete formigaban dun lado para outro traballando duramente e enxugando a suor da cara con tanta naturalidade como o fan os homes de carne e óso.

O noso sentimento de temor disipouse moi pronto, pois ficamos pampos coa contemplación daqueles cincocentos homes pequechos que construían o castelo chanzo a chanzo e fileira de ladrillos a fileira de ladrillos, dándolle forma e simetría, e outra vez volvemos sentir tranquilidade e alivio coma antes. Preguntámoslle se nós poderiamos confeccionar algunhas persoas igual que o facía el, e díxonos que si, e a Seppi ordenoulle que construíse algúns canóns para as murallas, mentres que a Nikolaus lle encargou que fixese algúns alabardeiros, con coirazas, escudos protectores e helmos; eu encargaríame de fabricar algúns xinetes cos seus cabalos. Ao distribuírnos estas tarefas chamounos polos nosos nomes, pero non nos dixo como os sabía. Naquel instante Seppi preguntoulle como se chamaba el, e contestou tranquilamente:

—Satanás.

Acto seguido alongou a man cunha pedra no interior do puño, e recolleu na mesma unha muller que estaba a piques de caer da escada, e colocouna outra vez onde debía estar, dicindo:

—Que parvada fixo ao camiñar cara a atrás tendo en conta onde estaba!

Aquilo colleunos de sorpresa. Si, o seu nome chocounos até tal punto que a nosa reacción inmediata foi deixar caer as pezas que estabamos a facer, que romperon contra o chan. Eran un canón, un alabardeiro e un cabalo. Satanás ceibou unha gargallada, e preguntou que nos pasaba. Eu contesteille:

—Nada, pero sorprendeunos moito ese nome nun anxo.

Preguntounos o porqué.

—Pois porque é o nome do demo.

—Claro, porque o demo é o meu tío.

Falou con absoluta tranquilidade, pero a nós deixounos por un momento sen respiración, e os nosos corazóns latexaron ao galope. Con todo, el non pareceu advertilo e recompuxo cun toque os nosos alabardeiros e demais pezas rotas, entregóunolas xa acabadas e dixo:

—É que non vos acordades de que el foi en tempos un anxo?

—Si, é certo —dixo Seppi—. Non caera niso.

—Antes da caída, o seu comportamento foi sempre irreprochable.

—Si —asegundou Nikolaus—, até daquela non tiña pecado.

—A nosa familia échevos moi distinguida —dixo Satanás—, non hai outra mellor. El foi o único da estirpe que pecou.

Non teño forma de expresar a ninguén o moi emocionante que para nós resultaba aquilo. Xa coñece o lector esa especie de estremecemento que o percorre a un cando presencia un espectáculo tan sorprendente, encantador e marabilloso que fai que flúan asemade o xúbilo e o pavor. Os ollos dilátanse, os beizos quedan enxoitos e a respiración sae entrecortada, pero por nada do mundo quererría

un atoparse en ningunha outra parte, senón alí mesmo. Tiña a miña pregunta na punta da lingua e a duras penas lograba contela, pero sentía vergoña de formularlla; podía tomala por unha ofensa. Satanás, que estivera fabricando un touro, deixouno no chan, miroume riseiro e dixo:

—Non sería unha ofensa, e aínda que o fose, eu estou disposto a perdoala. Que se o vin? Si, milleiros de veces. Dende a época na que eu era un cativo de mil anos de idade fun o segundo favorito seu entre os anxos do anxelinato do noso sangue e da nosa liñaxe, por dicilo cunha frase humana e comprensible. Si, dende aquela até a caída, oito mil anos despois segundo a vosa escala temporal.

—Oito mil!

—Si!

Deu a volta e ollou para Seppi. Seguiu falando como contestando un pensamento que Seppi tiña na cabeza:

—Naturalmente que eu parezo un raparigo, porque, en efecto, son un raparigo. O que vós chamades tempo é entre nós unha cousa moi ampla. Necesítase un grandísimo espazo temporal para que un anxo chegue ao seu estado de madureza.

Xurdiu no meu cerebro unha pregunta, e el volveuse cara a min e contestoume:

—Teño dezaseis mil anos, contando como vós contades.

Logo volveuse cara a Nicolás e dixo:

—A caída non me afectou a min, nin a ningún máis dos meus parentes. Foi tan só aquel cuxo nome levo eu quen comeu do froito da árbore e quen logo, con trampulladas, fixo que tamén comesen o home e mais a muller. Nós, os demais, seguimos ignorando o pecado. Somos incapaces de pecar. Vivimos sen mancha, e permaneceremos sempre así.

Mentres isto dicía, encerelláronse nunha pelexa dous dos pequenos traballadores, e lanzáronse o un contra o

outro maldicións e improperios cos seus fíos de voz que parecían zunidos de abellón; chegaron logo ás mans e correu o sangue; por último, enleáronse nunha loita a vida ou morte. Satanás estendeu a man e esmagounos cos dedos, deixounos sen vida, arreboloun os lonxe de si, limpou o sangue co pano e seguiu falando no punto no que o deixara:

—Nós non podemos facer o mal, e nin sequera estamos capacitados para facelo, porque ignoramos en que consiste o mal.

Aquelas palabras soaban dun modo estraño en semellantes circunstancias, pero nós nese instante apenas reparamos nisto, porque tiñamos pena e estabamos aterrados logo do asasinato que acababa de cometer, porque asasinato era en toda a extensión da palabra, sen paliativos nin escusas, porque aqueles homes non lle faltaran ao respecto de ningunha maneira. Doeunos, porque o queriamos ben, e pareceunos un mozo moi nobre, fermoso e xeneroso, e creramos francamente que era un anxo. E agora viámolo cometer unha acción tan cruel coma aquela! A nosa forma de miralo mudou de vez, e pensar que até daquela o tiñamos nun pedestal!

Seguiu falando coma se nada, contándonos as súas viaxes e as cousas de interese que vira nos enormes mundos dos nosos sistemas solares e nos doutros sistemas solares, lonxe, no máis remoto do espazo. Falou tamén dos costumes dos seres inmortais que habitan naqueles lugares, fascinounos, enfeitizounos, encantounos a pesar da escena lamentable que tiñamos diante dos ollos, porque as donas dos defuntos descubriran os seus corpos esmagados e deformados, e choraban sobre eles, afogaban entre laios e saloucos mentres un sacerdote axeonllado e coas mans cruzadas por riba do peito rezaba. Congregáronse ao seu redor amigos e coñecidos apesarados, cos sombreiros na man en sinal de respecto. A moitos deles escorregábanlles

as bágoas polo rostro, pero Satanás non prestou atención a aquela escena até que o lixeiro ruído dos saloucos e das pregarias lle resultou molesto. Entón estarricou o brazo e levantou coa man a pesada táboa que servía de asento na nosa randeeira para despois deixala caer con forza e de modo que esmagase a xente contra a terra, coma se fosen moscas, e seguiu falando coa mesma naturalidade.

Un anxo que matara un sacerdote! Un anxo que descoñecía a maneira de facer o mal e que aniquilaba a sangue frío centenares de pobres homes e mulleres indefensos que ningún dano lle fixeran! Sentimos repulsa perante aquela fazaña espantosa, pensando que ningunha daquelas pobres criaturas estaba preparada para morrer, agás o sacerdote, porque ningunha delas tivera ocasión na súa vida de ouvir a santa misa e de ver unha igrexa. E nós eramos testemuñas daquilo. Nós viramos como se cometeran aqueles asasinatos, e o noso deber era denuncialos e deixar que a lei seguise o seu curso.

Pero el continuou ao seu, falando sen interrupción. Recomezou cos seus encantamentos sobre nós con aquela música fatal da súa voz. Fíxonos esquecelo todo, non podiamos facer outra cousa que escoitalo, sentir amor por el, sentirnos escravos de seu e deixar que fixese connosco o que se lle antollase. Embebeunos co gozo de estarmos na súa compaña, de mirarmos dentro do ceo dos seus ollos, de sentirmos a éxtase que nos corría polas veas ao contacto da súa man.

Capítulo III

O forasteiro vírao todo, estivera en todas partes, sabíao todo e non se esquecía de nada. O que para outros requiría concentración e estudo, el aprendíao dunha ollada. Para el non existían dificultades. E cando falaba das cousas parecía que as vivise un alí mesmo. O estraño presenciara o nacemento do mundo, a creación de Adán, o modo no que Sansón se agarrara ás columnas e reducira a ruínas o templo ao seu redor, presenciara a morte de César. Contounos a vida que levaba no ceo, como vira os condenados retorcerse no lume do inferno. Manifestounos isto e máis, e parecía coma se aquilo ocorrese diante dos nosos propios ollos. Podiámolo sentir, mais para o narrador non semellaba outra cousa que simples entretementos. Aquelas visións do inferno, aqueles pobres pícaros, mulleres, mozas, mozos e homes vociferando e suplicando angustiados, e nós que case non o dabamos aturado, pero el permanecía tan impasible coma se se tratase dun fato de ratas de xoguete caídas nun lume artificial.

E sempre que falaba dos homes e mulleres e dos seus actos máis grandiosos e sublimes, nós sentiámonos secretamente avergoñados, porque da maneira na que o dicía deduciamos que para el eses homes e mulleres e os seus actos eran cousas de moi pouca importancia. Ás veces un chegaba a crer que estaba a falar de insectos.

Nunha ocasión chegou a dicir, con estas mesmas palabras, que os que viviamos aquí abaixo eramos para el xentes moi importantes, malia que eramos torpes, ignorantes, triviais, vaidosos, febles e ruíns, pobres e sen valor. Dicíanolo como a cousa máis corrente, sen amargura, coma quen fala de ladrillos, esterco ou de calquera outra cousa intranscendente e sen sentimento. Eu dábame de conta de que el non quería molestar, mais con todo parecéronme as súas formas demasiado rudas.

—Rudas? —dixo el—. É simplemente a verdade, e dicir a verdade é de por si o correcto; a compostura é finxida. Xa está terminado o castelo. Gústavos?

Tiña que nos gustar, por forza. Era xeitoso, fino e elegante, perfecto en todos os seus detalles, até nas bandeirolas das torres. Satanás dixo que agora tiñamos que pór en posición a artillaría, o que significaba situar os alabardeiros e despregar a cabalaría. Os homes e cabalos fabricados por nós eran un espectáculo digno de verse, e non se parecían en nada ao que nós propuxemos, o cal non é estraño, porque nós non estabamos afeitos a tales cousas. Satanás dixo que nunca os vira peores. Cando ao tocalos os dotou de vida, resultou ridícula a maneira na que se movían, porque as súas pernas non tiña unha longura uniforme. Viraban e caían de bruzos, coma se estivesen bébedos, pondo así en perigo a vida de todos os demais que había ao seu redor, até que por último quedaron estomballados no chan, sen poder valerse, dando couces ao aire. Aquel espectáculo fíxonos rir a cachón a todos, aínda que era unha cousa vergoñosa de ver. Cargáronse os canóns con terra para disparar salvas, pero estaban tan mal fabricados que voaron en pedazos ao efectuaren os disparos, matando no instante algúns artilleiros e ferindo de gravidade algúns outros. Satanás dixo que se nos agradaba podería ofrecernos agora unha tempestade e un terremoto, pero que era

imprescindible que nos apartásemos unha miga para ficar fóra do raio de perigo. Quixemos que se apartasen tamén os homiños, pero el contestounos que non nos preocupásemos por eles, que non tiñan importancia, que se os necesitabamos, poderiamos fabricar máis noutro momento.

Situouse por riba do castelo unha pequena treboada, e houbo lóstregos e tronos en miniatura, e o chan empezou a estremecerse, o vento zoaba, caía a choiva e toda aquela xente correu en multitude buscar refuxio na fortificación. A nube foise facendo cada vez máis negra, até o punto de que xa apenas podía distinguirse o castelo a través dela. Un tras outro, foron caendo os raios, que atravesaron o castelo e lle prenderon lume; por entre a nube brillaron vermellas e furiosas as chamas; a xente que se refuxiou dentro saíu a berros, pero Satanás varreunos cara a atrás, facendo caso omiso das nosas súplicas, prantos e rogos. No medio daquel ventar e tronar, formouse un nubeiro de voaxa, e un terremoto abriu unha ancha fenda no chan, e os restos e ruínas do castelo rodaron abismo abaixo, acabando con todas aquelas vidas inocentes e sen que se salvase nin unha soa das cincocentas pobres criaturas. Tiñamos os corazóns rotos, non puidemos menos que chorar.

—Non choredes —dixo Satanás—. Non valían ren.

—Pero é que irán ao inferno!

—Iso non importa, podemos facer moitos máis.

Foi inútil que tentásemos acordar nel a compaixón. Era evidente que carecía por completo de sentimentos e que non conseguía comprendernos. El, en troques, estaba entusiasmado e tan alegre coma se aquilo fose unha voda e non unha desfeita infernal. Quería ademais que nós compartísemos o seu estado de ánimo e, como era de esperar, a súa maxia logrou ver cumprido o seu desexo. Non lle era en absoluto difícil, lograba facer de nós o que quería. Ao pouco, estabamos nós bailando enriba daquel sepulcro

entrementres que el tocaba un instrumento descoñecido e marabilloso que quitara do peto. No tocante á música, poida que non haxa no mundo outra igual, se cadra si no ceo, e de alí debeu traela, ou iso nos dixo. Volvíao a un tolo de pracer escoitar aquelas melodías, non podiamos prescindir da compaña daquel mozo, e as miradas que dos nosos ollos saían procedían directamente dos nosos corazóns, e a súa linguaxe muda equivalía a unha adoración. Tamén do baile dixo que o trouxera do ceo, e diríase que do paraíso.

Nun momento dado dixo que tiña que ir facer un mandado. Aquela idea resultounos insoportable; aferrámonos a el e suplicámoslle que non nos deixase. Isto agradoulle, e díxonolo, asegurándonos que non marcharía aínda e que agardaría un pedazo máis, de modo que podiamos sentar e falar algúns minutos. Díxonos que o único nome de verdade que tiña era Satanás, pero que desexaba que só nós lle chamásemos así, e que elixira outro nome para que lle chamásemos cando estaban presentes outras persoas. Era un nome vulgar, como calquera dos que leva a xente: Philip Traum.

Que raro e que pobre soaba para un ser coma aquel! Pero era unha decisión del, e nada obxectamos. Así o quería el, e basta.

Aquel día viramos prodixios. As miñas cavilacións comezaron a xirar ao redor da satisfacción que para min suporía poder relatar todo aquilo cando volvese á casa, pero Satanás leume o pensamento e dixo:

—Non. Todos estes asuntos deben quedar entre nós os catro. Non me importa que tentedes contalos, se así vos prace, pero eu protexerei as vosas linguas e non escapará nada que garde relación coa esencia do segredo.

Aquilo era unha desilusión, e custounos aceptalo. Así a todo, quedamos parolando nun ambiente agradable. El lía

os nosos pensamentos e contestaba, a min pareceume que era esa a marabilla máis grande de todas cantas fixera, pero interrompeu as miñas meditacións e dixo:

—Non. Para ti resulta marabilloso, pero non para min. Eu non me acho suxeito ás condicións humanas. Sei medir e comprender as debilidades dos homes, porque as estudei. Mais non teño ningunha delas. A miña carne non é real, malia que vos pareza consistente ao tacto, a miña roupa non é tampouco auténtica. Eu son un espírito. O padre Peter vén aí –miramos pero non vimos a ninguén–. Aínda non é visible, pero axiña o veredes.

—Coñécelo, Satanás?

—Non.

—E non quererás falar con el cando chegue? Non é un home ignorante e de poucas luces coma nós, e abofé que lle ha gustar falar contigo. Faralo?

—Noutra ocasión si, mais non agora. Dentro dun momento terei que ir realizar a encarga. Alí está xa. Podédelo ver. Permanecede sentados e calados coma petos.

Erguemos o ollar e reparamos no padre Peter, que se achegaba por entre os castiñeiros. Nós os tres estabamos sentados xuntos no céspede, e Satanás diante de nós, no camiño. O padre Peter achegouse devagar, coa cabeza gacha, meditabundo, e detívose ante de chegar onda nós. Sacou o chapeu, quitou del un pano de seda e enxugou a cara. Diríase que quería falar connosco, pero non o fixo. Murmurou para si: «Eu non sei que é o que me trouxo aquí, teño a impresión de que hai un minuto estaba no meu despacho, aínda que supoño que debo estar nun soño e que recorrín todo este treito sen me dar de conta. Nestes tempos de dificultades, xa non son o mesmo».

Seguiu movendo a boca en silencio, como falando para o seu chaleco. Avanzou polo carreiro a través de Satanás, coma se alí non houbese ninguén. Ao ver aquilo quedamos

sen respiración. Sentimos o impulso de berrar, como cando acontece algo extraordinario e desacougante, pero o misterio contívonos e fixo que permanecésemos calados, aínda que coa respiración máis apresurada, iso si. Daquela, o padre Peter quedou tapado polas árbores, e Satanás dixo:

—Tal e como volo dixera. Eu non son máis ca un mero espírito.

—Si, agora nos decatamos —dixo Nikolaus—, pero nós non somos espíritos. É evidente que el non reparou en ti, pero e en nós? Tamén nós lle somos invisibles? Porque mirar si mirou para aquí e pareceu que non reparou en nós.

—En efecto, ningún de nós foi visible para el, porque así o quixen eu.

Aquilo parecía demasiado estraño para ser certo, refírome a que estivésemos, en efecto, presenciando cousas tan novelescas e marabillosas, e que non fose todo o resultado dun soño. Alí seguía el, sentado, co aspecto exterior de calquera outra persoa, completamente natural, sinxelo, encantador e laretando outra vez o mesmo ca antes. A dicir verdade, non é posible dar a comprender con palabras o que nós sentiamos daquela. Era éxtase, e éxtase é algo que non pode explicarse con palabras. Produce a mesma sensación ca a música, e ninguén pode falar da música de maneira que consiga transmitir a outra persoa a sensación que lle produce. Outra vez volvera a outras épocas e revivíaas connosco ao seu carón. Canto vira aquel mozo, canto! Era miralo e pensar na moita bagaxe que tiña... Era asombroso.

Perante a realidade daquel mozo, sentíase un dolorosamente trivial, o mesmo ca unha criatura dun só día, e ademais un día breve e mesquiño. El non nos dicía nada que puidese levantar o noso orgullo desfalecido. Non, non nos dicía nin unha soa palabra. Falaba sempre dos homes

coa mesma indiferenza de sempre, coma quen fala de ladrillos, de esterco e de cousas polo estilo. Era evidente que para el non tiñan importancia, nin nun sentido nin noutro. Saltaba á vista que el non quería magoarnos, o mesmo que nós non tiñamos intención de ofender un ladrillo cando non lle outorgamos interese. Non significan nada para nós as emocións dun ladrillo, endexamais nos pasa pola cabeza pensar se se emociona ou non.

En certa ocasión na que amoreaba os reis, conquistadores, poetas, profetas, piratas e esmoleiros máis ilustres, todos a barullo, igual que ladrillos nunha columna, eu sentinme movido pola vergoña a dicir algo a prol do home, e pregunteille por que razón establecía el unha diferenza tan grande entre os homes e a súa propia persoa. Tivo que pensar un anaco antes de dar coa contestación, e seica non comprendía como era posible que eu lle expuxese unha cuestión tan extraordinaria. Ao cabo dixo:

—A diferenza entre o home e eu mesmo? A diferenza entre un mortal e un inmortal? Entre un home e un espírito? —agarrou coa man un insecto que reptaba por un pedazo de cortiza—. Que diferenza existe entre o César e isto?

—Non é posible facer unha comparación entre cousas que pola súa natureza e polo intervalo que as separa resultan incomparables —contestei eu.

—Acabas de responder ti mesmo á pregunta —dixo—, pero ampliarei a contestación. O home foi feito de barro. Eu mesmo vin facelo. Eu non veño do barro. O home é un museo de enfermidades, unha residencia de impurezas. Chega hoxe e mañá desaparece; empeza como lama e acaba como fedor. Eu son da aristocracia dos imperecedoiros. E o home ten o sentido moral. Comprendedes, mozos? O sentido moral. Isto por si só xa chega para establecermos unha diferenza entre nós.

Calou, coma se deixase dilucidado o asunto. Eu sentín unha dor, porque daquela só tiña unha idea confusa do que era o sentido moral. O único que sabía era que os homes estabamos orgullosos de posuílo, e ao escoitalo falar daquela maneira sobre ese sentido, quedei magoado. Tiven a mesma sensación ca unha rapariga confiada de que as súas máis prezadas roupas causan admiración que de socate escoita como uns descoñecidos están a se mofar precisamente desas vestimentas súas. Todos ficamos calados. Eu, pola miña parte, sentíame deprimido. Satanás comezou a falar outra vez, e fíxoo dunha maneira tan locuaz, alegre e vivaz, que o meu ánimo volveu reanimarse. Dixo algunhas cousas moi agudas que nos fixeron rir a gargalladas, e cando nos relataba o acontecido aquela vez na que Sansón atou uns fachos á cola das raposas para despois as soltar polos campos sementados de millo dos filisteos, mentres que el permanecía sentado nunha leira dándose palmadas nas coxas e rindo de tal maneira que lle esvaraban as bágoas polas fazulas, até o punto de perder o equilibrio e caer, a lembranza daquela escena arrincoulle a Satanás tamén unha gargallada, e todos pasamos un momento encantador e delicioso. Pouco despois dixo:

—Marcho, debo ir facer a encarga.

—Non marches! —dixémoslle todos— Non marches, queda connosco, porque xa non regresarás.

—Si que regresarei, tedes a miña palabra.

—Cando? Esta noite? Dinos cando.

—Non pasará moito tempo, xa o veredes.

—Querémoste.

—E eu a vós. Como proba do que digo vouvos facer unha exhibición. Por regra xeral, cando marcho fágoo nun santiamén, desaparezo así, sen máis, mais nesta ocasión vou disolverme a min mesmo de maneira que vós vexades o proceso.

Púxose en pé e aquilo sucedeu todo moi rapidamente. O seu corpo foi adelgazando cada vez máis, até quedar convertido nunha burbulla de escuma de xabón. Por toda a súa superficie rebuldaban e relampaban as delicadas cores da burbulla, e no medio de todas distinguíase un debuxo parecido á armazón dunha xanela. Todo o mundo viu algunha vez unha desas burbullas dar na alfombra e rebotar con lixeireza dúas ou tres veces antes de estalar. Iso foi o que el fixo. Deu un chimpo, tocou o céspede, deu outro chimpo, seguiu adiante flotando, tocou outra vez, e así sucesivamente, até que, de súpeto, puf!, estalou e xa non se viu máis nada.

Foi un espectáculo extraordinario e digno de verse. Nós non pronunciamos unha soa palabra, senón que permanecemos sentados, cheos de asombro, coma nun soño, pestanexando. Finalmente, Seppi ergueuse e exclamou entre suspiros:

—Imaxino que nada do que vimos ocorreu en realidade.

Nikolaus suspirou e dixo máis ou menos o mesmo.

Eu sentinme desilusionado ao escoitalo falar dese modo, porque expresaban o mesmo frío temor que eu tiña na miña alma. Daquela reparamos no pobre padre Peter, que regresaba camiñando paseniño coa cabeza gacha, como á procura de algo que debera andar caído polo chan. Ao chegar moi preto de nós, ergueu o ollar e reparou en nós os tres. Dixo:

—Vai moito que andades por aquí, raparigos?

—Unha miga, padre.

—Supoño que chegariades despois de pasar eu, e quizabes poidades axudarme. Viñestes se cadra por ese carreiro?

—Así é, padre.

—Moi ben. Tamén eu cheguei por aí. Escoitade: perdín a miña bolsa. Non contiña gran cousa, pero para min é

moito, aínda sendo pouco, porque na bolsa estaba canto eu posuía. Imaxino que vós non a vistes, verdade?

—Non, padre, pero conte connosco para tratar de atopala.

—Iso era o que vos ía pedir. Pero como! Velaí está!

Nós non a vimos, pero efectivamente alí estaba, no mesmo sitio que Satanás ocupara cando empezou a disolverse, se é que en realidade se disolvera e non fora todo unha mera ilusión. O padre Peter recolleuna e deu mostras de acharse moi sorprendido.

—A bolsa é a miña —dixo—, pero non o seu contido. Esta bolsa está avultada, a miña estaba fraca. A miña era lixeira, esta pesa moito.

Abriuna. Estaba ateigada de moedas de ouro. O padre permitiunos mirala, e ben que a miramos, porque xamais viramos até entón tantas moedas xuntas. As nosas bocas abríronse a un tempo para dicir: «Isto é cousa de Satanás!», pero non demos pronunciado palabra ningunha. Estaba visto que non podiamos falar o que Satanás non quería que falásemos, xa el nolo advertira.

—Sodes vós quen fixestes isto, raparigos?

Non puidemos evitar a risa, e o mesmo lle sucedeu ao propio padre cando se decatou do disparatado daquela pregunta.

—Quen estivo aquí?

As nosas bocas abríronse para contestar, e abertas permaneceron un momento, porque se diciamos que ninguén mentiriamos, pero tampouco non nos viña a palabra exacta. Naquel momento eu dei coa fórmula, e dixen:

—Aquí non estivo ningún ser humano.

—Iso é —asegundaron os demais.

—Non pode ser —dixo o padre Peter, e fitounos—. Eu pasei por aquí hai uns intres e neste lugar non había ninguén, pero iso non significa nada. Alguén estivo aquí

despois. Non quero dicir que a persoa en cuestión pasase por este lugar antes de que vós chegásedes, e tampouco quero dicir que vós a vísedes, pero sei que alguén pasou. Dicídeme, por favor, non vistes a ninguén?

—Non vimos ser humano ningún.

—Con iso chega, sei que non me mentides.

Comezou a contar o diñeiro no chan, e nós, axeonllados, axudámolo.

—Hai mil cento e pico de ducados! —exclamou—. Quen mos dera, coa falla que me fan! —tremeulle a voz.

—Son seus, señor, seus e só seus! —exclamamos nós.

—Non, non son meus. Meus son unicamente catro ducados. E os demais...

O home caeu nunha especie de ilusión, e acariñando nas súas mans algunhas das moedas esqueceuse do lugar no que estaba. Achábase sentado de crequenas e tiña a vella cabeza branca descuberta. Pena daba velo! Por fin espertou e dixo:

—Non, non son meus. Eu non me explico como pode ocorrer isto. Quizabes algún inimigo. Con seguridade, si, trátase dalgunha trampa que me tenden.

—Padre Peter —dixo Nikolaus—, vostede non ten na aldea, nin tampouco Marget, ningún verdadeiro inimigo, quitado o astrólogo. E teña por seguro que ninguén arriscaría mil cen ducados co obxecto de lle facer unha cochada. Dígame se teño ou non teño razón no que digo.

O padre Peter non soubo responder a ese argumento, e sentiuse reconfortado.

—Pero tede en conta que aínda así estes cartos non son meus, o diñeiro non é meu.

Díxoo con expresión de desexo. Eslumecía, pola calada, por que alguén llo rebatese.

—Son seus, padre Peter, e nós somos testemuñas. Verdade que o somos, rapaces?

—Somos, si, e así o faremos saber.

—Benditos sexan os vosos corazóns. Case me tedes convencido. Si, convencéstesme. Cun centenar e pico de ducados abondaría! A miña casa está hipotecada por esa suma e se non pagamos mañá tal cantidade, non teremos acubillo para as nosas cabezas. E eu só dispoño deses catro ducados.

—Seus son todos os que hai na bolsa, e está obrigado a gardalos. Nós respondemos de que todo ocorreu honradamente. Non si, Theodor e Seppi?

Nós contestamos que si e Nikolaus ateigou de novo a vella bolsa coas moedas e obrigou a que o seu propietario as levase. O crego díxonos que disporía de douscentos daqueles ducados porque a súa casa constituía garantía suficiente desa cantidade e que o resto do diñeiro quería colocalo a xuro, até que aparecese o verdadeiro propietario; e que nós, pola nosa banda, teriamos que asinarlle un documento no que constase o modo no que chegara o diñeiro ao seu poder. Tal documento mostraríallelo el ás xentes da aldea como proba de que non saíra das súas dificultades por ningún medio ilícito nin deshonroso.

Capítulo IV

Ao día seguinte, tan pronto como o padre Peter pagou a Solomon Isaacs a súa débeda en ouro e deixou nas súas mans o resto do diñeiro a interese fixo, comezaron os comentarios. Tamén se observou un cambio simpático: foron moitos os que acudiron á súa casa para lle expresar as súas felicitacións, e houbo tamén un certo número de amigos que volveron aparecer para se mostraren cariñosos e afectuosos. Ademais disto, Marget foi convidada a unha reunión.

Todo foi explicado sen o menor misterio. O padre Peter referiuno tal e como lle acontecera, insistindo en que tampouco el non acababa de comprendelo, e que até onde alcanzaba a entender, aquilo tiña que ser cousa da Providencia divina.

Houbo unha ou dúas persoas que abanearon a cabeza e dixeron en privado que aquilo parecía máis ben obra de Satanás. Houbo quen andou ao noso redor, á espreita, tratando de coaccionarnos para que falásemos e «dixésemos toda a verdade». Prometéronnos que non llo contarían a ninguén, e que só querían saber que pasara para a súa propia satisfacción, porque todo aquel asunto resultaba extraordinariamente estraño. Chegaron mesmo a querer comprar o segredo, pagándonolo con diñeiro. Se puidésemos, inventariamos algo que viñese ben ao caso, pero non

podiamos, non tiñamos habelencia abonda para argallar unha historia tal, e non tivemos máis remedio que deixar pasar aquela oportunidade, o cal foi boa mágoa.

Non nos custou traballo manter o segredo dos cartos; pero o outro segredo, o grande, o magnífico, ese queimábanos as entrañas mesmas, ardía por saír. Eslumeciamos por deixar pampa a xente. Pero non tivemos máis remedio que gardalo tamén. En verdade, el gardouse a si mesmo. Satanás dixo que así sería, e así foi. Nós saïamos todos os días da aldea e metiámonos nos bosques para poder falar sobre Satanás. Non pensabamos noutra cousa, nada máis nos quitaba o acougo. Día e noite estabamos con Satanás a voltas, coa esperanza de que viñese, e conforme pasaba o tempo estabamos cada vez máis impacientes. Xa non sentiamos ningún interese polos demais rapaces e non participabamos nos seus xogos nin rutinas. Despois de ver a Satanás, parecíannos demasiado domesticados todos os demais. Despois das aventuras de Satanás, na antigüidade e nas constelacións, despois dos seus milagres, do seu disolverse e explotar e demais marabillas, os asuntos dos outros mozos resultaban insignificantes e vulgares.

Durante o primeiro día estivemos cheos de ansiedade por unha cousa, e a cada momento, cun pretexto calquera, presentabámonos na casa do padre Peter para lle trasladarmos o noso desacougo, referido ás moedas de ouro. Temiamos que en calquera momento desaparecese o engado e aquilo se convertese en po, igual ca as moedas dos contos de fadas. Se acontecese tal..., pero non foi o caso. Ninguén se queixou de nada ao acabar o primeiro día, e quedamos convencidos de que se trataba de ouro auténtico, e polo tanto desapareceu esa ansiedade que invadía as nosas almas.

Unha pregunta si desexabamos trasladarlle ao padre Peter, de modo que, cautelosos, despois de sortealo

xogando cunhas pallas, acudimos onda el. Unha vez alí, eu pregunteille como boamente puiden, e en realidade debo dicir que as miñas palabras non soaron tan naturais como a min me gustaría; non souben facelo doutra maneira. Así foi:

—Que é o sentido moral, señor?

O padre Peter ollou para min sorprendido por riba dos cristais das súas grandes lentes, e dixo:

—Sentido moral é a facultade que nos capacita para distinguir o ben do mal.

Aquilo algo si aclaraba, era unha luz, mais non un resplandor, e eu sentinme algo defraudado, e tamén, até certo punto, incomodado. O padre Peter esperaba que eu continuase, e por iso, non tendo máis nada que dicir, preguntei:

—E ten algún valor?

—Que se ten valor? Ceo santo, mozo! O sentido moral é o único que eleva o home por riba das bestas, o único que o fai herdeiro da inmortalidade.

Estas palabras non me suxeriron ningunha outra pregunta que facer. Xa que logo, saín de alí cos outros rapaces e afastámonos con esa sensación indefinida que todos experimentamos con frecuencia de atoparnos satisfeitos pero non saciados. Os outros rapaces quixeron que lles explicase o acontecido, pero eu tiña unha canseira considerable.

Para saírmos da casa cruzamos pola sala, e alí estaba Marget aprendéndolle a Marie Lueger a tocar a espineta. Deducíase disto que xa volvera unha das alumnas que antes a abandonaran, unha alumna que era, ademais, influente; máis tarde seguiríana as demais. Marget púxose en pé dun salto e correu a darnos outra vez as grazas, con bágoas nos ollos –e xa era a terceira vez–, por salvalos a ela e mais o seu tío de que os botasen á rúa. Nós repetímoslle que aquilo non era obra nosa, pero esa era a maneira de proceder de Marget. Endexamais cansaba de dar as grazas

por calquera cousa que un fixese por ela. Deixámola que falase a gusto.

Cando cruzabamos polo xardín batemos con Wilhelm Meidling sentado e agardando, porque se achegaba o crepúsculo e quería pedirlle a Marget que fose pasear con el pola beira do río cando terminase de impartir a lección. Wilhelm era un avogado novo, que comezaba a prosperar e a se abrir camiño engorde. Gustáballe moito Marget, e viceversa. Non se retirara coma os demais, senón que durante todo aquel tempo a defendera no seu terreo. Marget, así como tamén o seu tío, tiveran moi presente aquela lealdade. O mozo non era precisamente un talento, pero si un bo e bondadoso rapaz, adxectivos que de seu son xa unha especie de talento e que axudan a tirar para adiante na vida. Preguntounos que tal marchaba a lección, e nós contestámoslle que estaba a piques de finalizar. Se cadra era certo o que diciamos, aínda que o dixeramos á toa, por non estar calados, crendo que tal resposta sería do seu agrado, como en efecto foi, e a nós non nos custaba nada.

Capítulo V

Ao cuarto día chegou o astrólogo procedente da súa vella torre do fondo do val, onde, segundo eu creo, soubo a noticia. Conversou en segredo connosco, e dixémoslle o que puidemos dicirlle, porque nos inspiraba gran terror. O home quedou un intre matinando sobre as nosas palabras, e logo preguntou:

—Cantos ducados vistes vós?

—Mil cento sete, señor.

A seguir, coma se estivese a falar consigo mesmo, dixo:

—Que cousa máis curiosa! Si, que é curioso, si. Unha rara coincidencia.

Comezou daquela a facernos preguntas sobre todo o que xa falaramos, e nós contestámoslle. De súpeto dixo:

—Mil cento seis ducados. É unha suma considerábel.

—Sete —corrixiu Seppi.

—Sete? Está claro que un ducado arriba ou abaixo non ten importancia, pero antes dixerádesme mil cento seis.

Entrañaba perigo para nós dicirlle que se enganaba, e ademais el sabía que se enganaba, estabamos seguros. Con todo e iso, Nikolaus dixo:

—Perdóenos vostede o erro, quixemos dicir sete.

—Non ten importancia, mozo. Díxeno principalmente para que saibades que eu poño atención no que se me di. Pasaron varios días, e é normal esperar que non vos

acordedes con exactitude. Esas inexactitudes poden darse con facilidade cando non existe ningún detalle especial que axude a gravar na memoria a conta do diñeiro.

—Pero si que o houbo, señor —dixo Seppi con notable ansia.

—E logo cal foi, fillo? —preguntou o astrólogo, simulando non darlle importancia.

—En primeiro lugar, todos nós contamos os cartos, moeda a moeda, e todos cadramos na mesma cantidade: mil cento seis. Pero eu, por broma, deixara caer un ducado ao empezar o reconto, e cando terminou, volvino colocar cos demais, e dixen: «Creo que nos equivocamos. Son mil cento sete, contémolos outra vez». Así o fixemos, e abofé que eu estaba no certo. Os demais quedaron asombrados. Entón díxenlles o que fixera.

O astrólogo preguntounos se era certo, e nós dixémoslle que si.

—Iso deixa dilucidada a cuestión —dixo—. Agora xa coñezo o ladrón. Mozos, ese diñeiro foi roubado.

Tan pronto como dixo estas palabras marchou, e todos ficamos moi turbados, e preguntándonos que significaría aquilo. Soubémolo ao redor dunha hora despois. Para daquela correra xa por toda a aldea a nova de que o padre Peter fora encarcerado por lle roubar ao astrólogo unha gran suma de diñeiro. Todo o mundo botaba a lingua a pacer. Aseguraban moitos que un acto semellante non correspondía co carácter do padre Peter e que tiña que se tratar dun erro, pero os demais abaneaban a cabeza a un e outro lado, dicindo que a miseria e a necesidade eran capaces de arrastrar un home a case calquera cousa. Sobre un detalle non existían diverxencias: conviñan todos en que o relato que fixera o padre Peter da maneira na que o diñeiro chegara ás súas mans era completamente inaudito; aquilo resultaba imposible visto dende calquera ángulo. Atopar

diñeiro daquela maneira era algo que podía acontecerlle ao astrólogo, mais nunca ao padre Peter!

O noso crédito esvaecíase. Eramos as únicas testemuñas do padre Peter. Canto nos pagara, debían de pensar, para que apoiásemos a súa fantástica invención? A xente interpelábanos dese modo con toda liberdade e despreocupación, e cando nós lles insistiamos en que nos cresen, que só contaramos a verdade, dirixíannos toda clase de burlas. Quen peor nos trataban eran os nosos propios pais; dicían que estabamos deshonrando as nosas familias; ordenábannos que nos purgásemos da nosa mentira, e cando nós teimabamos en que dixeramos a verdade, a súa irritación non coñecía límites. As nosas nais apreixábannos chorando e suplicábannos que devolvésemos o diñeiro do suborno, para recuperar a honra do noso nome e salvar as nosas familias da vergoña, dando a cara e confesando honradamente. Acabamos por sentirnos tan aburridos e acosados, que tentamos referilo todo, incluído Satanás, pero non, non nos daban saído as verbas. Durante todo aquel tempo esperamos con devezo que viñese Satanás e nos axudase a saír do apuro, pero nin rastro del.

Unha hora despois de o astrólogo falar connosco, o padre Peter fora encarcerado, e o diñeiro quedara nas mans dos funcionarios da lei. O diñeiro estaba dentro dunha caixa, e Solomon Isaacs afirmou que el non o tocara des que o contara; fíxoselle xurar que se trataba do mesmo diñeiro, e que o total ascendía a mil cento sete ducados. O padre Peter reclamou que o xulgase un tribunal eclesiástico, pero o outro sacerdote da aldea, o padre Adolf, dixo que o tribunal eclesiástico non exercía xurisdición sobre os sacerdotes suspendidos. O bispo apoiou a súa opinión. Polo tanto, así foi como quedou definitivamente resolto que o caso tería a súa vista perante un tribunal civil. O tribunal tardaría aínda algún tempo en reunirse. Wilhem Meidling

exercería a defensa do padre Peter, pondo todo canto estaba da súa parte, pero díxonos en segredo que as perspectivas eran malas porque as argumentacións pola súa parte non eran sólidas, e porque todo o poder e os prexuízos estaban da parte contraria.

A renovada felicidade de Marget morreu ao pouco de nacer. Ningún amigo acudiu a lle dar as súas condolencias, mais tampouco ela esperaba que ninguén o fixese. Unha carta sen asinar deu por nula a invitación á festa. Xa non se presentarían alumnas a recibir lecciónns. Como argallaría para poder pagar o sustento? Podía permanecer na casa, porque a hipoteca fora levantada, aínda que quen de momento tiña o diñeiro na man era o Goberno, e non o pobre Solomon Isaacs. A vella Ursula, cociñeira, doncela, ama de chaves, lavandeira e todo canto había que ser para o padre Peter, ademais de ser outrora a coidadora de Marget, dixo que Deus a provería do necesario. Pero se o dixo foi pola inercia do costume, porque era unha boa cristiá. Abofé que ela tiña intención de colaborar nesa provisión, sempre que dese coa maneira de facelo.

Nós, os raparigos, quixemos ir visitar a Marget para lle demostrar a nosa amizade, pero os nosos pais temían ofender a comunidade e non nolo permitiron. O astrólogo ía de casa en casa encirrando a todos contra o padre Peter. Aseguraba que era un ladrón empedernido e que lle roubara mil cento sete ducados en ouro. Aseguraba que por ese detalle tiña a seguridade de que o padre Peter era o ladrón, posto que o montante se correspondía xustamente coa cantidade que el perdera e que o padre Peter dicía que «atopara».

Na tarde do cuarto día despois da catástrofe presentouse a vella Ursula na nosa casa e pediu que lle desen algo que lavar, rogándolle á miña nai que gardase o segredo para non ferir o orgullo de Marget, por que se esta o descubría,

prohibiríallo, por moito que a Marget lle faltasen alimentos e estivese cada día máis débil. Tamén Ursula ía por ese camiño da febleza, e deuno a entender: comeu todo canto se lle ofreceu, vítima dunha fame negra. Pero non houbo modo de convencela para que levase para a casa algúns alimentos, porque Marget non comería nada que viñese da caridade. Levou unha pouca roupa ao río para lavala, mais dende a xanela puidemos ver que non tiña forza abonda para manexar o pau. En vista disto, fixémola volver e ofrecémoslle algo de cartos, que ela se resistía a aceptar por medo a que Marget sospeitase algo. Non obstante, finalmente si os aceptou, e comentou que lle diría a Marget que os atopara no chan do camiño. Para que non fose mentira e non se condenase a súa alma, fixo que eu os deixase caer no firme mentres ela non miraba. A seguir pasou por diante do diñeiro, atopouno, lanzou exclamacións de sorpresa e de gozo, recolleuno e afastouse de alí. Ursula, do mesmo xeito que todo o resto da aldea, era capaz de soltar con bastante rapidez mentiras correntes sen preocuparse do lume e do xofre. Mais esta era unha mentira distinta, nova, e tiña un aquel de certo perigo, porque aquela muller carecía de práctica. Se practicase unha semana, xa a cousa sería distinta e non habería problema. Así é como estamos feitos.

Eu estaba realmente perplexo: preguntábame como ía vivir Marget. Non era posible que Ursula atopase todos os días unha moeda na estrada. Quizais nin sequera podería repetir o achado. Sentíame, ademais, avergoñado por non achegarme onda Marget, agora que tan necesitada estaba de amigos. Pero a este respecto eran os meus pais quen tiñan a culpa e non eu, que nada podía facer para evitalo.

Triste, ía polo carreiro cando experimentei unha sensación reconfortante, alegre, como de cóxegas, unha especie de gurgullar interior, e tan alegre que non me é posible

explicalo con palabras, porque comprendín por ese sinal que Satanás estaba preto. Si, un instante despois tíñao xunta min. Conteille todas as miñas dificultades e o que ocorrera con Marget e mais co seu tío. Mentres falabamos, dobramos unha esquina e reparei na vella Ursula descansando á sombra dunha árbore. Tiña no colo unha gata fraca e vagabunda, e aloumiñábaa. Pregunteille de onde a sacara, e ela contestou que saíra dos bosques e que o animal fora tras dela. Dixo que era bastante probable que non tivese nai nin amigos, e que ía levala para a casa para coidala. Satanás díxolle:

—Teño entendido que é vostede moi pobre. Por que suma vostede outra boca máis que manter? Por que non lla dá a algunha persoa rica?

Ursula encolleuse toda ao ouvir aquilo.

—Se cadra querería vostede quedar co animal —dixo—. Seguramente é vostede rico, a xulgar pola finura das súas roupas e polos seus aires de distinción... Dárllelo aos ricos —engadiu burlona—, vaia unha ocorrencia! Os ricos non se preocupan de ninguén que non sexa eles mesmos. Só os pobres se compadecen doutros pobres, e axúdanos. Os pobres e Deus. Deus proverá as necesidades deste animaliño.

—En que se basea vostede para crelo así?

Os ollos de Ursula enchéronse de ira:

—Porque o sei! —dixo—. Non hai pardal que caia ao chan sen que El o vexa.

—Ben, pero caer cae. Que se adianta con velo caer?

As mandíbulas da vella Ursula movéronse. Estaba arrepiada, e non puido articular palabra. Cando ao cabo logrou dominar a súa lingua, bramou:

—Lisque de aquí. Vaia atender os seus asuntos, ou terei que lle magoar as costelas cun garrote!

Eu non podía falar de tan asustado que estaba. Sabía que, de acordo coas súas ideas sobre a raza humana, para

Satanás non tiña importancia deixala alí seca, aniquila-la de vez, porque «quedaban moitas máis», pero a miña lingua non se moveu. Foime imposible facerlle ningunha advertencia. Nada ocorreu, malia todo. Satanás permaneceu tranquilo, indiferente. Supoño que lle outorgaba tan pouca importancia a que Ursula o insultase coma o rei que é insultado por un escaravello das patacas. Ao pronunciar as súas últimas palabras, a anciá púxose en pé dun chimpo, e fíxoo con tanta soltura coma se fose unha moza. Moitos anos transcorreran dende a última vez que realizara un movemento así. Era a influencia de Satanás. Alí onde este se presentaba, era coma unha brisa refrescante para os débiles e os enfermos. A súa presenza afectou mesmo a gata enmagrecida, que saltou ao chan e comezou a perseguir unha folla. Aquilo sorprendeu a Ursula, quen quedou ollando para o animal e asentiu coa cabeza, marabillada, esquecéndose por completo do seu arrebato anterior.

—Pero que lle deu a este animal? —exclamou—. Hai un intre apenas si podía camiñar!

—E logo vostede non viu nunca unha gata desa raza —dixo Satanás.

Ursula non tiña intención de mostrarse amiga co burlón forasteiro. Mirouno con aspereza e retrucoulle:

—Quen lle dixo a vostede que podía vir aquí e molestarme? Iso me gustaría a min saber. E de onde lle consta a vostede o que eu vin ou deixei de ver?

—Vostede non viu nunca unha gata que tivese as pugas da lingua apuntando cara a adiante, a que non?

—Non, nin vostede tampouco.

—Pois ben, examine ese gato e verá.

Ursula recuperara un pedazo da axilidade perdida, e a gatiña aínda máis ca ela, polo que non lle foi posible agarrala, e tivo que renunciar no seu empeño. Daquela, Satanás díxolle:

—Chámelle vostede cun nome, e malo será que non lle acuda.

Ursula amentou varios nomes; o animal non respondía.

—Chámelle vostede Agnes. Ténteo.

Así o fixo. O animal virou e achegouse. Ursula miroulle a lingua e dixo:

—Ceo santo, é certo! Nunca até agora vira eu un gato desta clase. É seu?

—Non.

—Daquela como pode coñecer vostede o seu nome?

—Porque todas as gatas desta raza se chaman Agnes. Non responden a ningún outro nome, só a ese.

Ursula quedou pampa.

—Que cousa máis extraordinaria! —dixo, e na faciana quedoulle unha sombra de turbación, a turbación que espertan as supersticións; pousou o animal no chan, contra a súa vontade.

—Imaxino que terei que deixalo marchar. Non é que me asuste, non. Non se trata diso, aínda que o cura... A verdade, ouvín dicir, a moita xente ademais, que o animal está xa perfectamente e pode amañarse sen problemas –Ursula saloucou e murmurou–. Con todo, é unha gata ben linda, serviume de moi boa compañía, e a casa, nestes momentos de turbación, está moi triste e solitaria, coa señorita Marget, tan aflixida, convertida nunha sombra de si mesma, e o vello amo preso no cárcere.

—Si que parece unha mágoa non quedar con ela —dixo Satanás.

Ursula virou ás présas, coma se estivese a esperar que alguén a animase.

—Por que? —preguntou ansiosa.

—Porque esta raza trae boa sorte.

—Ai, si? É iso certo? Vostede, mozo, como é que o sabe? De que maneira trae boa sorte?

—Cando menos, trae diñeiro.

Ursula pareceu desilusionada.

—Diñeiro? Como vai un gato traer diñeiro? Que ocorrencia! Aquí non habería modo de vendela, a xente de aquí non compra gatos. O seu traballo custa que os acepten mesmo regalados —dixo Ursula, e deu media volta para marchar.

—Non me refiro a vendelo. Refírome a que produza ingresos. Esta clase de gatos recibe o nome de Gatos da Boa Sorte. O seu propietario atopa todas as mañás no seu peto catro moedas de prata.

Vin asomar a indignación na faciana da vella. Considerábase insultada. Aquel rapaz estaba a burlarse dela. Iso pensaba. Levou as mans aos petos e ergueuse para rifar con el. Tiña o xenio revirado e estaba irritada. Abriu a boca e pronunciou tres palabras dunha frase agresiva, pero calou no acto, e a expresión irada do seu rostro transformouse en sorpresa, abraio, temor ou algo polo estilo. Sacou amodo as mans dos petos, abriunas e estendeunas. Nunha delas levaba a moeda miña, e na outra víanse catro moedas de prata. Permaneceu uns momentos mirándoas atónita, quizais temorosa de que as moedas de prata se evaporasen, e logo clamou con fervor:

—É certo, é certo, e eu estou avergoñada, e pido perdón. Oh, amo querido e benfeitor meu!

Abalanzouse sobre Satanás e bicou a súa man unha e outra vez. É costume en Austria.

Aló no fondo se cadra coidou que se trataba dunha gata bruxa que seguía os designios do demo. Tanto tiña. Dáballe unha certeza maior de que cumpriría co seu labor fornecendo decotío do necesario para a familia, porque en asuntos de finanzas até os máis beatos dos nosos campesiños confían máis nun arranxo co diaño ca nun cun arcanxo. Ursula marchou para a casa levando no colo a gata Agnes,

e eu desexei para os meus adentros gozar do privilexio de visitar a Marget.

De socate, tiven que conter a respiración, porque estabamos alí, na sala, e Marget ollaba para nós atónita. Estaba débil e pálida, mais eu estaba certo de que semellante estado non duraría ao andar por alí Satanás, como efectivamente foi que sucedeu. Eu presentei a Satanás, é dicir, presenteino como Philip Traum. Tomamos asento e conversamos. Conversamos sen reservas. Na nosa aldea as xentes son sinxelas, e cando un forasteiro é agradable, o habitual é amigar axiña con el. Marget preguntounos como fixeramos para entrar sen que ela se decatase. Traum dixo que a porta se atopaba despechada e que nós entraramos, permanecendo á espera até que ela saíse a recibirnos. Isto non era certo. A porta non se atopaba despechada, nós entraramos a través da parede ou do tellado, baixando pola cheminea, ou que sei eu como. Non importa. O que Satanás desexaba que crese unha persoa, era seguro que esa persoa había de crelo, de tal maneira que Marget ficou satisfeita coa explicación dada. En todo caso, Traum acaparaba xa a parte principal da súa alma, non podía ela apartar del os ollos, de tan fermoso que lle parecía. Gustoume que así fose, sentín unha certa fachenda de coñecelo. Esperei que Satanás mostrase algunhas das súas habilidades, pero non o fixo. O seu único interese pareceu consistir en mostrarse amigable e en mentir. Contou que era orfo. Isto fixo que Marget se compadecese del. Esbagoou. Contou que non coñecera a súa nai porque esta falecera cando era aínda un bebé, asegurou que a saúde do seu pai estaba moi quebrantada, e que non tiña riquezas –ningunha riqueza que tivese valor na terra–, pero que si tiña aló nos trópicos un tío ao que lle ían ben os negocios, en moi boa posición, cun monopolio. En fin, que era este tío o que provía as súas

necesidades. A simple mención dun tío bondadoso chegou para lle facer acordar a Marget o seu, e os seus ollos enchéronse outra vez de bágoas. Manifestou a esperanza de que ambos os dous tíos chegasen algún día a coñecerse. Eu emocioneime ao escoitala. Philip dixo que el tamén o esperaba, e iso deume outro calafrío.

—Poida que cheguen a coñecerse —dixo Marget—. Viaxa moito o tío de vostede?

—Xaora! Tenlle negocios en todos os lugares.

Seguiron parolando, e a pobre Marget esqueceuse por un momento das súas penas. Foi aquela talvez a única hora alegre e ditosa da que gozara ultimamente. Observei que a Philip aquilo si lle gustaba, tal como eu imaxinaba. Cando lle contou que estaba a estudar para o sacerdocio, puiden ver que ela o quixo máis ca nunca. E cando lle prometeu que conseguiría que a deixasen pasar ao interior do cárcere para visitar o tío, xa a tiña a pedir de boca. Dixo que lles entregaría aos gardiáns un agasallo, e que ela debería ir sempre despois de caer a noite e que non debía dicir ren: «Chega con mostrar este papel para pasar, e con volver mostralo á saída». Ao dicilo, fixo uns estraños borranchos no papel, e entregoullo á moza. Esta agradeceullo cumpridamente, e quedou ansiosa á espera da posta de sol, porque outrora, naqueles tempos crueis, non se permitía que os presos recibisen a visita dos seus amigos, e en ocasións permanecían moitos anos encerrados sen ver endexamais un rostro amigo. Pareceume que os sinais escritos no papel eran un encantamento e que os gardiáns non saberían o que facían nin volverían nunca lembrar o que pasara. E, en efecto, iso foi o que ocorreu. Nese instante asomou Ursula pola porta e dixo:

—Señorita, a cea está servida.

Viunos e arroibou co medo. Fíxome un sinal para que me achegase onde ela, e eu achegueime. Preguntoume se lle

dixeramos algo acerca da gata. Contesteille que non, e iso produciulle alivio e suplicoume que non dixese nada máis, porque se Marget se decataba, crería que se trataba dun animal diabólico e mandaría chamar por un sacerdote para que o purificase e en consecuencia xa non sería de ningunha utilidade. Asegureille que nada diría, e isto deixouna satisfeita.

Dispúñame a me despedir de Marget cando Satanás interrompeu e dixo con gran cortesía... En fin, non lembro as palabras exactas, pero en todo caso o que fixo foi darse por convidado e darme tamén a min por convidado para a cea. Como é natural, Marget angustiouse, porque supuña que na casa non había nin a metade dos alimentos necesarios para dar de comer a un paxaro enfermo. Ursula ouviu o que dicía e entrou dereita no cuarto, con cara de can. Ao principio quedou asombrada vendo o aspecto vivaz e a cor rosada de Marget, e así o manifestou. Logo falou no seu idioma nativo, que era o de Bohemia, e dixo, segundo souben despois:

—Señorita, teredes que despedilos, pois non temos bastante comida en casa.

Antes de que Marget puidese dicir palabra, Satanás contestou a Ursula no idioma desta, o que constituíu para ela e para a súa señora unha sorpresa. Estas foron as súas palabras:

—Non a vin eu a vostede hai un pedazo no camiño?

—En efecto, así é, señor.

—Agrádame que se lembre de min —dixo, e adiantouse cara a ela para lle falar na orella—. Xa lle dixen que é unha gata da boa sorte. Non pase vostede apuros. Ela proverá o necesario.

Estas palabras disiparon en Ursula todas as posibles preocupacións, e nos seus ollos brillou unha alegría profunda de tipo financeiro. O valor da gata aumentaba. Chegara

o momento de que Marget se dese dalgunha maneira por advertida do convite de Satanás, e fíxoo da mellor maneira, con honradez, o natural nela. Asegurou que era pouco o que tiña que ofrecer, pero que se queriamos compartilo con ela, eramos benvidos.

Ceamos na cociña, e Ursula serviu a mesa. Había na tixola un peixe pequeno, ben fritido, moreno e apetitoso. Puidemos ver que Marget non esperaba dispor dun alimento tan valioso coma aquel. Ursula serviuno e Marget repartiuno entre Satanás e mais eu, rexeitando servirse ela mesma. Comezou a escusarse en que non lle apetecía ese día peixe, pero non deu acabado a frase. E non a acabou porque viu que aparecera na tixola outro peixe. Mostrou a súa admiración, pero calou a boca coma un peto. Talvez o que lle pasaba pola cabeza é que máis tarde lle preguntaría a Ursula que era todo aquilo. Aínda se habían producir outras sorpresas, pois alí apareceron: carne, caza, viños e froitas, comidas todas que non se coñeceran nos últimos tempos naquela casa; porén Marget non deixou escapar nin unha exclamación de asombro e chegou a non manifestar o menor abraio, o cal era, dende logo, un efecto da influencia de Satanás, quen non deixaba de laretar, atendía a todo e fixo que o tempo transcorrese para todos os presentes dunha maneira agradable e alegre. Aínda que dixo unha boa cantidade de mentiras, non tiñan importancia, porque non deixaba de ser un anxo. Os anxos non distinguen o ben do mal. Sabíao porque lembraba o que el dixera a ese respecto. Insistiu no lado bo de Ursula. Dedicoulle afagos a Marget dunha maneira confidencial, pero falando en voz alta para que tamén Ursula o puidese escoitar. Dixo que era unha rapaza excelente e que esperaba poder algún día xuntalos a ela e ao seu propio tío.

Ursula non tardou en comezar a comportarse con requilorios e a sorrir dunha maneira ridícula, actuando coma

unha mociña, alisando coa man o seu vestido e bambeándose o mesmo ca unha gata vella e tola, simulando en todo ese tempo que non ouvía o que Satanás estaba a dicir. Eu sentín vergoña, porque desa maneira daba a impresión de que era certo o que Satanás pensaba de nós, é dicir, que somos unha raza idiota e trivial. Satanás dixo que o seu tío oficiaba moitas festas, e que se tivese unha muller intelixente para presidilas, duplicaría con iso os atractivos da súa casa.

—Pero o tío de vostede é un cabaleiro, non é certo? —preguntou Marget.

—Si —dixo Satanás sen darlle importancia—. Mesmo hai quen, por puro cumprimento, o trata de príncipe, pero el non ten nada de exclusivista, para el soamente conta o mérito persoal, e nada significa o rango.

Eu tiña a man pendurada a rentes do van cando se me achegou Agnes para ma lamber. Esa acción serviu para revelar un segredo. Sentín o impulso de dicir: «Todo foi un erro, esta é unha gata calquera. Os pelos que ten na lingua teñen as puntas cara a dentro, non cara a fóra». Pero non me saíron as palabras, porque non podían saírme. Satanás miroume riseiro e comprendín o que pasaba.

Chegada a noite, Marget puxo alimentos e froitas nun canastro, e acudiu a fume de carozo ao cárcere mentres Satanás e mais eu colliamos o camiño de volta á casa. Eu ía pensando que me gustaría ver como era o cárcere por dentro. Satanás descifrou ese pensamento meu, e un instante despois estabamos no interior da prisión. Satanás díxome que aquela era a cámara dos tormentos. Alí estaba o poldro e algúns outros instrumentos de tortura. Penduradas das paredes había tamén un par de candís fumarentos que contribuían a lle dar ao lugar un aspecto tenebroso e terrible. Había uns tipos, os verdugos, mais como ninguén reparou en nós, comprendín que para eles

eramos invisibles. Atado ao poldro estaba un mozo. Satanás dixo que tiñan sospeitas fundadas de que era un herexe, e os verdugos estaban prestos a interrogalo. Cominaron o home a que confesase a verdade da acusación, e el dixo que non podía facelo porque non era verdade. En vista disto, os verdugos procederon a lle chantar pequenas achas por baixo das unllas, o que provocou que o home lanzase uns alaridos de dor. Satanás non deu mostras de turbación, pero eu non puiden resistilo e tiven que ser sacado rapidamente de alí. Estaba débil e mareado, mais o aire fresco reavivoume. Camiñamos cara á miña casa. Eu dixen que aquilo me parecía unha brutalidade.

—Non, é algo propio dos homes. Non debes ofender os brutos aplicándolles sen máis a palabra brutalidade, porque non a merecen —mantivo o ton—. Así é a vosa miserable raza. Non facedes outra cousa que mentir, fachendosos sempre das virtudes que non tedes e negándollelas asemade aos animais de tipo máis elevado, que son os que non obstante si as posúen. Ningún bruto comete endexamais unha crueldade. A crueldade é monopolio de quen ten sentido moral. Cando un bruto inflixe unha dor, non o fai á mantenta, e polo tanto non comete unha mala acción; para o bruto non existe o mal. E tampouco non inflixe dor por puro gusto. Iso faino só o home, inspirado por ese ruín sentido moral de seu! A función deste sentido consiste en distinguir entre o ben e o mal, con liberdade de elixir entre os dous para actuar. Que vantaxe pode producir isto? O home pasa a vida elixindo, e en nove de cada dez casos opta polo mal. O mal non debería existir; de non ser polo sentido moral, non existiría. Así a todo, o home é unha criatura tan irracional que non alcanza a darse de conta de que o sentido moral o sitúa no plano inferior dos seres animados e constitúe unha facultade vergoñosa. Sénteste mellor? Daquela amosareiche algo.

Capítulo VI

Intres despois atopabámonos nunha aldea de Francia. Cruzamos por unha gran fábrica de non sei que na que había homes, mulleres e cativos que traballaban no medio da calor, da sucidade e dunha nube de po, e que estaban vestidos con farrapos e que andaban derreados de tanto traballo que tiñan. Estaban esgotados, famentos e débiles. Satanás dixo:

—Velaquí tes un exemplo do sentido moral. Os propietarios son ricos e moi relixiosos, pero o xornal que lles pagan a estes pobres irmáns e irmás seus alcanza só para impedir que caian mortos de fame. As horas diarias de traballo son catorce, inverno e verán, dende as seis da mañá até as oito da noite. Incluídos os pícaros, quen amais teñen que ir e vir dende os cortellos nos que viven –catro millas de ida e catro de volta–, un ano si e outro tamén, por entre os lamazais, a neve, a sarabia e mais as tormentas, e isto decotío. Dispoñen de catro horas para durmir. Viven xuntos, como unha manda de cans, tres familias por cuarto, no medio dunha sucidade e un fedor tremendos. Se chega unha epidemia morren coma moscas. Cometeron algún crime estes seres sarnosos? Non. Que fixeron para tal castigo? Nada en absoluto, agás naceren individuos da vosa estúpida raza. Viches o tratamento que lle dispensan alí, no cárcere, a un delincuente, e mira aquí como tratan

a xente inocente e honrada. Que lóxica hai nesa raza túa? Saen mellor librados os pobriños cheirentos estes ca aquel herexe? Nin moito menos. O castigo do herexe é unha chilindrada de comparármolo co dos inocentes. Despois de nós marcharmos do cárcere, a aquel desmembrárono no poldro para logo trituralo e deixalo reducido a pedazos e a vísceras. Xa morreu, liberándose así da vosa raza. Porén, estes pobres escravos de aquí levan anos morrendo día a día, e a algúns deles quédanlles aínda anos até espichar de socato. O sentido moral é o que lles aprende aos propietarios da fábrica cal é a diferenza entre o ben e o mal, e á vista tes o resultado. Téñense por mellores ca os cans. Que raza máis falta de lóxica e de razón é a vosa! Que raza máis ruín, si, que ruindade!

A continuación, renunciando a falar en serio, Satanás mofouse de nós, burlouse do orgullo que sentimos polas nosas fazañas guerreiras, os nosos grandes heroes, os nosos homes de fama imperecedoira, os nosos magnánimos reis, as nosas aristocracias de longo avoengo, a nosa Historia venerable. Ría a cachón, unha gargallada tras doutra, até o punto de que eu me sentín enfermo. Ao cabo, moderouse unha miga e dixo:

—Despois de todo, a cousa non é completamente ridícula, está revestida dunha especie de patetismo cando un lembra que escasos son os días das vosas vidas, que infantís son as vosas pompas, e que, en suma, non sodes outra cousa que sombras de vós mesmos.

De súpeto, desapareceron da miña vista todas as cousas, e axiña me dei de conta do que aquilo significaba. Un momento despois estabamos paseando pola nosa aldea. Ao lonxe, en dirección ao río, enxergamos as luces do Cervo de Ouro, que escintilaban. Ouvín un berro gozoso na escuridade:

—Xa veu outra vez!

Era Seppi Wohlmeyer. Sentira que o sangue corría a saltos polas súas veas e que o seu ánimo se exaltaba dun modo que só podía significar unha cousa: comprendeu que Satanás estaba preto, malia que a escuridade lle impedía velo. Dirixiuse cara a nós, que paseabamos xuntos mentres Seppi deixaba escapar os seus votos, o mesmo que unha fonte de auga. Era coma se o raparigo fose un namorado que acabase de atopar a súa amada extraviada. Seppi era un rapaz serio e entusiasta, dotado de viveza e de expresividade, que contrastaba coa maneira de ser de Nikolaus e tamén coa de meu. Nese momento, achábase atónito por mor do último suceso misterioso: a desaparición de Hans Oppert, o vagabundo da aldea.

—A xente —díxonos Seppi— comeza a sentir curiosidade pola desaparición.

Non dixo que a xente sentise ansiedade, non, a palabra exacta foi curiosidade, que así e todo resultaba bastante forte. Ninguén vira a Hans durante os últimos dous días.

—A verdade é que non o viron des que realizou aquel acto brutal —dixo Seppi.

—Que acto brutal? —preguntou Satanás.

—Vexamos: Hans propínalle decontino losqueadas ao seu can, un can bondadoso, o seu único amigo, un animal do máis leal que o quere ben e que xamais fai dano a ninguén. Hai dous días volveulle dar unha malleira, por nada, por puro gusto, e o can ouveaba e xemía. Theodor e mais eu suplicámoslle que se detivese, pero Hans ameazounos con volveu mallar no can con todas as súas forzas, e así foi, deulle tal golpe no ollo que llo sacou fóra da órbita, e díxonos:

—Estaredes satisfeitos, iso é o que conseguistes con vos entremeterdes —riu o moi bruto e cruel de Hans.

A voz de Seppi tremía de compaixón e asemade de xenreira. Eu adiviñei o que Satanás ía dicir:

—Outra vez sáenos ao paso a palabra equivocada, esa calumnia miserable. Non son os brutos os que actúan dese modo, son unicamente os homes.

—Foi unha acción inhumana.

—Non, Seppi, non o foi —dixo Satanás—. Foi unha acción humana, moi propia dos homes. Non resulta agradable escoitar como vertes calumnias sobre os animais superiores e lles atribúes disposicións das que carecen por completo e que só poden atoparse no corazón dos seres humanos. Ningún dos animais superiores se turba con esta enfermidade chamada sentido moral. Seppi, purifica a túa lingua. Renuncia a empregar esta clase de frases embusteiras.

Satanás falaba con moita seriedade, moita máis da habitual, e a min pesoume non advertir a Seppi para que tivese máis coidado coas palabras que empregaba. Decateime ben de cales eran nese momento os sentimentos do rapaz. Seppi non quixera ofender a Satanás. Antes preferiría ofender a súa propia raza. Houbo un momento de silencio incómodo, pero pronto chegou o alivio. Aquel pobre can achegóusenos co ollo colgando e foi dereito a Satanás. Empezou a xemer dun modo entrecortado, e Satanás contestou de idéntica maneira. Era evidente que ambos os dous conversaban na linguaxe dos cans.

Sentamos todos no céspede, baixo o luar que baixaba por entre as nubes esfiadas, e Satanás pousou nos seus xeonllos a cabeza do can e recolocoulle o ollo no seu lugar. O can sentiuse ben, rabeleou, lambeu a man de Satanás, e adoptou unha expresión de gratitude que manifestou na súa linguaxe canina. Aínda que eu non entendín as palabras, si comprendín o que o can estaba a dicir. Falaron un pouco entre eles, e despois Satanás dixo:

—Di que o seu amo estaba bébedo.

—Estaba —dixemos nós.

—E que unha hora despois o tipo se esfragou polo precipicio que hai alén do Outeiro dos Pastos.

—Coñecemos ese lugar. Dista de aquí tres millas.

—O can estivo moitas veces na aldea, suplicando que alguén fose até alí, pero a xente limitouse a escorrentalo, sen querer prestar atención ao que dicía.

Lembrámonos de que en efecto así fora, mais o que pasara era que non comprenderamos o que o can quería.

—O único que o can quería era auxiliar o home que o maltratara. Unicamente pensou niso, e nin sequera comera mentres non deu coa solución para axudalo. Montou garda cabo do seu amo durante dúas noites. Que pensades agora da vosa raza? É que está reservado o ceo para ela, mentres que ao can lle está vetada a entrada, a dicir das ensinanzas dos vosos mestres? É capaz a vosa raza de engadir nada ao catálogo das normas morais e da xenerosidade deste can?

Satanás falou co can, e este saltou cheo de felicidade e de ansiedade, seica á espera de ordes, impaciente por executalas.

—Ide en busca dalgúns homes, acompañade o can. Será el quen vos ensine onde se atopa o seu miserable amo. Levade canda vós un sacerdote para dispor todo o relativo ao seguro, porque a morte está preto.

Ao pronunciar a última palabra, desvaneceuse, con gran dor e desilusión da nosa parte. Saímos á procura dalgúns homes e do padre Adolf, e presenciamos a morte daquel home. A ninguén lle importou nada que morrese, agás ao can, que deu sinais de dor e de aflición; lambeu a faciana do defunto e non houbo modo de consolalo. Soterramos o cadáver no mesmo lugar, sen féretro, porque non tiña diñeiro nin máis amigos ca o can. De chegarmos unha hora antes, o sacerdote contaría co tempo para enviar o pobre home ao ceo, pero agora, non obstante,

era nos lumes tremendos do inferno onde terminaría, queimado por toda a eternidade. Daba verdadeira pena pensar que nun mundo onde son tantas as persoas que non saben como matar o tempo, non se dispuxese dunha hora de nada en favor daquel pobre individuo que tanto a necesitaba, e para o que esa hora supuña a diferenza entre a felicidade e a dor eternas. Isto daba unha idea asfixiante do valor dunha hora. Pareceume que xa non podería eu perder unha soa na miña vida sen sentir remorso e terror.

Seppi estaba moi deprimido e pesaroso. Dixo que era moito mellor ser can e non correr uns riscos tan espantosos. Levamos o can á casa e gardámolo coma se fose noso. Mentres camiñabamos, Seppi tivo un pensamento ben interesante que nos alegrou e nos fixo sentir moito máis satisfeitos. Dixo que o can perdoara os actos do home que tanto dano lle fixera e que se cadra por ese motivo Deus aceptaría como boa aquela absolución.

A semana seguinte presentouse moi aburrida, porque Satanás non apareceu por ningures. Non ocorría nada de importancia, e nós, os rapaces, non podiamos arriscarnos a ir de visita á casa de Marget, porque eran noites de lúa e se o tentabamos poderían descubrilo os nosos pais. Mais batemos un par de veces con Ursula de paseo polos prados da outra beira do río para que a súa gata tomase un pouco de aire fresco. Por ela soubemos que todo marchaba de marabilla. Vestía roupas elegantes e novas e tiña toda a traza da prosperidade. As catro moedas de prata diarias chegábanlle dabondo, e amais non necesitaba gastalas en comprar alimentos e outras cousas polo estilo, porque a gata coidaba de todo isto.

Marget levaba o seu abandono e illamento bastante ben, e estaba animosa grazas á axuda de Wilhelm Meidling. A moza pasaba todas as noites unha ou dúas horas no cárcere co tío, e déralle de comer grazas ás

achegas da gata. Mais sentía curiosidade por saber acerca de Philip Traum, e esperaba que eu volvese con el á súa casa. Ursula tamén sentía curiosidade por Philip e fíxonos moitas preguntas referentes ao seu tío. Os rapaces riron até fartar cando eu lles contei as babecadas que Satanás lle metera no cerebro. Non logrou que as nosas contestacións a deixasen satisfeita, porque as nosas linguas estaban atadas.

Ursula informounos do seguinte: como agora abundaba o diñeiro, contratara un criado para que a axudase nos labores da casa e lle fixese os recados. Tratou de relatarnos a nova como cousa corrente e sen importancia, pero o feito producíalle unha fachenda e unha soberbia moito máis ca notorias. Era ben curioso contemplar como disimulaba a satisfacción que lle producían tales grandezas, pobriña! Pero cando nós ouvimos o nome do criado, non soubemos até que punto Ursula fora prudente. Aínda que nós eramos novos e decote pouco reflexivos, tiñamos en certos asuntos unha percepción bastante boa. O tal criado era o mozo Gottfried Narr, un pobre ser de poucas luces pero bondadoso. Non se podía dicir nada malo del, nin pórlle ningunha tacha persoal; con todo, existían receos lóxicos porque aínda non había seis meses que caera sobre a súa familia unha vergoña e unha deshonra de tipo social: a súa avoa fora queimada por bruxa. Cando corre polo sangue dunha familia esa clase de enfermidade, non sempre se cura queimando unha soa persoa. Non era aquel o mellor momento para que Ursula e Marget se relacionasen cun membro de semellante familia, porque durante o último ano o terror ás bruxas recruara cunha violencia xamais alcanzada até daquela, segundo comentaban os aldeáns máis vellos. Bastaba a simple mención dunha bruxa para que todos desvariásemos temorosos. Era natural, porque nos últimos anos se viran máis clases de bruxas

ca as correntes. En épocas pasadas, a bruxa era simplemente unha muller vella, pero nos últimos anos houbéraas de todas as idades, mesmo nenas de oito e de nove anos. O panorama púñase tan negro que calquera podía resultar un familiar do diaño sen que tivesen nada que ver con iso a idade e o sexo. Tentaramos na nosa pequena rexión extirpar as bruxas, pero cantas máis queimabamos, máis se multiplicaba esa raza.

En certa ocasión, nunha escola para nenas a dez millas de distancia da nosa aldea descubriron as mestras que unha das pequenas tiña o lombo completamente vermello e inflamado, e asustáronse moito ao creren que aquelas eran as marcas do diaño. A pícara tamén colleu medo, e suplicoulles que non a denunciasen. Asegurou que só se trataba de pulgas, pero, como é natural, non era posible deixar nese estado o asunto. Pasaron revista a todas as nenas, e atoparon que de cincuenta había once malamente marcadas, e as demais un pouco menos. Nomeouse unha comisión, pero as once limitáronse a pedir entre saloucos que as levasen onde estaban as súas nais, e negáronse a se confesar culpables. En consecuencia, encerráronas, separadas as unhas das outras, en cuartos escuros, e déronlles unicamente de comer durante dez días e dez noites pan negro e auga. Ao cabo dese tempo, apareceron macilentas e desleixadas, cos ollos secos, e xa non volveron chorar, limitándose a permanecer sentadas e a mover as bocas pero sen querer tomar alimento.

Ao cabo, unha das mozas confesou e asegurou que ela cabalgara cadora polo aire montada no mango dunha vasoira até a noite sabatina de bruxas, nun lugar solitario no alto das montañas, e que alí bailara, bebera e celebrara orxías con varios centenares de bruxas e co Maligno, portándose todas de maneira escandalosa, inxuriando os sacerdotes e blasfemando contra Deus.

Tal foi a confesión da nena, non en forma de narración, porque era incapaz de acordarse de ningún daqueles detalles sen que antes llos fosen traendo á memoria, un tras outro. E esa foi a tarefa da comisión, cuxos membros sabían moi ben as preguntas que tiñan que lle facer, porque levaban dous séculos redactando cuestionarios para uso dos membros dos tribunais de bruxas. Eles preguntaban: «Fixeches isto e aquilo?», e a interesada contestaba sempre que si, con expresión de aburrimento e de fatiga e sen o menor interese no interrogatorio. Por iso, cando as outras dez nenas souberon que a súa compañeira confesara, confesaron tamén e contestaron si a todas as preguntas. A seguir foron queimadas todas no poste, con total xustiza, e de todo o país acudiron xentes a presenciar o acto.

Eu acudín tamén, pero cando vin que unha delas era unha mociña doce e boa coma o pan coa que eu adoitaba xogar, ao vela encadeada ao poste daquela penosa maneira, e ao reparar tamén na súa nai, que non cesaba de chorar sobre a filla e de comela a bicos agarrada ao seu pescozo, e a berros: «Oh, meu Deus, meu Deus!», aquel espectáculo pareceume tan horrendo que non puiden facer outra cousa que afastarme deseguida de alí.

Cando queimaron a avoa de Gottfried ía moi mal tempo. Estaba acusada de curar xaquecas sobando cos seus dedos a cabeza e o pescozo do paciente –así o contara ela mesma–, pero a verdade era, segundo dixeron todos, que curaba as xaquecas coa axuda do diaño. Ían examinarlle o corpo, pero ela prohibiuno e confesou sen máis que aquel poder lle viña do diaño. Sinalaron, pois, a mañá seguinte, nunha hora temperá, para queimala na praza do mercado. O primeiro en chegar foi o funcionario que tiña que lle prender o lume, e prendeuno. Despois chegou ela, custodiada polos axentes, que a deixaron alí e marcharon á busca doutra bruxa que tamén tiñan que traer. A familia

non a acompañou naquel transo, porque se a concorrencia se iraba, quizais serían inxuriados e até vítimas de lapidación. Eu achegueime e deille unha mazá. A anciá estaba aniñada cabo do lume, quentando o corpo á espera de ser queimada. Tiña os beizos e as mans cunha cor cianótica, produto do frío. Achegouse logo un forasteiro. Era un camiñante que pasaba por alí, faloulle á vella con palabras amables, e vendo que non había preto ninguén –a non ser eu mesmo–, dixo que a compadecía. Preguntoulle se era certo o que confesara, e ela contestoulle que non. O home mostrouse sorprendido e máis pesaroso aínda, e preguntou:

—Por que confesou vostede, pois?

—Son anciá e moi pobre —dixo—, e traballo para saír adiante. Non había outro recurso que confesar. Se eu non confesase, poida que optasen por liberarme, mais iso equivalería para min á ruína, porque ninguén esquecería que eu fora sospeitosa de bruxaría. Ninguén me daría xa traballo, e en calquera casa á que me achegase atouzaríanme os cans. Non tardaría en morrer esfameada. É preferible o lume, a fame mata de a pouco. Vós os dous fostes bondadosos comigo, e eu douvos as grazas.

Achegouse aínda máis ao lume e estendeu as súas mans para quentalas. As folerpas de neve caían con suavidade, devagar, sobre a súa vella cabeza branca, e máis branca aínda a puñan. Xa para daquela estaba a congregarse a multitude. Alguén arrebolou un ovo, que golpeou un ollo da vella, rompendo e esvarándolle faciana abaixo. Aquilo provocou unha gargallada.

Narreille a Satanás todo o relativo ás once nenas e á vella, mais o meu relato non lle produciu efecto ningún. Limitouse a dicir que eran cousas da raza humana e que ningunha importancia tiña o que esa raza puidese facer. Díxome ademais que el fora testemuña presencial, que a raza humana non fora creada da arxila, que fora formada

directamente da lama, ou cando menos unha parte desa raza. Comprendín que se refería ao sentido moral. Satanás captou o pensamento dentro do meu cerebro, e debeu de lle provocar algo así como unhas cóxegas que o moveron a ceibar unha gargallada. A continuación chamou por un boi que estaba a pastar, garafeteouno e falou con el. Despois dixo:

—Velaí o tes. Este non volvería tola de fame e de espanto e de soidade a ningunha nena para logo queimala por confesar cousas inventadas, e suxeridas, que xamais ocorreron. Tampouco esnaquizaría o corazón dunha pobre anciá inocente, aterrorizándoa até facer que perda toda confianza nos individuos da súa propia raza, e tampouco a insultaría na súa agonía mortal. Porque este boi non está manchado co sentido moral, senón que é coma os anxos, descoñece o mal e nunca o practica.

A pesar de ser tan encantador, Satanás sabía falar dun xeito cruel e insultante cando lle petaba, e falaba dese modo sempre que se lle chamaba a atención sobre a raza humana. Se lla mencionabamos alzaba desdeñoso o nariz e nunca, nunca, nunca, tiña para ela nin unha soa palabra cariñosa.

Como ía dicindo, nós, os rapaces, non estabamos certos de que Ursula elixise ben o momento de tomar como criado un membro da familia Narr. Si, levabamos razón: cando a xente se decatou, mostrouse naturalmente indignada. Ademais, se Marget e Ursula non tiñan suficiente para comer elas mesmas, de onde procedía o diñeiro necesario para alimentar outra boca? Tal era o que querían saber esas xentes, e para pescudar acerca de como podía ser aquilo deixaron de evitar o trato con Gottfried e comezaron a buscar a súa compaña e a conversar de maneira amigable con el. O rapaz sentiuse compracido –pero como non deu visto nada malo nin a trampa que lle estaban a

poñer?– e expresouse con toda inocencia, non mostrando maior discreción ca a dunha vaca.

—Cartos —dixo—, chéganme ben. Páganme dúas moedas de prata á semana, ademais da manutención. Asegúrovos que comen do bo, e que nin o príncipe mesmo ten a súa mesa mellor provista.

Afirmación tan asombrosa foi levada polo astrólogo até o padre Adolf certo domingo á mañá, cando regresaba para a casa despois de dicir misa. O sacerdote sentiuse profundamente afectado, e contestou:

—Será preciso investigar este asunto.

Asegurou que no fondo daquilo con certeza tiña que haber algo de bruxaría, e ordenou que os aldeáns retomasen as súas relacións con Marget e Ursula dunha maneira discreta e sen ostentación, pero que abrisen ben os ollos. Díxolles que gardasen o que visen e que non espertasen sospeitas entre a xente da casa. Ao principio, os aldeáns mostráronse remisos a entrar nun lugar tan terrible, pero o crego aseguroulles que mentres estivesen dentro da casa gozarían da súa protección e non lles ocorrería mal ningún, sobre todo se levaban con eles un pouco de auga bendita e tiñan á man os seus rosarios e as súas cruces. Isto deulles a tranquilidade necesaria. Estaban dispostos a ir. As persoas de máis baixa ralea sentíronse mesmo aguilloadas pola envexa e a maldade.

Así foi que a pobre Marget volveu gozar de compañía, e alí, inocente, quedou satisfeita coma unha gata. Era unha muller coma case todas as demais, é dicir, que tiña as condicións humanas, e que se sentía feliz nos momentos de prosperidade e algo inclinada a facer gala disto. Apreciou que a xente a tratase con agarimo e que as súas amigas e a aldea toda volvesen dedicarlle os seus sorrisos, porque talvez o feito de verse un abandonado polos propios veciños e deixado de lado sexa a cousa máis dura de soportar.

Acabaron as barreiras, e todos podiamos ir á casa de Marget, como en efecto fomos, os pais e todos, un día si e outro tamén. A gata comezou a dar de si canto podía: provía co mellor do mellor para aquelas visitas, e provía a carradas, incluso moitos pratos e clases de viño dos que aquela xente non probara nunca antes e que nin sequera coñecía polo nome, como non fose de segunda man e da boca dos criados do príncipe. Tamén a vaixela era superior á corrente.

Había ocasións nas que Marget chegaba a azorarse e acosaba con preguntas a Ursula até resultar pesada. Mais Ursula defendía o seu terreo, aferrábase a que era cousa da Providencia, e para nada mencionaba a gata. Marget sabía que nada é imposible para a Providencia, pero non podía evitar que a asaltasen certas dúbidas referidas a que este esforzo viñese de alí, aínda que sentía medo de dicilo, por temor a que isto ocasionase un desastre. Coidou que quizabes era cousa da bruxaría, pero desbotou ese pensamento, porque todo ocorrera antes de que Gottfried entrase a servir na casa e porque lle constaba que Ursula era muller piadosa e que renegaba das bruxas. Para cando chegou Gottfried á casa, xa quedara dilucidado que a cousa era obra da Providencia. Non había posibilidade de contradicir o desexo da Providencia, e todo para ela era agradecemento. A gata non rosmaba e ía e viña moi tranquila, mellorando o estilo e a prodigalidade dos seus dons a medida que gañaba en experiencia.

En toda comunidade, grande ou pequena, existe sempre unha proporción bastante considerable de persoas que non son por natureza nin ruíns nin desagradecidas, e que endexamais fan nada malo agás cando senten opresión ou medo, ou cando consideran o seu propio interese en manifesto perigo, ou por algunha outra razón non moi distinta destas. A aldea de Eseldorf tiña a súa

proporción desta clase de persoas de influencia bondadosa e benévola que se deixaba sentir de ordinario, pero aqueles non eran tempos ordinarios debido ao terror das bruxas. Polo tanto, a realidade era que parecía que non quedasen corazóns bondadosos e compasivos en todo o lugar.

Todo o mundo experimentaba terror ante o inexplicable estado de cousas da casa de Marget, e non dubidaba de que no fondo o asunto era cuestión de bruxaría. O pánico fixéraos tolear. Como é natural, había quen sentían compaixón por Marget e Ursula ao pensar no perigo que as ameazaba, pero tamén, como é natural, non o dicían, porque falar era unha imprudencia. Por iso, os demais actuaban sen contemplacións e ninguén preveu a ignorante moza e a estúpida muller nin lles foi co consello de variar a conduta. Nós, os rapaces, desexabamos previlas, pero o medo facía que recuásemos cando chegaba o instante de llelo expresar. Parecíanos que non eramos o bastante bravos para realizarmos unha acción xenerosa se esta podía crearnos problemas. Ningún de nós confesou esta pobreza de ánimo aos demais. Fixemos o que os demais farían: deixamos estar o tema e falamos de calquera outra cousa.

Eu sabía que todos nós experimentabamos a sensación de cometer unha ruindade comendo e bebendo os manxares e bebidas de Marget canda aquela concorrencia de espías, que a consentían e felicitaban, e nós tamén, vendo avergoñados o estupidamente feliz que ela era, sen lle dicirmos nin unha soa palabra para avisala. Porque era obvio que Marget era feliz. Sentíase tan orgullosa coma unha princesa e estaba moi satisfeita de contar de novo con amigos e amigas ao seu redor. E durante todo ese tempo, os que a visitaban eran todo ollos para espiar e para logo contarlle ao padre Adolf o que viran.

Mais o padre Adolf non sacaba nada en limpo de todo aquilo. Estaba claro que naquela casa se practicaba a

bruxaría, pero quen? A Marget non a sorprenderan en ningunha prestidixitación, nin a Ursula, nin sequera a Gottfried. No entanto, alí xamais escaseaban os viños nin os manxares máis finos e mellores, nin calquera outra cousa que lles dese por pedir aos convidados, que ao pouco lles sería servida. Cousa corrente en bruxas e encantadores era producir este tipo de efectos. Esa parte do asunto non resultaba nova, pero realizalo sen fórmulas de encantamento e até sen reverberacións, terremotos, raios ou aparicións, era algo novo, descoñecido e completamente anormal. Nos libros non figuraba nada igual. As cousas que eran produto de encantamentos carecían sempre de realidade. Nunha atmosfera libre de feitizos, o ouro convertíase en po, os alimentos esfumábanse, desvanecíanse. As espías trouxeron mostras. O padre Adolf fixo as súas pregarias sobre elas, así como tamén exorcismos, pero en balde. Seguiron sendo cousas tanxibles e reais, sometidas unicamente á deterioración natural, e tardaban o que era corrente en estragarse.

O padre Adolf non só estaba desconcertado, senón tamén irado, porque estas probas case o convenceran de que non se trataba de artes de bruxaría. Pero non o convenceron por completo, porque ben podía tratarse de feitizos dunha clase nova. Había unha maneira de o pór en claro: se aquela pródiga fartura de provisións non entraba na casa procedente do exterior, senón que se producía dentro da mesma, non cabía dúbida de que era cousa de bruxaría.

Capítulo VII

Marget anunciou que daría unha festa con até corenta convidados. A data sería sete días despois. Aquela era unha oportunidade magnífica. A casa de Marget estaba illada das demais e resultaba fácil establecer unha vixilancia. Foi, pois, vixiada día e noite durante a semana enteira. As persoas da casa de Marget entraban e saían, pero non levaban nada na man, e nin elas nin outras persoas trouxeron nada á casa. Confirmouse que así fora. Era evidente que non trouxeran racións para corenta convidados. Se a estes se lles daba algún alimento, tiña por forza que ser confeccionado dentro da mesma casa. É certo que Marget saía todas as noites cun canastro, pero as espías comprobaron que cando regresaba á casa o canastro volvía baleiro.

Os convidados chegaron ao mediodía, e encheron a casa. Veu despois deles o padre Adolf, e pouco despois e sen ser convidado chegou o astrólogo. As espías informaron de que nin pola parte dianteira nin pola parte de atrás da casa entraran paquetes de ningunha clase.

O astrólogo franqueou a porta e atopouse con que todos comían e bebían produtos da mellor calidade, e que a festa era alegre e buliciosa. Mirou derredor e reparou en que moitos dos bocados apetecidos e toda a froita, a do país e a estranxeira, a pesar de ser artigos que murchan aos poucos días, estaban en perfecto estado de frescura. Alí non había

aparicións, encantamentos nin tronos. O problema estaba sentenciado. Feitizos. Non só iso, senón feitizos dunha nova clase, dunha clase xamais soñada. Alí había un poder prodixioso, un poder máxico. Decidiu descubrir o segredo. O anuncio dunha cousa semellante resoaría polo mundo enteiro, alcanzaría os países máis remotos, paralizaría de asombro a todas as nacións e levaría o seu nome a todas partes, facéndoo famoso para sempre. Que sorte marabillosa, que sorte prodixiosa! Con só pensar en gloria semellante xa lle entraba o mareo.

A concorrencia abriulle paso. Marget, cortesmente, ofreceulle asento. Ursula ordenou a Gottfried que trouxese unha mesa especial para o astrólogo. Logo púxolle ela mesma os manteis e o servizo e preguntoulle que era o que quería.

—Traia vostede o que lle pareza ben —dixo o astrólogo.

Os dous criados ofrecéronlle víveres que había na despensa, e ao mesmo tempo trouxéronlle viño branco e viño tinto, unha botella de cada. O astrólogo, que se callar non vira na súa vida cousas tan refinadas, escanciou un cubil de viño tinto, bebeuno, escanciou outro, e comezou a comer con apetito.

Eu non esperaba ver alí a Satanás. Pasara máis dunha semana sen velo nin escoitar falar del, pero de súpeto presentouse. Advertino pola sensación de sempre, aínda que non podía velo por mor da concorrencia que se interpuña entre nós. Escoitei que se escusaba e estaba a piques de retirarse, pero Marget instouno a que quedase, e Satanás deulle as grazas e quedou.

Marget foino levando por todas partes, presentándoo ás rapazas, a Meidling e mais a algunhas das persoas maiores. A xente moumeaba:

—Trátase do mozo forasteiro do que tanto ouvimos falar e que non puidemos ver, porque case sempre está fóra.

—Meu Deus, querida, mira que ben parecido! Como se chama?

—Philip Traum.

—Que ben lle senta ese apelido! –téñase en conta que Traum quere dicir, en alemán, ilusión, soño–. A que se dedica?

—Disque estuda para sacerdote.

—Nótaselle a fortuna na cara. Ha chegar a cardeal.

E máis cousas polo estilo. Satanás gañou no acto as simpatías da concorrencia, e todos estaban ansiosos por que llelo presentasen para poder falar con el. Todos advertiron de súpeto a temperatura agradable e reconfortante que alí reinaba e preguntáronse pola causa, porque vían cos seus propios ollos que no exterior da casa o sol daba igual ca antes e que o ceo se achaba limpo de nubes, pero ninguén adiviñaba, como é natural, a verdadeira razón.

O astrólogo bebera a súa segunda cunca e escanciara outra máis. Deixou a botella enriba da mesa e dunha maneira accidental envorcouna. Suxeitou a botella antes de que vertese moito líquido e levantouna para mirar a contraluz. Dixo:

—Que mágoa! É un viño de reis.

E de súpeto, a súa cara iluminouse de alegría, ou de sensación de triunfo, ou do que fose, e exclamou:

—Rápido! Traede unha gran fonte.

Tróuxoselle unha na que cabía un galón. Levantou a botella de dúas pintas e empezou a verter viño, e seguiu vertendo mentres o vermello líquido caía a golfaróns, repenicando dentro da branca fonte, subindo cada vez máis de nivel polos seus costados, mentres todo o mundo contemplaba a escena co alento en suspenso, até que a fonte se encheu até os bordos.

—Ollade para a botella! —dixo manténdoa no alto—. Segue estando chea!

Eu mirei a Satanás e nese mesmo instante desapareceu. Daquela púxose en pé o padre Adolf, ruborizado e cheo de excitación. Persignouse e dixo, coa súa voz rouca:

—Esta casa está enmeigada e maldita!

A concorrencia comezou a berrar e a dirixirse en tropel cara á porta. O padre Adolf proseguiu:

—Eu comino esta casa a...!

Pero a súa frase quedou cortada. A súa cara púxose vermella, case moura, e non puido pronunciar ningunha outra palabra. Entón vin eu a Satanás, convertido nunha película transparente, infiltrarse dentro do corpo do astrólogo, e este alzou a man e dixo, na aparencia coa súa propia voz:

—Esperade, parade quietos onde estades.

Todos se detiveron.

—Traédeme un embude!

Ursula, que tremelicaba de pavor, tróuxoo, e o astrólogo colocouno no colo da botella, levantou a gran fonte e comezou a verter de novo o viño onde antes estaba. A concorrencia, abraiada, víao proceder cos ollos dilatados, porque sabían que antes de o astrólogo repor o viño dentro da botella xa esta se atopaba completamente chea. O astrólogo baleirou todo o contido da fonte dentro da botella e logo mirou cun sorriso nos beizos por toda a estancia, e dixo con indiferenza:

—Bah, isto non é nada. Calquera é capaz de facelo. Eu podo facer moito máis cos poderes dos que dispoño.

Estalou por todas partes un berro de terror:

—Oh, meu Deus, está posuído polo demo!

Abalanzáronse todos en tumulto cara á porta, quedando moi pronto a casa baleira, catar os seus moradores, Meidling e nós mesmos. Nós, os rapaces, estabamos ao corrente de todo, revelariamos o segredo se tal cousa nos for posible, pero non o era. Estabámoslle moi agradecidos a

Satanás por acudir con tan eficaz axuda no momento no que a necesitabamos.

Marget estaba pálida. Choraba. Meidling parecía petrificado, o mesmo ca Ursula, pero quen peor estaba era Gottfried, que non se tiña en pé de tan débil e asustado. Porque xa se sabe que pertencía a unha familia de bruxas, e non era nada conveniente que sospeitasen del. Nese momento entrou Agnes paseando coma se tal cousa, con expresión compunxida, e quixo refregarse contra Ursula e que esta a acariñase, pero Ursula tivo medo do animaliño e arredouse como puido, aínda que deixando ver que con iso non quería facerlle ningún desaire. Ursula sabía moi ben que non quitaba nada bo con negarlle o cariño a unha gata como aquela. Pero nós, os rapaces, tomamos nos nosos brazos a Agnes e acariñámola, pensando que Satanás se mostraría amigable coa gata. Satanás parecía ter confianza en todo aquilo que non estaba dotado de sentido moral.

Fóra da casa, os convidados atemorizados espalláronse en todas direccións e fuxiron nun estado lamentable de terror. Foi tal o rebumbio que armaron coas súas carreiras, saloucos, chíos e balbordo, que non tardou a aldea enteira en saír en multitude das súas casas para ver o que ocorrera, formándose así unha recovaxe na rúa. Apertábanse os uns contra dos outros no medio dunha grande excitación, e entón apareceu o padre Adolf e todos se abriron formando dous muros, o mesmo que cando se apartaron as augas do mar Vermello. Logo avanzou o astrólogo por aquela rúa aberta entre a xente, ás alancadas e rosmando. Por onde el cruzaba as dúas paredes de xente cedían cara a atrás en masas sólidas, sumidas nun silencio de espanto, e os seus ollos contemplábano atónitos mentres respiraban forzados os seus peitos. Varias mulleres sufriron desmaios. Cando o astrólogo pasou, a multitude xuntouse coma un

enxame, e seguiuno a certa distancia, falando con moita excitación, facéndose preguntas e pescudando os feitos. Aquel pescudar dos feitos e contalos despois aos demais, introducindo melloras nos mesmos, non tardou en agrandar a fonte de viño até convertela nunha cuba, facendo que todo o seu contido coubese na botella, que despois de todo terminou estando baleira.

Cando o astrólogo chegou á praza do mercado foi dereito onda un prestidixitador ben ataviado que mantiña seguido no aire tres bólas. Quitoullas e virou cara ao xentío que ía tras del. Dixo:

—Este pobre xograr non coñece a súa arte. Achegádevos e mirade do que é capaz un experto.

Tal dixo, tal fixo: lanzou as bólas unha despois doutra e mantívoas virando nun óvalo estreito e brillante, e logo agregou outra bóla, e outra, e outra, e moi pronto –sen que ninguén vise de onde as sacaba– foi agregando, agregando e agregando, e o óvalo foise facendo cada vez máis longo, e as súas mans movéronse con tal rapidez que formaron unha especie de trama ou de borrón, e non se distinguían como tales mans. As persoas capaces de contar dixeron que houbo un momento no que había un cento de bólas no aire. O grande óvalo xiratorio alcanzou a altura de vinte pés e chegou a formar un espectáculo marabilloso. Logo cruzouse de brazos e mandou que as bólas seguisen virando por si soas, e seguiron virando. Ao cabo dun par de minutos, dixo:

—Xa abonda.

E o óvalo rompeu e derrubouse con estrépito. As bólas espalláronse lonxe e rodaron a torto e a dereito. Onde ía unha daquelas bólas a xente retrocedía medorenta e ninguén se atrevía a tocala. Aquilo fixo que o astrólogo rise, que se burlase da xente, que lles chamase covardes e mexericas. A continuación, deu media volta e viu no aire o

cordel do equilibrista; entón dixo que as xentes idiotas gastaban todos os días o diñeiro para ver de que maneira un palleirán ignorante e zoupón degradaba aquela arte magnífica. Agora verían como traballaba un auténtico mestre. Meu dito meu feito: deu un chouto no aire e pousou con firmeza os pés por riba da tensa corda. Despois cruzouna dun lado a outro en viaxe de ida e volta saltando sobre un pé, mentres tapaba os ollos coas mans. Deseguido, púxose a dar saltos mortais cara a atrás e cara a adiante, chegando a dar un total de vinte e sete.

A xente murmuraba, porque o astrólogo era un home vello e até daquela sempre fora tardo en movementos e en ocasións mesmo algo inválido, mais agora mostraba unha axilidade tremenda coa que realizaba as súas habilidades coa maior animación. Por último, dun chimpo pousou recto o corpo no chan, avanzou cara a adiante, dobrou a esquina e desapareceu.

Nese instante aquela multitude, pálida, silenciosa e sólida, deixou escapar un salaio e miraron os uns para os outros, coma se dixesen: «Foi real? Viuno tamén vostede, ou fun eu o único que viu? Estaría soñando?». Comezaron a continuación a falar polo baixo. Dividíronse en parellas e marcharon de alí cara aos seus fogares mentres conversaban aínda sobre o sucedido. Camiñaban coas cabezas arrimadas, coa man dun no ombreiro doutro, entre acenos propios de quen aínda garda unha impresión profunda.

Nós, os mozos, marchamos detrás dos nosos pais, e puxemos a orella para escoitar o que falaban. Cando, xa na nosa casa, deron en sentar para proseguir coa conversa, nós seguiamos sendo a súa compaña. Tiñan o humor agre, porque, segundo dicían, podía darse por seguro que sobreviría un desastre na aldea despois de tan espantosa visita de bruxas e demos. Entón o meu pai acordouse de que

o padre Adolf quedara mudo no momento no que quixo lanzar a súa acusación, e dixo:

—Non se atreveron a pór as súas mans até agora nun unxido servidor de Deus e non me explico como nese momento tiveron tal audacia, porque el levaba enriba do peito o seu crucifixo. Non é certo?

—Si —dixeron os demais—, que nós ben o vimos.

—Amigos, isto é serio, moi serio. Até hoxe contabamos cunha certa protección, pero xa non.

Abanearon as cabezas, como acometidos de calafríos, e rosmaron:

—Fallou. Deus abandónanos.

—É certo —dixo o pai de Seppi Wohlmeyer—, xa non temos onde buscar socorro.

—A xente decatarase antes ou despois e a desesperación privaraos do seu valor e das súas enerxías —dixo o padre de Nikolaus, o xuíz—. Non hai dúbida que entramos nun tempo aciago.

Deixou escapar un suspiro, e Wohlmeyer dixo con voz turbada:

—A noticia correrá por todo o país, e a nosa aldea verase esquivada por todos coma se estivésemos sometidos ao desagrado de Deus. O Cervo de Ouro vai coñecer tempos duros.

—Exacto, veciño —dixo o meu pai—, todos sufriremos as consecuencias. Todos veremos afectada a nosa reputación e moitos a nosa riqueza... Santo Deus!

—Que quería vostede dicir?

—Que isto pode chegar a acabar connosco!

—Que se supón que pode chegar a acabar connosco, *um Gottes Willen*?

—A excomuñón!

Aquilo soou coma un tronido, e pareceu por un momento que habería algún desmaio. No entanto, o medo a

semellante calamidade espertou as súas enerxías, cesaron de mostrarse meditabundos e comezaron a discutir as maneiras de evitar a desgraza. Houbo moitas e moi diversas opinións, e permaneceron falando até ben entrada a tarde. Recoñeceron finalmente que polo momento non podían tomar ningunha decisión, e separáronse, pois, moi pesarosos e cos corazóns oprimidos por un mal presaxio.

Mentres se despedían, eu escapulinme e dirixinme cara á casa de Marget para saber o que alí ocorría. Batín pola rúa con moita xente, pero ninguén me saudou. Aquilo se cadra debía sorprenderme, pero non me sorprendeu. Achábanse nun estado tal de desvarío, producido polo temor e polo espanto, que eu creo que os seus cerebros non razoaban como deberan. Estaban pálidos e malhumorados, camiñaban, coma somnámbulos, cos ollos abertos pero sen ver nada, movían os beizos pero sen pronunciar nin unha palabra, e apertaban e afrouxaban, moi preocupados, as mans, sen darse de conta do que facían.

Na casa de Marget había un ambiente pouco menos que de funeral. Ela e mais Wilhelm estaban sentados xuntos no sofá, pero nada dicían e nin sequera se agarraban das mans. Ambos os dous estaban sumidos en pesadas cavilacións, e os ollos de Marget estaban vermellos do moito que chorara. E dixo:

—Supliqueille que marche e que non volva máis, porque só así salvará a vida. Eu non podo tolerar a idea de eu ser a súa asasina. Esta casa está encantada e ningún dos seus moradores poderá escapar do lume. Mais el empéñase en non marchar, e iso fará que se perda xunto con todos os demais.

Wilhelm dixo que non marcharía, que se había perigo para ela, o seu sitio estaba alí, e alí ficaría. Ao ouvirlle estas palabras, o pranto de Marget volveu. Aquilo resultábame demasiado doloroso. De súpeto petaron na porta e entrou

Satanás, alegre, xuvenil e fermoso, e con el entrou aquela atmosfera espirituosa que traía sempre canda el, e con ela cambiou todo.

Non dixo ren sobre o ocorrido, nin dos temores espantosos que oprimían os corazóns da comunidade. Laretou sobre toda clase de temas alegres e agradables, e case ao comezo falou de música, hábil xogada que acabou de sacudir o abatemento de Marget, é dicir, que a reanimou por completo. Endexamais ouvira Marget falar dunha maneira tan bela e tan intelixente sobre aquel tema, e sentiuse tan elevada e tan enfeitizada que os seus sentimentos acenderon o seu rostro e saíron fóra nas súas palabras. Wilhelm advertiuno, non de demasiado bo grado. Satanás desviouse entón cara á poesía e recitou algunhas, e fíxoo primorosamente. Marget volveu mostrarse encantada, e outra vez Wilhelm deu mostras de que aquilo non lle agradaba, e desta vez Marget advertiuno e por este motivo sentiu remorsos.

Eu caín durmido aquela noite ao compás dunha música suave: os fráxiles golpes de tambor da choiva nos cristais da xanela e o apagado resoar dos tronos ao lonxe. Moi avanzada a noite, chegou Satanás, espertoume e díxome:

—Acompáñame. Onde queres que vaiamos?

—A calquera parte, con tal de estar contigo.

Produciuse entón un vivo resplandor solar e díxome:

—Esa é A China.

Aquilo foi para min unha gran sorpresa que me produciu unha especie de bebedeira de vaidade e de alegría ao pensar que iría tan lonxe, moito máis lonxe do que ningunha outra persoa da nosa aldea, mesmo Bartel Sperling, que tanto fachendeaba das súas viaxes, estivera nunca. Fedellamos por aquel imperio durante máis de media hora até chegarmos a ter unha idea global. Os espectáculos que presenciamos foron marabillosos. Uns eran belos e outros

demasiado horribles para ser recordados. Por exemplo... En fin, máis adiante poderei entrar a contalo, e tamén contarei por que razón elixiu Satanás A China para esta excursión, en lugar de calquera outro lugar; se o fixese agora, interrompería o meu relato. Deixamos, por último, de voar polo mundo adiante e pousamos os pés na terra.

Concretamente pousámolos nunha montaña dende a que se dominaba o inmenso panorama dunha cordilleira, os vales, as chairas e os ríos, con cidades e aldeas esparexidas baixo a luz do sol, e no horizonte, moi ao lonxe, unha pincelada de mar azul. Era un cadro sereno e onírico, fermoso para os ollos e reconfortante para o espírito. Se todos tivésemos a posibilidade de realizar un cambio como aquel sempre que o desexásemos, o mundo resultaría un lugar no que a vida sería moito máis fácil, porque mudar o escenario é como descargar o peso da alma trasladándoo ao outro ombreiro, co cal se consegue desterrar a vella e abafadora fatiga do espírito e do corpo.

Quedamos conversando. Eu tiña a intención de tratar de convencer a Satanás de que levase unha vida mellor. Faleille de todas aquelas cousas que fixera e pregueille que en diante fose máis considerado e non seguise facendo infelices as persoas. Asegureille que eu sabía moi ben que el non se propuña facer dano ningún, mais era preciso que tivese en conta as consecuencias dunha cousa antes de se dar a ela daquel modo impulsivo e azaroso tan seu. Se tal facía, non causaría tan grandes inconvenientes. Non lle incomodou aquela franqueza miña ao falar, parecía que simplemente o divertía e sorprendía, e díxome:

—Como? Que eu fago as cousas ao chou? Pois non, endexamais. Que me deteña a meditar nas consecuencias posibles? Que necesidade teño diso? Eu coñezo sempre de antemán as consecuencias que algo implicará.

—Daquela, Satanás, como é posible que procedas así?

—Ben, voucho contar, e ti fai un esforzo por comprendelo. Pertences a unha raza curiosa. Todos os homes levades unha máquina de sufrimento e unha máquina de felicidade combinadas que se mesturan con harmonía, con precisión, e a partes iguais; unha vez manda unha, outra vez a outra. Se un departamento deses dous produce unha felicidade, o outro departamento está preparado para transformala mediante unha dor e unha aflición. En moitos casos as vidas dos homes están divididas case dunha maneira igual entre a felicidade e a infelicidade. Cando non se dá o caso, predomina a infelicidade sempre, nunca a felicidade. Hai casos nos que a conformación e a maneira de ser dun home son tales que basta a súa máquina de dor para realizar case toda a tarefa necesaria. Esa clase de homes cruzan pola vida ignorantes case do que é a felicidade. Canto tocan, canto fan, carréxalles unha desgraza. Non coñeciches ti xente así? Verdade que para esa clase de persoas a vida non é unha vantaxe? Non o é, non, máis ben é un desastre. Hai ocasións nas que a maquinaria do home fai que teña que pagar con anos de aflición unha hora de felicidade. Non o sabes? Pois acontece cunha certa frecuencia. Máis tarde citareiche un ou dous casos. Pois ben: a xente da túa aldea para min non ten ningún valor. Sábelo, verdade?

Eu non quixen falar con enteira franqueza e contesteille que o viña sospeitando.

—É certo que non significan nada para min, e así seguirá sendo no futuro, non queda outra. A diferenza que nos separa a min e a eles é abismal, inconmensurable. Eles carecen de intelecto.

—Que carecen de intelecto?

—Non teñen nada que se lle pareza. Máis adiante examinarei iso que o home chama a súa intelixencia e dareiche detalles dese caos. Chegado o momento, verás

e comprenderás. Os homes nada teñen en común comigo. Non hai afinidade ou unha mínima conexión entre nós; eles teñen pequenos sentimentos estúpidos e pequenas vaidades, impertinencias e ambicións, a súa absurda e minúscula vida non é máis ca unha gargallada, un suspiro e un extinguirse, carece de sentido. O único que teñen é o sentido moral. Vouche mostrar o que quero dicir.

»Aquí temos unha araña vermella, que non avulta nin o que a cabeza dun alfinete. Éntrache na cabeza que un elefante, se amosase algún interese por esta araña, se preocupase de se é ou non feliz, de se é rica ou pobre, de se o seu amor é ou non correspondido, de se a súa nai está enferma ou sa, de se está ou non ben vista socialmente, de se os seus inimigos han esmagala ou os seus amigos abandonala, de se as súas esperanzas se murcharán ou as súas ambicións políticas fracasarán, de se morrerá no seo da súa familia ou morrerá desleixada e desprezada en terra estranxeira? Estas cousas non poden ser nunca importantes para o elefante, non significan nada para el. O elefante é incapaz de achicar as súas simpatías até reducilas ao tamaño microscópico da araña vermella. Para min o home é o que a araña vermella para o elefante. O elefante nada ten que dicir en contra da araña: échelle imposible descender a un nivel tan remoto; eu nada teño que dicir contra o home. O elefante é indiferente. Eu son indiferente. O elefante non se molestaría en facerlle unha xogada á araña, se cadra, todo o máis, trataría de ter unha atención para con ela, se puidese e non lle custase ren. Eu fíxenlles favores aos homes, pero non xogadas. O elefante vive un século; a araña vermella, un día. Un deses seres está separado do outro, en cuestión de forza, intelecto e dignidade, por unha distancia simplemente astronómica. Nestas, como en todas as calidades, o home atópase situado moitísimo máis abaixo ca min, o mesmo que a araña vermella

está moi por baixo do elefante. A intelixencia do home xunta moitas trivialidades, en retrincos, dunha maneira torpe, cansa e laboriosa, e obtén así un resultado, á súa maneira. A intelixencia miña crea! Dáste de conta da forza do que digo? Crea o que ela desexa, e créao nun instante. Crea sen materia. Crea fluídos, sólidos, cores, crea absolutamente todo, sacándoo dese aéreo nada que se chama pensamento. Un home pensa nun fío de seda, despois co seu maxín pensa nunha máquina para fabricalo e un cadro, e logo, a forza de semanas de traballo, borda co fío sobre un lenzo. Eu imaxino todo iso, e velaí o teño, decontado, feito realidade. Penso un poema, unha melodía, o conxunto dunha partida de xadrez, calquera cousa, e velaí vai: faise realidade. Isto é a intelixencia inmortal, a cuxo alcance nada escapa. Nada pode obstruír a miña visión. Para min, as rochas son transparentes e a escuridade é a luz do día. Eu non necesito abrir un libro, dunha soa ollada, a través das tapas, traslado todo o seu contido á miña intelixencia, e nin pasados mil anos podería esquecer unha soa palabra daquelas nin o lugar exacto que ocupaba no volume. Nada circula dentro do cranio dun home, paxaro, peixe, insecto ou calquera outro animal que poida quedar oculto para min. Eu sorbo dunha soa ollada o cerebro do home douto, e os tesouros que el tardou sesenta anos en acumular son instantaneamente meus. El pode esquecer, e esquece, en efecto. Eu reteño.

»Agora mesmo estou a ver nos teus pensamentos que me comprendes bastante ben. Sigamos adiante. Poida que as circunstancias se dean de maneira que o elefante tome simpatía pola araña (supondo que puidese vela), pero nunca podería amala. O seu amor é para os da súa mesma especie, para os seus iguais. O amor dun anxo é sublime, adorable, divino, superior á imaxinación do home: está total e absolutamente fóra do seu alcance.

Áchase limitado ao seu propio e augusto orde. Se ese amor pousase por un instante nun da vosa raza, reduciría ese obxecto do seu amor a cinzas. Non, nós non podemos amar os homes, pero si podemos ser inofensivamente indiferentes con eles, e en ocasións podemos collerlles simpatía. Eu téñoa para ti e para os raparigos, téñoa para o padre Peter, e fago todas estas cousas cos aldeáns pola consideración que vos teño.

Advertiu que eu estaba a pensar un sarcasmo, e explicoume a súa posición:

—Aínda que mirado de xeito superficial non se vexa, eu traballei a prol dos aldeáns. A vosa raza non distingue nunca a boa da mala fortuna. Equivoca sempre unha coa outra. Tal ocorre porque non penetra no porvir. Isto que eu estiven facendo polos aldeáns producirá bos froitos algún día. En certos casos, para que os gocen eles mesmos. Noutros casos, para xeracións de homes que aínda están por nacer. Ninguén saberá endexamais que eu fun a causa; pero non por iso deixará de ser certo. Hai entre vós, os raparigos, un xogo que consiste en colocardes unha fileira de ladrillos en pé, a unhas polgadas de distancia os uns dos outros, despois empuxades un ladrillo, este golpea o seguinte, o seguinte golpea o outro, e así sucesivamente até que toda a fileira queda esparexida polo chan. Así se explica a vida humana. O primeiro acto dun cativo logo do seu nacemento pasa por golpear o ladrillo inicial, e os restantes seguen caendo de modo inexorable. Quero dicir que nada poderá cambialo, porque cada acción implica outra acción; esta, á súa vez, outra máis, e así sucesivamente até o final. E quen contempla o espectáculo é capaz de albiscar a fileira de adiante e xa que logo tamén de ver o momento no que cada acto vai nacer, dende o berce até o sepulcro.

—E quen ordena esa carreira?

—Ordenar a sucesión de actos? Non, non sucede así. Quen decide a orde son as circunstancias e o medio no que un home se atopa. O seu primeiro acto determina o segundo e todos os que veñen despois. Pero supoñamos, para poder argumentar, que o home fose capaz de evadir un destes actos, un acto na aparencia fútil, por exemplo. Supoñamos que estaba disposto que un certo día, a unha hora, minuto, segundo e fracción de segundo determinados debería ir ao pozo e non vai. No acto mesmo a carreira dese home cambiaría por completo de alí en diante; dende ese preciso instante e até o seu pasamento, a súa traxectoria sería outra e diverxente da carreira que o seu primeiro acto de infancia dispuxera para el. Podería mesmo darse a circunstancia de que se el fose até o pozo, a carreira da súa vida reservaría para el un trono, e que omitindo ese acto, a súa carreira, en diante, o conducise en troques á mendicidade e a unha tumba de caridade. Por exemplo, se nun momento dado (poñamos na súa nenez), Colón tivese escamoteado o máis insignificante chanzo dunha cadea de actos proxectados e feitos inevitables a partir do seu primeiro acto ao nacer, cambiaría con iso toda a súa vida aínda por chegar e poida que acabase de crego e morrese na penumbra dalgunha aldea italiana, e se cadra América non sería descuberta até dous séculos máis tarde. Sei o que digo. O escamotear un só dos billóns de actos da cadea de Colón cambiaría por completo a súa vida. Eu examinei o billón de posibles vidas de Colón e soamente nunha delas ten lugar o descubrimento de América. Vós, os homes, non sospeitades que todos os vosos actos son dun mesmo calibre e importancia. Arrearlle unha losqueada a unha mosca é un acto tan preñado de destino para unha persoa coma calquera dos demais actos previstos.

—Tan importante, por exemplo, como conquistar un continente?

—Si. Ningún home é capaz de evadir un acto, simplemente é algo que non ocorreu xamais. Mesmo cando trata de tomar unha decisión sobre se fará ou non fará unha cousa, esa cavilación de seu é como tal un acto que ten o seu lugar propio dentro da cadea, e cando ao cabo se decanta por unha opción, esa opción é a que había de facer con absoluta seguridade. Xa ves, pois, que un home non se anticipa xamais á súa cadea. Non pode facelo. Se decidise intentalo, ese proxecto constituiría en si mesmo un acto inevitable, un pensamento que tiña que ter nese instante preciso, un pensamento feito inevitable polo acto primeiro da súa nenez.

—Que triste parece todo! —dixen pesaroso—. Se é así, o home é prisioneiro da súa vida e non pode liberarse.

—Non. Como home que é non pode liberarse das consecuencias do primeiro acto da súa nenez, mais eu si podo liberalo.

Mirei para el con ansia.

—Eu variei as traxectorias dun bo número dos vosos aldeáns.

Tentei darlle as grazas, pero non dei coa maneira e deixeino pasar.

—Aínda hei de introducir algúns cambios máis. Coñeces a Lisa Brandt?

—Si. Todo o mundo a coñece. A miña nai di que é unha rapariga tan doce e tan atractiva que non se parece a ningunha outra. Asegura que será o orgullo da aldea cando sexa maior, e xa agora a ten idolatrada.

—Eu cambiarei o seu porvir.

—Para mellor? —preguntei.

—Si. E tamén cambiarei o porvir de Nikolaus.

Esta vez alegreime e dixen:

—Neste último caso non necesito preguntarche nada, estou certo de que obrarás con el dunha maneira xenerosa.

—Ese é o meu propósito.

No acto púxenme a construír na miña imaxinación o gran porvir do pequeno Nikolaus. Xa fixera do meu amigo un xeneral afamado e un *hofmeister*[1] na corte cando vin que Satanás estaba a esperar a que eu me dispuxese outra vez a escoitalo. Sentín vergoña de descubrir diante del as miñas pobres fantasías, e prepareime para escoitar algunhas burlas, pero non ocorreu así. Satanás seguiu co seu tema:

—O pequeno Nikolaus ten sinalados sesenta e dous anos de vida.

—Magnífico! —exclamei eu.

—Lisa, trinta e seis. Pero, como che dixen, vou cambiar as súas vidas e os anos que teñen asignados. De aquí a dous minutos e cuarto Nikolaus espertará e atoparase con que a choiva está a entrar pola xanela. O seu destino era que dese media volta e seguise durmindo, mais eu determinei que se levante e peche antes a xanela. Esa insignificancia cambiará por completo a súa carreira. Levantarase pola mañá dous minutos máis tarde do que estaba sinalado na carreira da súa vida, e de alí en diante xa non lle ocorrerá nada de acordo cos detalles da vella cadea —Satanás quitou o reloxo e permaneceu contemplándoo un momento—. Nikolaus levantouse a pechar a xanela. A súa vida cambiou, e comezou a súa nova carreira. Haberá consecuencias.

Aquilo púxome a carne de galiña, porque parecía moi estraño.

—De non ser por este cambio, ocorrerían determinados feitos de aquí a doce días. Por exemplo, Nikolaus salvaría a Lisa de afogar, chegaría ao lugar do suceso no momento xusto, ás dez e catro minutos, momento sinalado de longo tempo atrás, e a auga sería pouco profunda, de modo

[1] N. do T. Voz alemá para designar o oficio da corte equivalente ao aio ou preceptor.

que o salvamento resultaría fácil e seguro. Coa nova vida, agora chegará algúns segundos despois, demasiado tarde, e Lisa, tras esforzarse por salvar a vida, acabará no máis profundo das augas. Nikolaus fará canto poida, pero ambos os dous afogarán.

—Oh, Satanás, querido Satanás! —berrei cos ollos bañados polas bágoas—. Sálvaos! Non permitas que ocorra iso. Non podo soportar a perda de Nikolaus, que é o meu máis querido compañeiro de xogos e amigo. Pensa, ademais, na pobre nai de Lisa!

Agarreime a el, supliqueillo, pero ficou impasible. Fíxome sentar outra vez, e díxome que tiña que atender a súa explicación.

—Cambiei a vida de Nikolaus, e iso fixo cambiar tamén a vida de Lisa. Se non fixese iso, Nikolaus salvaría a Lisa, e en consecuencia collería un arrefriado. Produciríase daquela unha desas fantásticas e desconsoladoras febres escarlatinas que atacan a vosa raza e os efectos posteriores serían dolorosos. Nikolaus permanecería na cama durante corenta e seis anos, paralítico coma un tronco, cego, xordo, mudo, co devezo, noite e día, de que viñese a morte a liberalo. Queres que volva facer que a súa vida sexa a de antes?

—Oh, non! Non, por nada do mundo! Déixaa, por caridade e compaixón, dese modo.

—Si, é mellor. Postos a cambiar un acto da súa vida, con ningún outro cambio podía facerlle un favor tan grande. Tiña un billón de posibles cursos vitais, mais ningún deles era digno de ser vivido. Todos eles estaban cargados de miserias e desastres. De non ser pola miña intervención, Nikolaus levaría a efecto a súa fazaña de aquí a doce días (unha fazaña que se realizaría en seis minutos) e obtería en recompensa os corenta e seis anos de dor e sufrimento que che falei. Trátase dun dos casos

aos que me refería antes, cando dixen que hai ocasións nas que un acto que produce a quen o executa unha hora de felicidade e de propia satisfacción acaba pagándose con anos de sufrimento.

Eu quedei coa curiosidade de saber acerca do porvir que tería a pobre Lisa de non sufrir unha morte prematura. Satanás contestou o meu pensamento:

—A súa morte haberá de liberala de dez anos de agonía e de lento restablecemento a consecuencia dun accidente, e máis tarde doutros dezanove anos de vergoña, depravación e crime, e de acabar nas mans do verdugo. De aquí a doce días morrerá; se estivese nas mans da súa nai, esta salvaríalle a vida. Non son eu máis cariñoso con ela ca a súa propia nai?

—Si, dende logo, e máis sabio.

—Pronto se verá o caso do padre Peter. Será absolto, porque hai probas inequívocas da súa inocencia.

—Como pode ser iso, Satanás?

—Recobrará o seu bo nome e vivirá feliz o resto da súa vida.

—Non me custa nada crelo. Bastará con que recobre o seu bo nome para que o sexa.

—Non virá de aí a súa felicidade. Hoxe cambiarei a súa vida polo seu propio ben. Non saberá xamais que o seu nome foi reivindicado.

No meu cerebro, e dunha maneira modesta, pedín detalles, pero Satanás non fixo caso do que lle preguntaba o meu pensamento. Acto seguido saltou ao meu maxín o astrólogo, e pregunteime onde andaría nese momento.

—Na Lúa —contestou Satanás, cun certo tremor que eu tomei por efecto da risa—. E ademais mandeino á cara escura desta. Ignora onde se atopa, e está a pasar un tempiño non precisamente agradable. Con todo, non lle vén mal; é un lugar favorable para os seus estudos estelares.

Logo necesitareino aquí, de xeito que o traerei e o posuirei outra vez. É un home que ten por diante unha vida longa, cruel e odiosa, pero eu cambiareina, porque non sinto ningunha animadversión na súa contra, e quero mostrarme cariñoso con el. Creo que o farei queimar.

Así eran de estrañas as súas ideas no tocante ao cariño! Pero os anxos están feitos dese modo, e non coñecen outro mellor. Eles non proceden coma nós. Ademais, os seres humanos non teñen ningunha importancia para eles. Considéranos simples rarezas. A min estrañoume que enviase o astrólogo tan lonxe. Non lle custaba nada deixalo caer dentro de Alemaña, onde o tería á man.

—Tan lonxe? —dixo Satanás—. Para min non hai lugar afastado, para min non existe a distancia. O Sol atópase a menos de cen millóns de millas de aquí, e a luz que nos aluma só tardou oito minutos en chegar, pero eu podo facer ese voo ou calquera outro nunha fracción de tempo tan ínfima que non pode ser medida co reloxo. Só teño que pensar na viaxe, e con iso xa está realizada.

Estendín a miña man e dixen:

—A luz cae sobre a miña man. Satanás, pensa en pór nela un vaso de viño.

Así o fixo, e eu bebín o viño.

—Rompe o vaso —díxome el.

Rompino.

—Ben ves que é real. Os aldeáns imaxinaron que as bólas de metal eran cousa da maxia e que se disolverían coma o fume. Deulles medo tocalas. Que raza máis curiosa é a vosa! Pero vén comigo, teño algo que facer. Deixareite deitado na túa cama.

Meu dito meu feito. Despois marchou, pero a súa voz chegoume a través da choiva e da escuridade, e dicía: «Si, cóntallo a Seppi, pero a ninguén máis».

Foi a contestación ao que eu estaba a pensar.

Capítulo VIII

Non daba prendido no sono, e non porque eu estivese orgulloso das miñas viaxes, nin porque me sentise excitado por percorrer o extenso mundo até A China, nin porque sentise menosprezo por Bartel Sperling, o viaxeiro, como se chamaba a si mesmo, que nos miraba de arriba abaixo, porque el marchara en certa ocasión a Viena, e era o único raparigo de Seldorf que fixera esa viaxe e vira as marabillas do mundo. Noutros momentos iso mantivérame esperto, pero agora non me producía efecto ningún. Non, a miña alma estaba chea de Nikolaus. Os meus pensamentos viraban unicamente ao seu redor, lembrándome os días alegres que pasaramos xuntos xogando polos bosques, os campos e o río durante os longos días estivais, e patinando ou esquiando durante o inverno, cando os nosos pais nos crían na escola. E agora el saía da miña nova vida, e os veráns e os invernos chegarían e pasarían, e nós seguiriamos vagando e xogando coma antes, pero o seu lugar permanecería baleiro. Xa non o veriamos nunca máis.

Mañá, el non sospeitaría nada, sería o mesmo de sempre. Ouvir a súa risa sería para min un duro golpe, e ao velo facer cousas lixeiras e frívolas, porque para min el era xa un cadáver de mans de cera e ollos sen vida, estaría a velo coa cara vendada na súa mortalla. Ao día seguinte el non sospeitaría nada, nin ao outro, e en todo ese tempo

aquela morea de días que quedaban pasaría lixeira, e o terrible suceso achegaríase de a pouco. O seu destino iríase pechando cada vez máis, e ninguén senón Seppi e mais eu sabía o que en verdade estaba a piques de suceder.

Doce días. Só doce días. Era terrible pensar semellante cousa. Reparei en que xa non lle chamaba no meu pensamento cos diminutivos familiares, Nick e Nicky, senón que lle chamaba dunha maneira reverente co seu nome e apelido, como cando se fala dos finados. Da mesma maneira, sempre que acudían en multitude ao meu pensamento dende o pasado as lembranzas dos incidentes da nosa camaradaría, caía eu na conta de que, polo xeral, eran casos nos que eu lle causara algún dano ou algunha pena. Estes recordos constituían para min unha reprimenda e unha censura. O meu corazón revolvíase entre remorsos, o mesmo que nos acontece cando nos acordamos das desatencións tidas cos amigos que marcharon, e que nós desexariamos volver ter ao noso carón, aínda que só fose por un instante, para axeonllarnos diante eles e dicirlles: «Compadecédevos e perdoádeme».

En certa ocasión, tendo nós nove anos, marchou el facer unha encarga á casa do froiteiro, que distaba de alí case dúas millas. O froiteiro deulle a modo de agasallo unha mazá grande e magnífica, e Nikolaus veu correndo á casa coa súa mazá, case fóra de si de asombro e pracer. Eu tropecei con el, e deixoume ver a mazá sen pensar nunha posible mala acción pola miña parte, pero a realidade foi que escapei con ela, e fun coméndoa a medida que corría, mentres el me seguía e ma pedía. Cando me alcanzou, ofrecinlle o corazón da mazá, que era todo o que quedara, e escachei a rir. El afastouse entre salaios, e díxome que a súa intención era darlla á súa irmá máis nova. Esas palabras deixáronme estupefacto, porque a nena estaba convalecente dunha enfermidade. Nikolaus, de lle dar

a mazá intacta á irmá, pasaría uns momentos de orgullosa satisfacción contemplando o xúbilo e a sorpresa da nena, e recibindo as súas caricias. Pero eu sentín vergoña de dicir que estaba avergoñado, limiteime a pronunciar algunhas frases rudas e ruíns, simulando que aquilo tanto me tiña, e el non contestou con palabras pero no seu rostro debuxouse unha expresión de dor ao marchar para a casa. Esa expresión de aflición presentóuseme moitas veces anos despois durante a noite, e era coma unha censura que me facía sentir novamente avergoñado. Esa lembranza foi borrándose na miña memoria aos poucos, e por fin desapareceu; pero agora volveu de novo, e non volveu borrosa.

Noutra ocasión, cando tiñamos once anos, estando eu na escola, envorquei a tinta e estraguei catro cadernos, co cal corrín o perigo de recibir un severo castigo; cargueino a el coa culpa, e el levou as azoutas no cu.

Había un ano, non máis, que eu lle tendera unha trampa nunha transacción, cando lle dei un grande anzol de pescar que estaba medio roto a cambio de tres anzois pequenos. O primeiro peixe que picou rompeu o anzol, pero Nikolaus non soubo que eu tiña a culpa, e negouse a aceptar a devolución dos tres anzois pequenos, que a miña conciencia me obrigou a ofrecerlle, limitándose a dicir: «Un negocio é un negocio; o anzol era malo, pero ti non tiñas culpa».

Non, non podía durmir. Aquelas pequenas ruindades eran para min unha censura e unha tortura que me producían unha dor moito máis aguda ca aquela que un sente cando os actos inxustos se cometeron con persoas que están con vida.

Nikolaus vivía, pero iso non importaba, porque para min era xa coma un defunto. O vento seguía zoando nos beirados do tellado; a choiva seguía batendo nos cristais da xanela.

Pola mañá fun á busca de Seppi, e conteillo. Foi preto do río. Moveu os beizos, pero non dixo nada. Parecía aparvado, e a súa cara palideceu. Permaneceu nesa actitude uns instantes. As bágoas acudiron aos seus ollos e entón botou a andar, e eu agarrei o seu brazo e fomos camiñando meditabundos, sen falarmos. Cruzamos a ponte e paseamos polos eirados e subimos até os outeiros e os bosques até que recobramos o uso da palabra, e a nosa conversa abrollou libremente. Só falamos de Nikolaus, lembramos a vida que levaramos na súa compaña. De vez en cando dicía Seppi, como falando consigo mesmo:

—Doce días! Menos de doce días!

Concordamos en que era preciso que pasásemos todo ese tempo canda el. Necesitabamos ter todo canto da súa persoa nos era posible ter. Os días eran agora de gran valor. Pero non o fomos buscar. Aquilo sería como ir ao encontro dos mortos, e iso asustábanos. Non o dixemos, pero ese era o sentir que nos invadía. Por iso, ao dobrarmos unha esquina e toparmos cara a cara con Nikolaus, experimentamos un golpe doloroso. El berrou ledo:

—Epa! Que ocorre? Vistes unha pantasma, ou?

Non demos articulado palabra, pero tampouco tivemos ocasión de facelo. Nikolaus estaba disposto a falar por todos, acababa de ver a Satanás, e esa circunstancia traíao moi alegre. Satanás contáralle da nosa viaxe á China, e el suplicáralle que lle fixese facer unha viaxe, e Satanás prometérallo. Había de ser unha viaxe a un país afastado, marabilloso e fermoso. Nikolaus pedíralle que nos levase tamén a nós, pero el contestáralle que non, que quizabes nos levase a nós algunha vez, pero non agora. Satanás viría buscalo o día 13, e Nikolaus contaba xa con impaciencia as horas.

Aquel era o día fatal. Tamén nós estabamos a contar xa as horas.

Camiñamos millas e millas, sempre por carreiros que foran os preferidos por nós cando eramos pequenos, e desta vez non fixemos outra cousa que falar dos vellos tempos. Toda a alegría estaba concentrada en Nikolaus, nós non conseguiamos librarnos do noso abatemento. O ton que empregabamos falando con Nikolaus era tan extraordinario, cariñoso, tenro e nostálxico, que el o advertiu e quedou compracido. A cada momento faciámolo obxecto de pequenas mostras de cortesía respectuosa e diciámoslle: «Espera, permíteme que o faga eu por ti», e isto agradáballe moito tamén. Eu regaleille sete anzois, todos os que tiña, e obrigueino a que os aceptase. Seppi deulle o seu canivete novo e unha buxaina pintada de vermello e amarelo –expiacións de trampas que lle fixera no pasado, segundo souben máis tarde, e das que probablemente xa non se acordaba Nikolaus. Estes detalles conmovérono, e non acababa de crer que nós o quixésemos tanto. O orgullo e a gratitude que sentiu por esa conduta nosa chegounos á alma, porque non o mereciamos. Cando nos despedimos, marchaba el radiante, asegurándonos que xamais pasara un día máis feliz.

Mentres camiñabamos cara á casa, dixo Seppi:

—Nós apreciámolo sempre, pero nunca tanto como agora, cando imos perdelo.

O día de despois e todos os demais pasamos todo o tempo que tivemos dispoñible con Nikolaus, e durante ese tempo nós, e el, evadiamos o traballo e outras obrigas. Esta conduta valeunos aos tres fortes reprimendas e algunhas ameazas de castigo. Dous de nós espertabamos cada mañá cun sobresalto e un estremecemento, dicindo consonte corrían os días: «Só quedan dez», «Só quedan nove», «Só quedan oito», «Só quedan sete». Sempre co prazo que se acurtaba. Nikolaus estaba decote contento e feliz, moi intrigado ao ver que nós non sentiamos o mesmo.

Recorría a toda a súa inventiva para idear medios de alegrarnos, pero o seu éxito era ficticio. Decatábase de que a nosa xovialidade non nacía do corazón, e de que as gargalladas que lanzabamos sempre tropezaban con algunha obstrución, experimentaban algún dano e acababan convertidas nun amén. Tratou de descubrir a causa, dicindo que quería axudarnos a saír das nosas dificultades ou facelas máis levadías compartíndoas connosco. Tivemos, pois, que contarlle infinidade de mentiras para enganalo e tranquilizalo.

O que máis nos angustiaba de todo era que non cesaba de facer proxectos, e que eses proxectos ían ás veces alén do día 13. Sempre que ocorría isto, nós suspirabamos no noso interior. El non pensaba noutra cousa que en descubrir o xeito de dominar o noso abatemento e reanimarnos. Finalmente, cando xa só lle quedaban tres días de vida, deu coa idea acertada, e isto produciulle gran xúbilo. A idea consistía en celebrar unha festa, cun baile entre mozos e mozas nos bosques, no lugar mesmo no que atoparamos por vez primeira a Satanás, e a festa celebraríase o día 14. Aquilo era espantoso, porque nese día habían de celebrarse os seus funerais. Non podiamos arriscarnos a protestar, as nosas protestas só arrincarían un «Por que?», ao que nós non podiamos dar resposta. Pediunos a nosa colaboración para escolmar quen serían os convidados, e fixémolo, porque nada lle pode ser negado a un amigo moribundo. Pero aquilo foi espantoso, porque ao que estabamos a convidar era aos seus funerais.

Que once días terribles! Así as cousas, con toda unha vida interpóndose cara a atrás entre o día de hoxe e aquel entón, aqueles días resultan aínda gratos á miña memoria e fermosos. Abofé que o foron: días de compañeirismo cos mortos sacros para un, e eu non coñecín outra camaradaría tan íntima e tan valiosa. Aferrabámonos ás horas e

aos minutos, recontándoos a medida que pasaban, e despedíndonos deles coa mesma dor e sensación de impotencia que sente un avaro ao ver que lle arrincan o seu tesouro moeda a moeda os ladróns, e que el nin sequera pode tratar de impedilo.

Cando chegou a noite do último día estivemos ausentes das nosas casas demasiado tempo. Seppi e mais eu tiñamos a culpa. Non podiamos soportar á idea de separarnos de Nikolaus. Foi, xa que logo, moi tarde cando nos despedimos ao pé da súa porta. Permanecemos alí un intre escoitando, e ocorreu o que temiamos. O seu pai aplicoulle o castigo prometido, e nós escoitamos os berros do raparigo. Pero só os escoitamos un momento, porque saímos correndo, cheos de remorsos por sermos nós os culpables. Lamentabámolo, ademais, polo pai, e pensabamos: «Ai, se soubese! Ai, se soubese!».

Nikolaus non se reuniu pola mañá connosco no lugar sinalado, e por iso fomos á súa casa para ver que ocorría. A súa nai dixo:

—Ao seu pai esgotóuselle a paciencia coas cousas que están a pasar, e xa non está disposto a toleralo máis. Metade do tempo non atopa a Nikolaus no momento no que o necesita, e logo resulta que onde estaba era por aí, canda vós os dous. O seu pai deulle esta noite unha boa felpa de azoutas. Nunca fun eu amiga destes métodos, e moitas veces mesmo me entremetín para salvalo das cachoadas a forza de súplicas, pero esta vez as miñas súplicas foron en balde, porque tamén a min se me esgotara a paciencia.

—Oxalá que esta vez, precisamente, librase das azoutas! —dixen eu, treméndome un pouco a voz—. Poida que ese recordo lles sirva de consolo algún día.

A nai estaba a pasar o ferro mentres falaba, posta de costas cara a min. Virou con expresión de sobresalto e de interrogación, e díxome:

—Que queres dicir con iso?

Colleume de sorpresa, e non souben que responder. Foi un momento embarazoso, porque a nai seguiu mirando para min, pero Seppi estaba alerta, e falou deste xeito:

—Verá: non cabe dúbida de que sería máis grato lembrar iso, porque precisamente a razón de que chegásemos tan tarde foi que Nikolaus se puxo a contarnos o boa que é vostede con el, e que cando vostede está presente, ten quen o salve das azoutas. Nikolaus falaba tan de corazón, e nós escoitabamos tan cheos de interese, que nin el nin nós caemos na conta de que se facía tarde.

—Dixo el iso?

—Díxoo.

A nai levou o mandilón aos ollos.

—Pregúntello vostede a Theodor, xa verá como lle di o mesmo.

—O meu pequeno Nikolaus é un raparigo bo e encantador —dixo a nai—. Pésame deixar que o seu pai o azoutase, nunca máis o consentirei. E pensar que mentres eu estaba aquí, irritada e furiosa contra el, o meu filliño estaba a me amar e eloxiar! Vállame Deus, se unha puidese sabelo! Se soubésemos as cousas endexamais cometeriamos erros, pero non somos máis ca uns pobres animais mudos que nos movemos ás apalpadas e cometemos toda clase de erros. Nunca lembrarei a noite pasada sen que me devaste o corazón.

Aquela muller era coma todas as demais. Durante aqueles días de pena, parecíanos que ninguén era capaz de abrir a boca sen que dixese algo que nos fixese estremecer. Todos descoñecían a verdade, a dolorosa verdade daquelas cousas que dicían de casualidade.

Seppi preguntou se podería Nikolaus saír connosco.

—Síntoo —contestou ela—, pero non pode. O seu pai, para castigalo máis, prohibiulle saír da casa en todo o día.

Que magnífica esperanza se apoderou de nós! Advertino nas pupilas de Seppi. Pensabamos: «Se non lle deixan saír da casa, non poderá afogar».

Seppi preguntou para ter a confirmación:

—Terá que estar aquí todo o día, ou só pola mañá?

—Todo o día. É boa pena, porque o tempo é magnífico, e Nikolaus non está afeito a permanecer encerrado na casa. Pero anda moi atarefado cos preparativos da festa que ha de dar, e quizais iso poida distraelo. Oxalá que non se sinta demasiado só!

Seppi observou na súa mirada que as súas palabras eran unha expresión do que ela sentía, e iso motivou que lle preguntase se non poderiamos subir onda Nicolás para que pasase connosco o resto do día.

—Con moito gusto! —exclamou a nai, cordial—. A iso chámolle eu verdadeira amizade, a que aínda tendo a posibilidade de saír por aí e pasar un día delicioso, quededes con Nikolaus. Sodes bos mozos, recoñézoo, aínda que non sempre dades coa maneira de demostralo. Tomade vós estes pasteis e dádelle este a el, de parte da súa nai.

A primeira cousa na que reparamos ao entrar no cuarto de Nikolaus foi a hora. Eran as dez menos cuarto. Era posible que fose exacta esa hora? Só lle restaban uns poucos minutos de vida! Sentín unha contracción do corazón. Nikolaus deu un chimpo e acolleunos coa maior das alegrías. Estaba moi animado cos seus proxectos para a festa, e non sentira a soidade.

—Sentade —dixo—, e mirade o que estiven a facer. Terminei un papaventos que como veredes é unha fermosura. Quedou secando na cociña, vou por el.

O noso amigo gastara os seus pequenos aforros en lambetadas caprichosas de varias clases para ofrecelas de premio nos xogos. Tíñaas expostas sobre a mesa, e producían un efecto encantador e vistoso.

Díxonos:

—Examinade todo iso como vos preste namentres eu vou a que a miña nai lle pase o ferro ao papaventos, por se non está aínda o bastante seco.

Saíu do cuarto e baixou ruidosamente as escaleiras, asubiando.

Nós non nos entretivemos mirando aquilo. Nada lograba interesarnos a non ser o reloxo. Permanecemos en silencio cos ollos cravados nel, escoitando o seu tictac. Cada vez que a agulla dos minutos avanzaba un pedazo, nós asentiamos coa cabeza, como querendo dicir que xa quedaba un minuto menos que cubrir na carreira entre a vida e a morte. Ao cabo, Seppi respirou fondo e dixo:

—Faltan dous minutos para as dez. Sete minutos máis e zafarase do punto mortal. Theodor, xa vas ver que se salva! Nikolaus vai...

—Cala a boca! Fita o reloxo e non fales.

Cinco minutos máis. A tensión e o nerviosismo facían que arquexásemos. Outros tres minutos, e ouvíronse pasos na escaleira.

—Salvado! —puxémonos en pé dun salto, e volvémonos cara á porta.

Quen entrou foi a señora nai co papaventos. E díxonos:

—Verdade que é unha fermosura? Vállame Deus, e como traballou nel. Creo que dende que amenceu. Aínda o terminou pouco antes de vos chegardes.

A nai apoiouse na parede despois de retroceder para miralo na súa totalidade.

—El mesmo debuxou as figuras, e eu creo que están moi ben feitas. A que non está moi ben é a igrexa. Non teño máis remedio que recoñecelo..., pero fixádevos na ponte, calquera a recoñecerá deseguida. Pediume que vola subise, vállame Deus! Son xa as dez e sete minutos, e eu...

—Pero onde irá Nikolaus?

—El? Pois estará para volver dun momento a outro. Saíu hai un instante.

—Que saíu de casa?

—Si. Cando baixou acababa de entrar a nai da pequena Lisa, e díxonos que a nena marchara non sabía ela onde, e como estaba intranquila, eu díxenlle a Nikolaus que non se preocupase da orde do seu pai e que a fose buscar... Pero que pálidos vos puxestes! —exclamou a nai—, eu creo que estades enfermos. Sentade. Traereivos algunha cousa. Parece que o pastel non vos sentou ben. É un pouco pesado, pero eu crin...

A muller saíu do cuarto sen terminar a frase, e nós precipitámonos cara á xanela da parte posterior e miramos cara ao río. No outro extremo da ponte reunírase unha gran multitude, e de todas partes corría a xente cara a alí.

—Todo terminou, pobre Nikolaus! Pero por que, por que lle deixaría a súa nai saír da casa?

—Retírate de aí —dixo Seppi, compunxido—. Vén rapidamente. Seranos imposible aguantar o espectáculo da nai. Dentro de cinco minutos xa estará ao corrente.

Pero non puidemos eludilo. A nai tropezou connosco cando empezaba a subir as escaleiras, levando na man as bebidas para nós. Fíxonos volver entrar, sentar e tomar aquela menciña. A seguir quedou mirando o efecto que nos produciu, e non quedou satisfeita. Fíxonos, pois, esperar, e non cesou de censurarse a si mesma por facernos comer aquel pastel indixesto.

Pouco despois ocorreu o que nós tanto temiamos. Ouviuse un rumor de pasos e un arrastrar de pés, entrou logo solemnemente unha gran cantidade de persoas que viñan coa cabeza descuberta, e que depositaron enriba da cama os corpos dos dous raparigos afogados.

—Oh, meu Deus! —berrou entre saloucos a pobre nai, caeu derrotada de xeonllos, abrazou o fillo morto,

e comezou a lle cubrir a húmida cara de bicos—. Fun eu a que o enviou, fun eu a causante da súa morte! Se obedecese e o gardase dentro de casa, non ocorrería isto. Fun xustamente castigada. Onte á noite trateino dun modo cruel cando me suplicaba a min, a súa propia nai, que fose a súa amiga.

Falou e falou, sempre desta maneira, e todas as mulleres choraban. A concorrencia compadecíase dela e esforzábase por consolala, pero ela non podía perdoarse o que fixera, e non admitía consolos. Seguiu repetindo que se ela non o enviase fóra de casa, o seu fillo seguiría agora con vida, insistía en que era ela a causante da súa morte.

Isto demostra a estupidez que cometen as xentes cando se censuran a si mesmas por calquera cousa que fixeron. Satanás sabíao, e por iso dixo que non acontece nada que a primeira acción da vida dun non deixase xa disposta, de modo que por iniciativa propia dun non é posible nunca alterar o plan ou realizar un acto que rompa un dos elos. A continuación ouvimos alaridos, e a señora Brandt abriuse paso por entre a multitude. Traía as roupas esfarrapadas e a cabeleira solta, e lanzouse sobre a súa filla morta, entre xemidos e bicos e dirixíndolle frases tenras e cariñosas. Un momento despois, ergueuse case esgotada polos ímpetos da súa apaixonada emoción, apertou o puño e levantouno cara ao ceo. A súa cara, bañada polas bágoas, adquiriu unha expresión dura e rancorosa, e dixo:

—Durante preto de dúas semanas tiven soños, presentimentos e premonicións de que a morte me ía arrebatar o que para min tiña maior valor, e eu arrastreime día e noite, noite e día, polo po, diante de Deus, rogándolle que se apiadase da miña filla inocente e que a gardase de todo mal, e velaquí a resposta de Deus!

Hai o que hai, coma quen di: Deus salvara a nena dun mal, pero a nai ignorábao.

Enxugou as bágoas dos ollos e das fazulas, permaneceu un intre inclinada, mirando para a nena con ollos moi abertos, acariñándolle a cara e os cabelos coas mans, e de súpeto falou outra vez co mesmo ton rancoroso:

—Non hai compaixón ningunha no corazón de Deus. Endexamais volverei rezar.

Levantou e apertou contra o seu peito a nena morta, e saíu de alí, mentres o xentío retrocedía para lle abrir o paso, mudo de espanto polas terribles palabras que acababan de ouvir. Pobre muller! É certo, como dixera Satanás, que nós non sabemos distinguir a boa da mala sorte, e que constantemente tomamos a unha pola outra. Dende aquela téñolles escoitado a moitas persoas pedir a Deus que salve a vida dalgúns enfermos; eu non o faría nunca.

Ambos os dous funerais foron celebrados ao mesmo tempo na nosa pequena igrexa, o día despois. Todos se achaban alí presentes, mesmo os convidados á festa. Tamén estaba alí Satanás, e isto supuña un certo dilema, porque era por el que tiñan lugar aqueles funerais. Nikolaus marchou desta vida sen absolución, e realizouse unha colecta para dicir misas a fin de quitalo do purgatorio. Só se reuniron dous terzos do diñeiro necesario, e os pais ían tratar de pedir prestado o que faltaba, pero Satanás déullelo el mesmo. Díxonos en segredo que non existía o purgatorio, pero que el contribuíra a fin de que os pais de Nikolaus e os seus amigos aforrasen dificultades e angustias. A nós pareceunos moi ben aquela acción súa, pero el díxonos que a el non lle custaba nada o diñeiro.

Chegados ao camposanto, un carpinteiro ao que a nai da pequena Lisa debía cincuenta moedas de prata por traballos feitos o ano anterior, embargou o cadáver. A nai non puidera pagar até entón aquela débeda, e tampouco non podía pagala agora. O carpinteiro levou o cadáver á súa casa e tívoo catro días na súa adega. En todo ese

tempo a nai non saíu daquela casa, chorando e suplicando. Nun momento dado, o carpinteiro enterrou a nena no patio do gando dun irmán seu, sen ningunha cerimonia relixiosa. Isto supuxo unha enorme dor e vergoña para a nai, que abandonou as súas tarefas e percorreu acotío a aldea, maldicindo o carpinteiro e blasfemando sobre as leis do emperador e da Igrexa, o cal acabou por ser un espectáculo lamentable. Seppi suplicoulle a Satanás que interviñese, pero este contestoulle que o carpinteiro, coma os demais, eran membros da raza humana e actuaban perfectamente dende o punto de vista desa clase de animal. Interviría, abofé que si, se descubrise que un cabalo actuaba dese modo, e nós deberiamos informar se acaso tropezabamos cun cabalo que se comportaba como ser humano, porque Satanás, nese caso, si tería que impedilo. Nós cremos que aquilo era pura ironía, porque, como é natural, non existía cabalo semellante.

Pero pasados algúns días descubrimos que a nós se nos facía mala de aturar a dor daquela pobre muller, polo que lle pedimos a Satanás que examinase os distintos cursos posibles da súa vida, para ver se podía darlle un novo rumbo, mirando polo ben dela. Contestounos que o curso máis longo das súas distintas vidas posibles sumaba corenta e catro anos, e o máis breve, vinte e un, e que ambos os dous estaban cargados de dor, fame, frío e sufrimento. O único que el podía facer en beneficio desa muller era permitir que esquivase certos avatares de alí a tres minutos, e preguntounos se queriamos que o fixese. Era un prazo de tempo moi breve o que tiñamos para decidir. A excitación nerviosa deixounos rotos, e antes de que puidésemos recuperarnos e pedirlle máis detalles, díxonos que o prazo ía terminar en poucos segundos, por ese motivo exclamamos:

—Faino!

—Feito —dixo—. A muller ía dobrar unha esquina, fixen que volvese para atrás e isto modificou o curso da súa vida.

—E que ocorrerá agora, Satanás?

—Xa está a ocorrer o que ha de ocorrer. Está a ter unhas palabras con Fischer, o tecedor. E Fischer, movido pola súa ira, realizará o que sen este accidente non levaría a cabo. Ese home estaba presente cando a muller quedou contemplando o cadáver da súa filla e pronunciou aquelas blasfemias.

—E que fará?

—Xa está a facelo. Está a denunciala. De aquí a tres días esa muller será queimada no poste.

Quedamos sen fala. O horror deixounos xeados, porque se nós non actuasemos, no caso de non nos entremetermos na carreira da súa vida, zafaríase a bo seguro daquel destino espantoso. Satanás viu os nosos pensamentos, e dixo:

—O que estades a pensar é estritamente humano, é dicir, un desatino. A muller sae gañando con isto. Morrese cando morrer, habería ir ao ceo, e grazas a esta morte tan próxima gaña vinte e nove anos de ceo máis dos que lle estaban destinados, e aforra vinte e nove anos de miserias aquí abaixo.

Un momento antes estiveramos dicíndonos con certo rancor que nunca máis solicitariamos favores de Satanás para amigos de noso, porque non parecía que coñecese máis maneira de portarse con amabilidade cunha persoa que matándoa; pero agora cambiaba toda a nosa visión ao respecto, e alegrabámonos do que fixeramos, sentíndonos plenamente felices ao lembralo.

Ao cabo dun intre comecei eu a sentirme turbado pensando en Fischer, e pregunteille con timidez:

—Seica este episodio cambia tamén o curso da vida de Fischer, Satanás?

—Que se o cambia dis? E tanto que si! Radicalmente. De non tropezar hai un anaco coa señora Brandt, morrería o ano que vén, á idade de trinta e catro anos. Agora en troques vivirá até os noventa, e levará unha vida moi próspera e feliz, tal como marchan as vidas humanas.

Experimentamos gran xúbilo e orgullo polo que fixeramos en favor de Fischer, e esperabamos que Satanás simpatizase con estes sentimentos, mais non deu sinal ningún de simpatizar, e iso produciunos desasosego. Esperabamos que falase, pero non falou. Por iso, e para atenuar a nosa preocupación, tivemos que lle preguntar se aquela boa sorte de Fischer non tería ningún inconveniente como contrapartida. Satanás meditou un momento no problema, e dixo despois con certa vacilación:

—Veredes, o tema échevos delicado. Baixo os diversos cursos posibles da vida que antes tiña ese home, ao final sempre ía parar ao ceo.

Quedamos espantados.

—Oh Satanás! E neste novo curso...

—Un momento..., non vos angustiedes. Vós tentastes con toda sinceridade facerlle un favor. Iso debe servirvos de consolación.

—Vállanos Deus, vállanos Deus! Iso non pode servirnos de consolo. Deberías dicirnos as consecuencias do que faciamos, e entón a nosa conduta sería outra.

Pero as nosas palabras non deixaron ningún tipo de pegada en Satanás. Endexamais sentira el pena nin pesar, e ignoraba en que consistían aqueles conceptos, ou polo menos ignorábao dunha maneira verdadeiramente práctica. Só sabía desas cousas no plano teórico, é dicir, no sentido intelectual. Como é natural, con iso non chega. É imposible obter outra cousa senón unha noción vaga e incompleta de tales sentimentos como non sexa por experiencia propia. Esforzámonos todo canto puidemos para lle facer

comprender a acción tan espantosa que levara a cabo, e de que maneira quedabamos nós implicados nela, mais non pareceu que chegase a penetrar ben na cerna do asunto. Asegurou que el non lle concedía importancia ao lugar onde acabaría Fischer. No ceo non o botarían de menos, porque alí eran moitos. Tentamos facerlle ver que andaba enganado, que Fischer, e non os demais, era o indicado para decidir sobre a importancia da cuestión, pero todo foi inútil; dixo que Fischer non lle importaba nin unha landra, e que os Fischer abundaban moitísimo.

Un momento despois pasou polo outro lado do camiño Fischer. O feito de velo deunos mareos e case un desfalecemento, lembrando a condenación que lle esperaba e da que nós eramos a causa. E que inconsciente paseaba, ignorando todo canto lle ocorrería! Advertíase no elástico do seu camiñar e no vivaz das súas maneiras que estaba moi contento pola xogada que lle fixera á pobre señora Brandt. A cada momento viraba a cabeza para mirar por riba do ombreiro cara a atrás, coma quen que esperaba algo. En efecto, moi pronto veu na mesma dirección a señora Brandt. Tras ela marchaba o populacho, mofándose e berrando:

—Blasfema! Herexe!

Entre aquelas xentes había veciñas e amigas súas de tempos máis felices. Algunhas daquelas persoas trataron de golpeala, e os custodios non é que se empregasen precisamente a fondo para llelo impedir.

—Oh, Satanás, impídellelo!

Escapounos esta exclamación antes de lembrar que non podía interromper aquilo nin por un só instante sen cambiar todo o curso posterior das súas vidas.

Pero deu un lixeiro soprido, cos beizos en dirección á xente, e esta empezou a vacilar e a cambalear, pretendendo agarrarse coas mans ao espazo baleiro. A continuación, o

grupo desfíxose e todos fuxiron en todas as direccións, con gran balbordo, coma se fosen vítimas dun sufrimento intolerable. Bastara aquel pequeno sopro para romperlles cadansúa costela. Tivemos que lle preguntar a Satanás se con aquilo cambiara o curso posterior da vida daquelas persoas.

—Absolutamente. Algunhas gañaron anos, outras perdéronos. Algunhas han tirar proveito disto, pero tan só unhas poucas.

Non preguntamos se a nosa iniciativa lles trouxera a algunhas desas persoas a mesma sorte que ao pobre Fischer. Non quixemos sabelo. Cremos cos ollos pechados no desexo que tiña Satanás de favorecernos, pero comezabamos a perder confianza no seu xuízo. Entón, pouco a pouco desapareceu, deixando paso a outros intereses, aquela ansiedade nosa cada vez maior de facer que revisase o curso das nosas vidas e que suxerise melloras nas mesmas.

Toda a aldea quedou envolvida nunha tempestade de azueiras durante un par de días, todo por mor do caso da señora Brandt e da misteriosa calamidade que caera sobre a multitude. Para cando chegou o xuízo, a sala estaba ateigada de xente. Foi un veredicto fácil o de facela convicta das súas blasfemias porque pronunciara unha e outra vez aquelas palabras terribles, e porque se negara a retractarse delas. Cando se lle advertiu que estaba a pór en perigo a súa vida, contestou que lle farían un favor quitándolla, que non a quería para nada, que prefería vivir no inferno cos diaños de profesión que non cos seus imitadores na aldea. Acusárona de que rompera todas aquelas costelas con algunha clase de feitizo diabólico, e preguntáronlle se non sería unha bruxa. Ela contestou mofándose:

—Non. De selo, non vos había deixar con vida nin sequera cinco minutos a ningún de vós, hipócritas malvados. Ai, se eu tivese eses poderes! Non, mortos todos no acto

é como vos había deixar. Pronunciade a vosa sentenza e deixádeme morrer. Estou cansa de vivir entre vós.

Declarárona, pois, culpable, recibiu a excomuñón e foi apartada dos xúbilos celestiais e condenada ao lume do inferno. Despois vestírona cunha túnica folgada e entregárona ao brazo secular, conducíndoa á praza do mercado. A campá tanguía solemnemente a morto. Vímola encadeada ao poste, e vimos tamén alzarse no aire tranquilo a primeira brétema de fume azul. Entón a expresión do rostro daquela muller suavizouse, ollou para o xentío, en tropel diante dela, e dixo con cariño:

—Houbo un tempo no que xogabamos xuntos, naqueles días afastados nos que eramos unhas criaturas inocentes. En recordo daqueles días, eu perdóovos.

Nese momento afastámonos, e non vimos como a consumía o lume, pero escoitamos os seus gallamoutos, a pesar de que tapamos as orellas cos dedos. Cando deixaron de ouvirse os alaridos, aquela muller estaba xa no ceo, a pesar da excomuñón. E nós alegrabámonos da súa morte, e ningún pesar sentiamos de ser os causantes da mesma.

Certo día, pouco despois daquilo, apareceu de novo Satanás. Nós viviamos nunha constante espera, porque cando o tiñamos ao noso lado non era a vida xamais unha balsa de auga estancada. Presentouse naquel lugar do bosque onde tropezaramos con el por vez primeira. Como eramos raparigos, desexabamos divertirnos. Suplicámoslle que nos fixese algunha exhibición.

—Sen problema ningún —dixo—. Agradaríavos contemplar unha historia do progreso da raza humana? Do desenvolvemento dese produto seu que se dá en chamar civilización?

Contestámoslle que si.

Bastoulle un pensamento para converter aquel lugar no xardín do Edén, e vimos como Abel oraba ao pé do seu

altar. A seguir apareceu, camiñando cara a onde Abel estaba, o seu irmán Caín, armado co seu garrote; non pareceu vernos, e pisaríame no pé se non o chego a retirar a tempo. Faloulle ao seu irmán nunha linguaxe que nós non entendemos. Aos poucos foi tornando en violento e ameazador, e nós démonos de conta do que ía pasar, e mirámonos un momento, pero ouvimos o son dos golpes, os alaridos e os laios. Logo produciuse o silencio, e contemplamos a Abel caído no medio do seu propio sangue e dando as últimas boqueadas. Caín, en pé, ao seu carón, contemplábao, vingativo e sen mostras de arrepentimento.

Desvaneceuse aquela visión, e chegou despois unha longa serie de guerras, asasinatos e degolacións coñecidas para nós. Veu máis tarde o diluvio e vimos como a arca se balanceaba dun lado para outro nas augas tormentosas; e de lonxe, veladas e confusas pola choiva, reparamos nunhas montañas altísimas. Satanás dixo:

—O progreso da vosa raza non foi satisfactorio. Agora terá outra oportunidade.

Cambiou a escena, e contemplamos a Noé, pasado de viño.

Acto seguido, apareceron Sodoma e Gomorra, veu despois Lot coas súas fillas, dentro da caverna. Viñeron a seguir as guerras hebraicas, e presenciamos como os vencedores degolaban os sobreviventes e o gando propiedade destes; só quedaron con vida as raparigas novas, que logo se repartirían entre eles.

Veu despois Xezabel. Vímola meterse dentro da tenda e atravesar cun cravo de lado a lado as tempas do seu hóspede durmido. Achabámonos tan preto que cando saltou o sangue, formou este un pequeno rego vermello aos nosos pés, e de así o querer poderiamos manchar nel a nosas mans. Viñeron logo as guerras exipcias, as guerras gregas e mais as guerras romanas, que deixaron a terra enchoupada

con horrendos borranchos de sangue; presenciamos as traizóns que os romanos lles fixeron aos cartaxineses, e o espectáculo repugnante da degolación deste valente pobo. Vimos tamén a César invadir Britania, non porque este pobo bárbaro lle fixese dano ningún, senón porque quería as súas terras, e César anhelaba conceder as bendicións da civilización ás súas viúvas e orfas, segundo explicou Satanás.

Despois diso naceu a cristiandade. Entón desfilaron por diante de nós longas épocas europeas, e vimos de que maneira a cristiandade e a civilización avanzaron da man durante esas épocas, deixando no seu ronsel a fame, a morte, a desolación e os demais signos do progreso da raza humana, segundo apuntou Satanás.

En todo momento vimos guerras, máis guerras, e sempre guerras, por Europa, por todo o mundo. «Unhas veces no interese particular das familias reais», dixo Satanás «e outras veces para esmagar algunha nación débil; xamais ningún agresor iniciou unha guerra con móbiles limpos; non existe unha guerra desa clase na historia da raza humana».

—Xa vistes —dixo Satanás— cal é o progreso da vosa raza até a actualidade, e non tedes máis remedio que confesar que é marabilloso, ao seu modo. Agora é preciso que vexades o porvir.

Satanás mostrounos matanzas máis terribles a xulgar pola cantidade de vidas destruídas, e máis devastadoras polos artefactos de guerra empregados que todo canto viramos.

—Á vista está que o voso progreso foi claramente constante —dixo—. Caín asasinou cun garrote; os hebreos cometeron os seus asasinatos con dardos e espadas; os gregos e os romanos agregaron a armadura protectora e as belas artes da organización militar e do xeneralato; os cristiáns

proporcionaron os canóns e a pólvora. Dende aquela, en poucos séculos, perfeccionarían até tal punto a eficacia mortal das súas armas de matanza, que non terán todos os homes máis remedio que confesar que sen a civilización cristiá seguiría a ser a guerra, até o final dos tempos, unha cousa pobre e fútil.

Despois desas palabras escachou a rir da maneira máis despreocupada, mofándose da raza humana, por máis que sabía que todo o que estaba a dicir provocaba en nós un sentimento de vergoña e mágoa. Ninguén, como non fose un anxo, podería obrar de semellante maneira. Pero o sufrimento non significaba nada para eles, ignoran o que é, e se algo saben é de oídas.

Seppi e eu tentaramos máis dunha vez, dun modo humilde e sosegado, convertelo, e posto que el nos escoitou en silencio, tomamos a súa calada como unha especie de estímulo. Por iso esta conversa súa de agora tiña que resultar por forza para nós unha desilusión, porque demostraba que non produciramos en Satanás unha impresión fonda. Entristecíanos pensalo, e comprendemos cal debe de ser o estado de ánimo do misioneiro que acariña alegres esperanzas e ve como estas murchan de vez. Gardamos a nosa dor para nós mesmos, comprendemos que non era aquel o momento de proseguir coa nosa tarefa.

Satanás levou até o último límite a súa risa desagradable, e logo dixo:

—O progreso é extraordinario. Cinco ou seis elevadas civilizacións, no transcurso de cinco ou seis mil anos, xurdiron, floreceron, impuxéronse ao asombro do mundo e logo decaeron e desapareceron. Nin unha soa delas, salvo a máis recente, conseguiu inventar ningún medio adecuado para matar o pobo en masa. Todas elas fixeron canto puideron (porque a maior ambición da raza humana e o incidente primeiro da súa historia foi a aniquilación), pero

unicamente a civilización cristiá acadou un triunfo do que pode estar ben orgullosa. Dentro dun ou de dous séculos recoñecerán que todos os homes competentes na arte de matar son cristiáns; cando ese momento chegue, o mundo pagán irá a que o cristián o eduque, non para adquirir a súa relixión, senón os seus canóns. O turco e o chinés compraraos para matar con eles misioneiros e conversos ao cristianismo.

Namentres o escoitabamos, volvera entrar en acción o seu teatro. Nación tras nación foron desfilando diante dos nosos ollos no transcurso de dous ou tres séculos, nun cortexo impoñente e inacabable, esnaquizándose, pelexando, avanzando por mares de sangue, envolvidos no fume espeso da batalla por entre o cal brillaban as bandeiras e se disparaban as vermellas bólas dos canóns, e sempre escoitabamos o tronar dos fusís e os berros dos moribundos.

—E que saíu de todo iso? —dixo Satanás, co seu maligno burbullar de risas—. Nada en absoluto. Vós non gañades nada; acabades polo mesmo sitio polo que comezastes. Durante un millón de anos a vosa raza viviu propagándose e multiplicando monotonamente o seu absurdo, e que conseguiu? Non hai sabedoría que poida adiviñalo! Quen se beneficia con isto? Ninguén, a non ser un pequeno grupo de reis usurpadores e de aristócratas que vos desprezan, personaxes que se considerarían manchados se os tocásedes, que vos darían coa porta nos fociños se quixésedes facerlles unha visita, uns reis e aristócratas dos que sodes escravos, polos que loitades e polos que morredes sen que iso vos cause a menor vergoña, todo o contrario: tédelo por un orgullo; uns reis e aristócratas cuxa existencia é un perpetuo insulto a vós mesmos, insulto contra o que non vos rebelades por medo; uns reis e aristócratas que son uns baldrogas que viven das vosas esmolas, e que por riba adoptan convosco aires

de benfeitores para co esmoleiro, que vos falan na linguaxe na que lle fala o amo ao seu escravo, e aos que contestades coa linguaxe coa que lle contesta o escravo ao seu señor; aos que acatades de palabra, mentres que o voso corazón (se é que o tedes) vos repudia por iso, por reverenciar estes reis e aristócratas. O primeiro home foi un hipócrita e un covarde, e esas calidades non se perderon na súa descendencia, son o fundamento sobre o que se erixiron todas as civilizacións. Brindade por que se perpetúen! Brindade por que medren! Brindade por...!

Nese momento advertiu polas nosas caras o moito dano que aquilo nos facía e cortou a frase sen acabala, deixou de rir e cambiou as súas maneiras. Díxonos xentilmente:

—Non, brindaremos os uns pola saúde dos outros, e a civilización que se arranxe ela! O viño que fluíu até as nosas mans caído do espazo a consecuencia do noso devezo, é cousa en realidade da terra, e o bastante bo para un novo brinde. Mais tirade coas cuncas! Faremos estoutro brinde cun viño que até agora non se viu neste mundo.

Obedecemos, achegámoslle as mans e recibimos nelas as novas cuncas a medida que descenderon do alto. Eran fermosas e elegantes, mais non estaban fabricadas con ningún material dos que nós coñeciamos. Parecían dotadas de movemento, vivas, e dende logo, as cores que había dentro delas movíanse. Eran moi brillantes, con todas as tonalidades posibles. Non permanecían inmóbiles nunca, senón que corrían dunha parte cara a outra en magnífica onda que chocaba e rompía e estalaba en delicadas explosións de encantadoras cores. Creo que se parecía moito a unha vaga de ópalos que despedía por todas partes unha brillantez esplendorosa. Pero non hai nada co que comparar o viño aquel. Bebémolo, e experimentamos unha éxtase extraordinaria e encantadora, coma se nos entrasen a furto

os ceos. A Seppi humedecéronselle os ollos e exclamou con notable énfase:

—Algún día estaremos alí e ese día...

Mirou de esguello a Satanás, creo eu que coa esperanza de que este dixese: «Si, algún día estarás alí», pero Satanás seica pensaba nalgunha outra cousa, e calou coma un peto. Aquilo deume a min unha sensación espantosa, porque estaba seguro de que Satanás ouvira. O pobre Seppi pareceu aflixido e non acabou a frase. As cuncas alzáronse e abríronse camiño até os ceos, o mesmo ca un pedazo do arco da vella, e desapareceron. Por que non quedaron nas nosas mans? Aquilo parecía un mal agoiro, e deixoume deprimido. Volvería ver algunha vez a miña cunca? Vería Seppi a súa algunha vez?

Capítulo IX

Era extraordinario o dominio que Satanás exercía sobre o tempo e a distancia. Para el nin o un nin a outra existían. Cualificábaos de invencións dos homes, e afirmaba que eran puros artificios. Iamos moitas veces canda el aos puntos máis afastados do globo, permaneciamos alí semanas e meses, e, por regra xeral, só nos ausentabamos unha fracción de segundo. Isto podía demostrarse polo reloxo. Certo día no que a xente da nosa aldea sentía unha terrible aflición porque o tribunal de bruxas tiña medo de proceder contra o astrólogo e contra os membros da casa do padre Peter –mellor dito, contra ninguén que non fose pobre e desamparado–, a xente perdeu a paciencia e dedicouse por propia vontade á caza de bruxas. Comezaron por perseguir unha dama distinguida de nacenza da que se sabía que tiña por costume curar a xente con artes diabólicas, é dicir, ao bañalas, ao lavalas ou ao darlles alimentos no canto de sangralas e purgalas como era debido coa axuda dun cirurxián barbeiro. A muller correu pola rúa da aldea perseguida polo populacho, entre alaridos e xuramentos. Tentou refuxiarse nalgunhas casas, pero pecháronlle todas as portas. Perseguírona por espazo de máis de media hora. Nós fomos detrás para ver o que sucedía. Ao cabo, a muller caeu ao chan, derreada, e o xentío agarrouna. Arrastrárona até unha árbore, suxeitaron unha corda nunha póla e

empezaron a facer un nó corredizo. Mentres isto acontecía, uns homes termaban dela mentres ela choraba e suplicaba, e a súa filla miraba e saloucaba sen se atrever a dicir nin facer nada.

Enforcaron a dama, e aínda que no meu corazón eu estaba pesaroso, lanceille unha pedrada, ao igual que o facían os demais, e cadaquén repetía os xestos do que tiña ao lado, e se eu non reparase no que facían os demais, mirarían para min e murmurarían na miña contra. Satanás ceibou unha gargallada.

Todos cantos estaban preto volvéronse cara a el, atónitos e nada satisfeitos. Mal momento era aquel para retirarse, porque as súas maneiras libres e burlonas e a súa música sobrenatural fixeran del un sospeitoso para toda a xente da aldea e eran moitos os que en segredo estaban contra el. O corpulento ferreiro chamou agora a atención da xente cara a Satanás, ao alzar a súa voz de maneira que ouvisen todos, e dixo:

—De que ri? Conteste! Explíquelles aos presentes por que razón non arrebola pedra ningunha contra a muller.

—Está seguro de que non?

—Si. E non queira saír pola tanxente. Téñoo fichado hai tempo.

—E tamén eu a vostede. Home, non! —contraatacou Satanás—. Tres testemuñas seica ten vostede: Mueller, o ferreiro; Klein, o axudante do carniceiro; e Pfeiffer, o xornaleiro do tecedor. Tres embusteiros moi correntes. Hai algún outro?

—Non vos importe que haxa ou non haxa outros, e ningunha importancia ten tampouco a opinión que vostede teña de nós. Veremos como sae desta lea. Terá vostede que demostrar que lanzou unha pedra, ou mal o vai pasar.

—Así é! —berrou a multitude, achegándose e arremuiñándose ao redor.

—En primeiro lugar contestará vostede esta outra pregunta —sentenciou o ferreiro, feito en si por poder converterse en voceiro e heroe—. De que se ría vostede?

Satanás sorriu e contestou, divertido:

—De ver como tres covardes lle lanzan pedras a unha muller moribunda, estando eles mesmos tan próximos a morrer.

Eran dignas de ver as caras da xente, sempre tan supersticiosa. Caras chuchadas que contiñan o alento baixo aquel golpe súbito. O ferreiro, con aire bravo, dixo:

—Xa será menos! Que sabe vostede diso?

—Eu? Seino todo. A miña profesión é a de agoireiro, lin as mans de vostedes tres (e dalgúns máis) cando as levantaron para lle lanzar as pedras á muller. Un de vostedes morrerá de mañá en oito días. O outro morrerá esta noite. Ao terceiro non lle quedan senón cinco minutos de vida, e alí está o reloxo!

Aquilo produciu verdadeira sensación na concorrencia. Os rostros quedaron brancos e os ollos de todos miraron de xeito mecánico para ao reloxo. O carniceiro e o tecedor parecían acometidos dunha grave enfermidade, pero o ferreiro tivo forza para dicir:

—Non é moito o que hai que esperar para ver se a predición primeira se cumpre. Se non se cumpre, mociño, non vivirá vostede nin un só minuto despois, prométollo.

Ninguén deu palabra. Todos miraron o reloxo no medio dun profundo silencio que resultaba impresionante. Pasaran catro minutos e medio cando o ferreiro exhalou aire bruscamente, apertou as súas mans contra o corazón e dixo: «Dádeme aire! Deixádeme espazo!», e empezou a estomballarse no chan. A multitude pregouse cara a atrás sen que ninguén se brindase a sostelo, e o ferreiro caeu redondo, xa cadáver. A xente quedou atónita fitando o morto, mirou logo a Satanás e miráronse despois os uns

aos outros. Ninguén puido articular palabra. Entón dixo Satanás:

—Tres viron que eu non lancei pedra ningunha. Poida que o visen algúns máis, que falen logo.

Aquilo provocou entre a xente unha especie de pánico. Aínda que ningún lle contestou, foron moitos os que empezaron a acusarse con braveza os uns aos outros, dicindo: «Ti dixeches que non lanzara nada». E a contestación era: «Mentes, e vou facer que tragues a túa mentira!».

Un instante despois estaban todos enfurecidos. Armouse alí un balbordo espantoso, porque se golpeaban, e, no medio de todo aquilo, só había unha persoa indiferente: a defunta que colgaba da súa corda, terminados xa os seus apuros, e coa alma en paz.

Afastámonos de alí. Eu non estaba tranquilo, senón que me repetía a min mesmo: «Díxolles que se ría deles, pero iso era mentira; de quen se ría era de min».

Isto fixo que rise de novo, e dixo:

—Si, mofábame de ti, porque, por medo ao que dirán tamén lanzaches as pedras á muller, provocando así que o teu corazón se rebelase contra ese acto, pero ollo, ríame tamén dos demais.

—Por que?

—Porque o caso deles é o mesmo ca o teu.

—Como pode ser iso?

—Verás: había alí sesenta e oito presentes, e de entre estes había sesenta e dous que tiñan tan poucos desexos de lanzar unha pedra como tiñas ti.

—Satanás!

—É certo, coñezo a túa raza. Está composta de burras. Está gobernada por minorías, e só moi de vez en cando, ou se cadra nunca, por maiorías. Fai caso omiso dos seus propios sentimentos e das súas propias crenzas e segue os ditados da presada de persoas que mete máis

ruído. En ocasións, esa xente buliciosa ten razón, e outras veces non a ten; tanto dá, a multitude ségueos. A inmensa maioría da raza, o mesmo se é salvaxe que se é civilizada, profesa en segredo os bos sentimentos, e resístese a causar dor, pero non se atreve a manifestarse tal como é se hai diante unha minoría agresiva e desapiadada. Imaxínao! Unha persoa de bo corazón que espía a outra, e coidado con que esoutra colabore lealmente en feitos inicuos que os indignan aos dous. Se falo é porque sei ben o que digo, cónstame que o noventa e nove por cento da túa raza se posicionaría con firmeza en contra de matar bruxas cando un fato de tolos beatos axitou por vez primeira, hai moito tempo, esa idiotez. Cónstame que aínda na actualidade, logo de séculos de transmitirse o prexuízo e dunha educación estúpida, só unha persoa de cada vinte acosa as bruxas pondo no empeño o seu corazón. E, con todo, na aparencia, todos as odian e queren matalas. Talvez algún día se alce un grupo de persoas que defendan o contrario e eses serán os que metan máis ruído (talvez mesmo un só home audaz que teña voz grosa e expresión resolta podería ser quen de facelo), e antes dunha semana todos os estúpidos darán media volta e seguirán o ditado desa nova voz, terminando dese modo e de maneira súbita coa caza de bruxas. As monarquías, as aristocracias e as relixións están todas baseadas nese enorme defecto da vosa raza, a saber: a desconfianza que cada cal sente polo seu veciño, e o seu desexo, por propia seguridade ou comodidade, de facer a comedia diante dos ollos dese mesmo veciño. Esas institucións permanecerán sempre, florecerán sempre, oprimiranvos sempre, serán sempre para vós unha lacha e unha degradación, porque sempre seredes e seguiredes sendo escravos das minorías. Xamais houbo un país no que a maioría das xentes fosen no profundo dos seus corazóns leais a ningunha destas institucións.

Non me gustou escoitarlle dicir que a nosa raza era un fato de burras, e dixen que non cría que o fósemos.

—Amiguiño, éche así —dixo Satanás—. Pensa nunha guerra, pensa no estúpidos e ridículos que chegades a ser!

—Na guerra? Como é iso?

—Xamais houbo unha guerra xusta, xamais houbo unha guerra honrosa pola parte do seu instigador. Eu dexergo un millón de anos, e esta norma non se alterará nin sequera en media ducia de casos. O fato de zamurgos (coma sempre) pedirá a berros a guerra. Ao principio, con cautela e precaución, o púlpito porá dificultades; a gran masa, enorme e zoupona, da nación fregará os ollos adormecidos e esforzarase por descubrir por que ten que haber guerra, e dirá, con ansiedade e indignación: «É unha cousa inxusta e deshonrosa, e non hai necesidade de que a haxa». Pero o grupúsculo vociferará con maior forza aínda. No bando contrario, uns poucos homes ben intencionados argüirán e razoarán contra a guerra valéndose do discurso e da pluma, e ao principio haberá quen os escoite e quen os aplauda, pero iso non durará moito. Os outros afogarán a súa voz cos seus ladridos e o auditorio inimigo da guerra irá enmagrecendo e perdendo popularidade. Antes de que pase moito tempo verás este feito curioso: os oradores serán botados das tribunas a pedradas, e a liberdade de expresión verase afogada por unhas hordas de homes furiosos que alá nos seus corazóns seguirán sendo da mesma opinión ca os oradores apedrados (igual que ao principio), pero que agora non se atreven a dicilo. E, de súpeto, a nación enteira (os púlpitos e todo) recollerá o berro de guerra e vociferará até conseguir lanzar as multitudes contra calquera home honrado que se atreva a abrir a boca. E finalmente esa clase de bocas acabará por pecharse. A continuación, os estadistas inventarán mentiras ruíns, botarán a culpa

sobre a nación que é agredida e todo o mundo acollerá con alegría esas falsidades para tranquilizar a conciencia, todos haberán estudalas a fondo e rexeitarán someter sequera a exame calquera refutación que se faga delas. Deste xeito, iranse convencendo aos poucos de que a guerra é xusta e darán grazas a Deus por poder durmir máis descansados despois dese proceso de grotesco engano a si mesmos.

Capítulo X

Pasaban os días sen que se presentase Satanás. A vida sen el carecía de alicientes. Pero o astrólogo, que regresara da súa excursión á Lúa, percorreu a aldea desafiando a opinión pública, e recibindo en ocasións unha pedrada no medio das costas cando algún dos perseguidores de bruxas vía a ocasión de poder lanzarlla sen ser visto. Nese tempo houbo dúas influencias que funcionaron en favor de Marget. Que Satanás, cousa que a ela lle era por completo indiferente, suspendese as visitas á súa casa despois de ila ver unha ou dúas veces por semana, feriu o corazón da moza, que se esforzou de alí en diante por desterralo dos seus sentimentos. As novas que lle chegaban de boca da vella Ursula sobre a vida de libertinaxe á cal se consagraba Wilhelm Meidling espertaban nela novas inquedanzas, porque a causa última de todo eran os celos que Wilhelm sentía de Satanás. Ao combinarse a acción destes dous asuntos, Marget tiráballes proveito, posto que o interese que tiña por Satanás ía perdendo fol, e o que sentía por Wilhelm ía facéndose cada vez máis intenso. Para completar a súa conversión só se necesitaba que Wilhelm reaccionase facendo algo que dese lugar a comentarios favorables e inclinase o ánimo do público outra vez cara a el.

E esa oportunidade chegou, Marget chamouno e pediulle que defendese o seu tío no xuízo que se aproximaba.

Isto agradou moito o mozo, que deixou de beber e comezou ansioso cos preparativos. En realidade, fíxoo con máis actividade ca esperanza, porque non era un caso prometedor. Celebrara moitas entrevistas no seu despacho con Seppi e comigo, escoitando ben a nosa testemuña, coa esperanza de atopar entre a palla algúns cereais valiosos, pero a colleita, como é natural, foi pobre.

E se Satanás se presentase? Aquel pensamento non me daba saído da cabeza. El, Satanás, podía argallar algunha vía para gañar o xuízo. Dixera que este si se gañaría, e por forza tiña que saber de que maneira ocorrería tal cousa. Pero pasaban os días e seguía sen aparecer. Estaba claro que eu non dubidaba de que o xuízo se gañaría e de que o padre Peter pasaría feliz o resto da súa vida, porque Satanás así nolo dixera. Con todo e iso, eu sentiríame moito máis tranquilo se el viñese a nos explicar como tiñamos que arranxar o asunto. Xa era hora de que o padre Peter fose obxecto dun cambio salvador que o conducise á felicidade. Era ben sabido por todos que o seu encarceramento e a ignominia da acusación que pesaba sobre el reduciran as forzas do pobre home de maneira extrema, polo que mesmo era probable que falecese das súas aflicións, a menos que a axuda lle chegase pronto.

Chegou por fin o día do xuízo, e a xente de toda a comarca congregouse para presencialo. Había entre a concorrencia un bo número de forasteiros que chegaran dende os lugares máis recónditos. Si, en efecto, todo o mundo estaba alí, menos o acusado. A súa debilidade física era incapaz de soportar aquela tensión. Pero Marget estaba presente, e mantiña vivas as súas esperanzas e tamén o seu ánimo o mellor que podía. Facía por outra banda acto de presenza o diñeiro, que foi baleirado riba da mesa; os que tiveron aquel privilexio puideron apalpalo, acariñalo e examinalo.

Entrou na cabina das testemuñas o astrólogo. Ataviouse para aquela ocasión co seu mellor chapeu e a súa mellor túnica.

Pregunta: Afirma vostede que este diñeiro lle pertence?

Resposta: Afirmo.

Pregunta: De que xeito chegou a ser da súa propiedade?

Resposta: Atopei a bolsa na estrada cando regresaba dunha viaxe.

Pregunta: Cando foi iso?

Resposta: Hai máis de dous anos.

Pregunta: Que fixo vostede con el?

Resposta: Leveino comigo para a casa e oculteino nun lugar secreto do meu observatorio, co propósito de atopar o seu posuidor, se podía.

Pregunta: Fixo vostede por atopalo?

Resposta: Realicei activas pescudas durante meses, sen que desen resultado.

Pregunta: E despois?

Resposta: Pensei que non pagaba a pena seguir pescudando e decidín investir o diñeiro en rematar a parte do edificio do orfanato que hai entre o mosteiro dos monxes e o convento das monxas. Saqueino, pois, do lugar no que o tiña oculto, e recontei os cartos para ver se me faltaba algo. Daquela...

Pregunta: Por que se detén vostede? Siga.

Resposta: Lamento ter que dicir isto. No momento mesmo no que eu terminaba o reconto e colocaba outra vez a bolsa no seu lugar, virei e topeime co padre Peter. Algunhas voces murmuraron: «Isto ten mala traza». Outros contestaron: «Pero ese home é un grandísimo embusteiro!».

Pregunta: E púxose nervioso por iso?

Resposta: Non. Naquel momento non lle dei importancia, porque o padre Peter acudía con frecuencia a min, sen

previo aviso, para pedirme algunha pequena axuda na súa necesidade.

Marget ruborizouse ao ouvir como con descaro e falsidade o seu tío era acusado case que de pedir esmola, e menos aínda lle agradou que quen o acusase fose unha persoa á cal el denunciara sempre como farsante. Ía abrir a boca, pero caeu a tempo na conta do que lle correspondía facer, e seguiu calada.

Pregunta: Prosiga vostede.

Resposta: Por último, deume medo contribuír con aquel diñeiro á construción do orfanato, e decidín esperar un ano máis e proseguir as miñas investigacións. Cando escoitei o do achado do padre Peter alegreime, e non pensei mal en absoluto. Dous ou tres días despois, ao regresar á casa, comprobei que o diñeiro meu desaparecera, pero nin con esas sospeitei nada até que me chamaron a atención coincidencias moi estrañas, concretamente tres circunstancias relacionadas coa boa fortuna do padre Peter.

Pregunta: Sírvase explicalas.

Resposta: O padre Peter atopou o diñeiro nun camiño; eu atopei o meu nunha estrada. O achado do padre Peter estaba composto en exclusiva de ducados de ouro; o meu, tamén. O padre Peter atopou mil cento sete ducados, exactamente o mesmo ca min.

Con isto terminou a súa declaración; era obvio que deixara pegada na concorrencia.

Wilhelm Meidling fíxolle algunhas preguntas, logo chamáronnos a nós, os raparigos, e fixemos o noso relato dos feitos. Aquilo fixo rir a xente, e nós sentímonos avergoñados. Xa antes das risas estabamos inquietos, porque Wilhelm estaba desesperado, e non o disimulaba. O pobre mozo estaba a facer todo canto podía, pero nada caía do seu lado, e se había algunhas simpatías, estas non estaban

dende logo co seu defendido. Poida que resultase difícil para o Tribunal e a concorrencia crer no relato do astrólogo, tendo en conta a súa reputación, pero o que si resultaba completamente imposible de crer era o relato do padre Peter. Estabamos bastante inquietos, pero cando o avogado do astrólogo dixo que non lle parecía necesario facernos ningunha pregunta porque o noso relato era un pouco delicado e sería unha crueldade pola súa parte tratar de o pór a proba, todos deixaron escapar unha risada e aquilo deveu insoportable. A seguir pronunciou un discurso medio burlón, co noso relato como albo das bromas. Facíao parecer ridículo, infantil, estúpido e imposible dende calquera punto de vista. Todos riron até que lles correron as bágoas faciana abaixo. Por último, Marget perdeu os ánimos que até entón tivera, deixouse levar polo abatemento, e rompeu a chorar. Que pena sentín por ela!

Pero vin algo que me devolveu os ánimos. Satanás estaba de pé xunto a Wilhelm! E que contraste había entre eles! Satanás parecía moi confiado e os seus ollos e o seu rostro estaban cheos de animación, mentres que Wilhelm parecía deprimido e abatido. Nós os dous sentimos por fin unha certa tranquilidade, e cremos que Satanás declararía e convencería os membros do Tribunal e a concorrencia de que o negro era branco e o branco negro, ou da cor que a el lle agradase. Miramos ao noso redor para observar que concepto tiñan del os forasteiros que había na casa, porque Satanás era, como sabedes, fermoso –mellor dito: espectacular–, pero ninguén reparaba nel, polo cal comprendemos que era invisible para todos.

O avogado estaba a pronunciar as súas últimas palabras, e mentres as dicía, comezou Satanás a diluírse no interior de Wilhelm. Diluíuse no seu interior até desaparecer. E vaia cambio cando o seu espírito empezou a mirar dende os ollos de Wilhelm!

O outro avogado puxo fin ao seu discurso con moita seriedade e dignidade. Apuntou cara ao diñeiro, e a continuación dixo:

—O amor ao diñeiro é a raíz de todo mal. Velaí o tedes, o tentador de sempre, vermello outra vez de vergoña pola súa máis recente vitoria, pola deshonra dun sacerdote do Señor e dos seus dous pobres mozos colaboradores no crime. Se ese diñeiro puidese falar, creo que se vería obrigado a confesar que esta é a máis ruín e a máis dolorosa de todas as súas conquistas.

O avogado sentou. Wilhelm levantouse e dixo:

—Polo testemuño do acusador deduzo que atopou ese diñeiro nunha estrada hai máis de dous anos. Rectifíqueme, señor, se o comprendín a vostede mal.

O astrólogo dixo que o comprendera ben.

—E que o diñeiro atopado desa maneira non saíu das mans de vostede até unha data determinada, a saber: o último día do último ano. Rectifíqueme, señor, se estou equivocado.

O astrólogo asentiu coa cabeza. Wilhelm volveuse cara ao Tribunal e dixo:

—De modo, pois, que se eu demostro que este diñeiro que hai aquí non é o mesmo, entón ese diñeiro non é seu, non é así?

—Obviamente, pero ese é un procedemento irregular. Se vostede tiña unha testemuña capaz diso era a súa obriga dar parte ao seu debido tempo e traela aquí para...

Interrompeuse a frase e os xuíces murmuraron entre eles. Entrementres, o outro avogado púxose en pé con grande excitación e comezou a protestar contra o feito de que se permitise introducir novas testemuñas no xuízo naquela última etapa.

Os xuíces resolveron que a súa oposición era xusta e debía ser tida en conta.

—Pero non se trata dunha nova testemuña —dixo Wilhelm—. Trátase dunha testemuña que foi xa examinada en parte. Refírome ao diñeiro.

—Ao diñeiro? E que pode dicir o diñeiro?

—Pode dicir que non é o mesmo que aqueloutro que o astrólogo posuíu noutro momento. Pode dicir que o último mes de decembro non existía aínda. Pode dicilo pola data que leva.

E era así! Reinou a máis viva excitación na sala mentres o outro avogado e os xuíces botaban man ás moedas e as examinaban entre exclamacións. Todos estaban engaiolados pola agudeza de Wilhelm, por aquela idea tan oportuna. Chamouse por fin á orde, e o tribunal dixo:

—Todas as moedas, menos catro, son do ano actual. O tribunal expresa a súa sincera simpatía ao acusado e a súa profunda dor de que el, un home inocente, tivese, por unha lamentable equivocación, que sufrir a humillación inmerecida de ser encarcerado e xulgado. O acusado queda absolto.

De xeito que a pesar de que o outro avogado opinaba o contrario, o diñeiro puido falar. O tribunal levantouse, e case todo o mundo foi estreitar a man de Marget e felicitala, e despois foron estreitar a man de Wilhelm e tamén dedicarlle eloxios. Satanás saíra xa do corpo de Wilhelm e miraba todo co maior interese mentres a xente ía e viña, atravesándoo, sen saber que el estaba alí. Wilhelm non podía explicar a razón de que até o último instante non se lle ocorrese pensar na data das moedas. Dixo que se lle ocorrera de súpeto, como unha inspiración, e que o dixera sen vacilar, mesmo sen as examinar antes, pero que estaba seguro de que era así, aínda que non puido explicar por que motivo tiña esa seguridade. Demostrou a súa honradez e obrou como quen era. Outro no seu lugar simularía que o pensara de antemán pero que o reservara até o final

a modo de sorpresa. O seu aspecto era xa un pouco máis apagado. Non moito, pero non se vía nos seus ollos aquela luminosidade que irradiaba mentres Satanás estaba no seu interior. Pero case a recobrou cando Marget o foi saudar, afagar, e darlle as grazas, e non puido menos que deixarlle ver o orgullosa que estaba del. O astrólogo marchou descontento e botando pestes, e Solomon Isaacs recolleu o diñeiro e levouno. Era xa, dunha maneira definitiva, propiedade do padre Peter.

Satanás marchou. Pareceume que se dirixira ao cárcere para levar a noticia ao preso, e acertei. Marget e todos fomos para aló a fume de carozo, nun estado de gran xúbilo.

O que Satanás fixera era isto: presentárase diante do pobre preso e exclamara:

—Rematou o xuízo, e vostede quedou para sempre coa marca infame de ser un ladrón, polo veredicto do tribunal.

Aquel golpe trastornou a intelixencia do ancián. Dez minutos despois, cando nós chegamos, estaba o crego a pasear con gran pompa polo cárcere, dándolles ordes aos gardas e carcereiros, dirixíndose a eles coma se fosen autoridades máximas, o príncipe tal ou o príncipe cal, o almirante da escuadra, o mariscal de campo en xefe e outros títulos altisonantes polo estilo. Era tan feliz coma un paxaro, e cría ser o emperador!

Marget abrazouse ao seu peito e chorou. En verdade, a emoción case nos esgazaba a todos a alma. Recoñeceu a Marget, pero non chegou a comprender por que choraba, deulle uns golpes no ombreiro e dixo:

—Non chores, miñaxoia. Ten presente que hai testemuñas, e que non está ben iso na princesa da Coroa. Cóntame a causa, e remediarase. Non hai nada que un emperador non poida facer.

Mirou logo derredor e viu a Ursula que levaba o dengue á altura dos ollos. Aquilo desconcertouno, e dixo:

—E que che pasa a ti?

Ouviu, entre os saloucos da muller, algunhas palabras coas que ela lle explicaba que lle doía velo así. Meditou un momento, e logo dixo, como falando para si mesmo:

—Cousa antiga e estraña, esta duquesa viúva. Ten boa intención, pero sempre anda a voltas coas súas emocións, e non pode explicar o que lle pasa. Seica non rexe ben.

Os seus ollos pousáronse en Wilhelm e díxolle:

—Príncipe da India, adiviño que vostede ten algo que ver co que lle está a suceder á princesa da Coroa. Haberá que enxugar as súas bágoas, non é o meu desexo interporme máis entre vostedes dous. Ela compartirá o seu trono, e entre ambos os dous herdarán o meu. Que dis, muller, falei ben e con corrección? Xa estás en condicións de poder sorrir, verdade que si?

Chamou con tenrura a Marget e bicouna. Estaba tan contento de si mesmo e de todos que todo lle parecía pouco para nós, e empezou a repartir a torto e a dereito reinos e outras cousas polo estilo, e o menos que lle tocou a cada un de nós foi un principado. Finalmente, cando o convenceron de que debía marchar para a casa, fíxoo con impoñente pompa, e cando as multitudes que había ao longo do traxecto viron canto o satisfacía que o aplaudisen, compraceron todos os seus desexos, e el respondía con inclinacións moi dignas e con sorrisos xenerosos, e estarricaba seguido unha man e dicía:

—Bendito sexas, pobo meu!

Nunca vira eu un espectáculo máis doloroso. Marget e a vella Ursula non fixeron outra cousa que chorar en todo o traxecto.

Camiño da casa batín con Satanás e recrimineille que me enganase con semellante mentira. As miñas palabras non lle produciron o menor efecto, e limitouse a dicir con toda naturalidade e calma:

—Engánaste. Díxenche a verdade en todo momento. Díxenche que sería feliz durante o resto dos seus días, e serao, porque crerá sempre que é o emperador, e o orgullo e o xúbilo que iso lle produce subsistirán até a fin. É e seguirá a ser a única persoa completamente feliz deste imperio.

—Pero de que maneira, Satanás, de que maneira! Non podías logralo sen privalo da razón?

Difícil era irritar a Satanás, pero estas palabras miñas si o conseguiron, e díxome:

—Es ben parvo! Tan pouco observador es que aínda non descubriches que a felicidade e ter o xuízo intacto son dúas cousas imposibles de combinar? Un home de intelixencia sa non pode ser feliz, porque a vida é para el unha realidade, e ve que é unha realidade terrible. Unicamente os tolos, e non moitos tolos, poden ser felices. Os escasos tolos que imaxinan que son reis ou deuses son felices, e os demais tolos non son máis felices ca os que teñen xuízo. Está claro que non se pode nunca dicir dun home que é por completo cabal, pero eu referíame aos casos extremos. Privei ese home diso que a vosa raza denomina intelixencia, substituín esa vida de quincalla por unha ficción de prata dourada. Estás a ver o resultado, e con todo e iso seica tes a coraxe de criticalo! Díxenche que eu o faría permanentemente feliz, e fíxeno. Fíxeno feliz valéndome do único recurso posible na súa raza, e estás descontento!

Deixou escapar un suspiro de desalento e dixo:

—Teño a impresión fundada de que é a vosa unha raza difícil de contentar.

Outra vez o de sempre. Seica non coñecía outro medio de facerlle un favor a unha persoa que non fose matándoa ou facendo que tolease. Desculpeime da mellor maneira que souben e puiden, pero no meu foro interno non logrei apreciar aqueles procedementos, naquel entón.

Satanás adoitaba dicir que a nosa raza estaba afeita a levar unha vida de constante e ininterrompido engano a si mesma. Dende o berce até o sepulcro, os homes ofuscábanse con meros espellismos que tomaban por realidades, e isto convertía a súa vida nun teatro. Da vintena de nobres calidades que a raza cre posuír, apenas posuía unha soa. Considerábase a si mesma ouro, e non pasaba de ser bronce. Certo día no que Satanás estaba deste xenio mencionou un detalle: o sentido do humor. Iso alegroume, e afirmei que era certo que o posuïamos.

—Tivo que falar pola túa boca a raza! —dixo—. Sempre disposta a reclamar a posesión daquilo do que carece, presta a confundir unha onza de limaduras de bronce cunha tonelada de po de ouro. O que vós tedes non é senón a percepción espuria do humorismo, e para de contar. Existe entre vós unha multitude que posúe esa condición. Esa multitude ve o lado cómico de mil trivialidades e vulgaridades, que son, polo xeral, incongruencias de moito vulto. Cousas grotescas, puros absurdos capaces de facer que un se farte a rir. Pero da súa cega visión están excluídos os dez mil detalles cómicos que existen no mundo. Chegará o día no que a raza descubra o que eses miudallos teñen de gracioso e de risible, e a forza de rir quedarán destruídas. En efecto, a vosa raza, dentro da súa pobreza, posúe incuestionablemente unha arma eficaz: a risa. O poder, o diñeiro, a persuasión, as súplicas, a persecución, todas esas cousas teñen poderío abondo para argallar unha babecada colosal, para darlle un empurrón, debilitala unha miga, século tras século, pero tan só a risa é capaz de facela voar de golpe polo aire, reducida a átomos e partículas. Nada pode resistir o asalto da risa. Pasades a vida toda armando gran balbordo e pelexando coas demais armas de que dispondes. Empregades esta algunha vez? Non, deixádea que críe balor. Empregádela

algunha vez na vosa totalidade de raza? Non, fáltavos bo sentido e valor.

Nese momento estabamos a viaxar, e fixemos un alto nunha pequena cidade da India. Quedamos mirando como un prestidixitador executaba os seus trucos diante dun grupo de indios. Os trucos eran marabillosos, mais eu sabía que Satanás era capaz de facelos ben mellores, e pedinlle que fixese unha pequena exhibición. El aceptou. Transformouse nun indio, co seu turbante e as súas roupas, e tivo a gran deferencia para comigo de outorgarme de maneira provisoria certo coñecemento daquel idioma.

O prestidixitador amosou unha semente, colocouna dentro dun pequeno testo de flores e cubriuna de terra. Despois tapouno cun farrapo. Ao cabo dun minuto o farrapo empezou a levantarse. Ao cabo de dez minutos levantouse á altura dun pé. Apartou entón o farrapo e quedou ao descuberto unha pequena árbore con follas e froitas maduras. Probamos as froitas, todas moi saborosas, pero Satanás dixo:

—Por que tapas o testo? Non es capaz de facer crecer a árbore á luz do sol?

—Non —dixo o xograr—, ninguén pode facer iso.

—Ti non es máis ca un aprendiz, non coñeces a túa profesión. Dáme a semente. Vouche mostrar unha cousa —agarrou na man a semente e dixo—: Que clase de planta queres que salga?

—É unha semente de cereixa, de modo que sairá unha cerdeira.

—Non, iso é unha insignificancia. Calquera novato é capaz diso. Queres que faga brotar dela unha laranxeira?

—Home, claro! —dixo o prestidixitador, antes de ceibar unha gargallada.

—E non queres que, ademais de laranxas, faga que produza outras froitas?

—Se Deus así o quere! —exclamaron todos, burlóns.

Satanás colocou a semente no chan, botoulle por riba unha pouca terra e dixo:

—Abrolla!

E abrollou un talo minúsculo que comezou a medrar tan rapidamente que aos cinco minutos xa se convertera nunha enorme árbore, a cuxa sombra todos estabamos sentados. Houbo un murmurio de asombro e, cando aquelas xentes alzaron a vista, contemplaron un espectáculo único, extraordinario, porque as pólas estaban cargadas de froitas de todas as clases e cores: laranxas, uvas, plátanos, pexegos, cereixas, albaricoques etc. Trouxeron canastros e comezou a recollida da froita. A xente amoreábase ao redor de Satanás e bicáballe a man. Todo eran eloxios e chamábanlle o príncipe dos prestidixitadores. Correu a noticia pola cidade e acudiron todos a contemplar o prodixio, sempre cos canastros na man. Aínda así, a árbore estivo á altura da situación, porque foi botando novas froitas a medida que lle levaban as que tiña. Enchéronse canastros por vintenas e centenares, pero a colleita seguía sempre igual. Até que chegou un estranxeiro vestido con roupas brancas e cun sombreiro para o sol na cabeza, que furioso exclamou:

—Fóra! Liscade de aquí, cans! A árbore está no meu terreo e perténceme.

Os indios depositaron os seus canastros no chan e obedeceron con humildade. Incluso Satanás reclinou o corpo en sinal de obediencia, e levou os dedos á fronte, ao estilo indio, e dixo:

—Señor, permítalles, por favor, que fagan o que gusten durante unha hora e nada máis ca unha hora. Transcorrida esa hora, poderá prohibírllelo, porque aínda así disporá da maior cantidade de froitas que vostede e as persoas da súa leira poidan consumir ao correr dun ano.

Isto irritou moito o estranxeiro, que lle berrou:

—E quen vés sendo ti, vagabundo, para lle dicir aos teus superiores o que poden e o que non poden facer?

Deu a Satanás co caxato, e aumentou este erro cunha couce.

Nese instante as froitas podreceron nas pólas e as follas murcharon de vez e caeron ao chan. O estranxeiro contemplou as pólas peladas con expresión de sorpresa e desagrado. Satanás díxolle:

—Coide moito da árbore, porque a saúde dela e a de vostede están interligadas. Xa non volverá dar froitos, pero se vostede a coida ben, vivirá moito tempo. Regue as súas raíces cada noite, unha vez cada hora, e fágao vostede mesmo. Non é cousa que se poida facer por delegación, e de nada servirá regala de día. Unha vez que vostede deixe de regala durante unha noite, morrerá a árbore, e vostede tamén. Non trate de volver ao seu propio país, porque non chegaría a el, non adquira vostede compromisos de negocio ou de pracer que lle esixan saír da porta exterior da súa leira polas noites, pois é un risco que non pode vostede correr, non arrende nin venda este negocio, sería obrar imprudentemente.

O estranxeiro era orgulloso e non se humillou a pedir, pero a min pareceume que estaba moi inclinado a facelo. Mentres que el miraba con ollos atónitos a Satanás, nós desaparecemos e fomos parar a Ceilán.

Dábame pena aquel home, dábame pena que Satanás non procedese coma decote e non o matase ou o deixase tolo. Calquera das dúas cousas sería unha obra de misericordia. Satanás escoitou os meus pensamentos e dixo:

—Faríao así de non ser pola súa dona, que non me causou ningunha ofensa. Ela vén reunirse con el procedente do seu país, Portugal. A muller está ben de saúde, pero quédalle pouco tempo de vida, e anhela velo e convencelo

para que regrese canda ela o ano próximo. Ela morrerá sen saber que o seu marido non pode abandonar ese lugar.

—Acaso el non llo contará?

—Ah, non! Non confiará ese segredo a ninguén.

—Ningún dos indios alí presentes escoitou o que lle dixeches?

—Ningún, pero ese home vivirá sempre co temor de que algún o escoitase. Ese temor constituirá para el un tormento, porque foi para eles un amo duro. Mentres durma veraos coa súa imaxinación derrubando a árbore a machadazos. Xa non haberá día que viva tranquilo, e no que se refire ás noites, vai servido.

Doeume, aínda que non vivamente, observar a satisfacción coa que explicaba como dispuxera as cousas para aquel estranxeiro.

—E cre que é verdade o que lle dixeches, Satanás?

—Non quería crelo, pero ao ver que desaparecemos comezou a facelo. E tamén contribuíu o feito de que houbese unha árbore onde antes non a había. Como tamén axudou a rara e desproporcionada variedade de froitas e que estas podrecesen de súpeto. Que pense como queira, que razoe como queira, o certo é que regará a árbore. Pero entre isto e a noite principiará unha nova etapa da súa vida cunha precaución moi natural nel.

—Que precaución é esa?

—Mandará que veña un sacerdote para desbotar o demo da árbore. Sodes unha raza con moito sentido do humor, máis do que sospeitades.

—Contaralle todo ao sacerdote?

—Non. Diralle que a árbore foi creada por un prestidixitador de Bombai, e que quere que o relixioso expulse da árbore o demo do prestidixitador, a fin de que esta recupere o vigor do pasado e que dea novamente froitos. Os encantamentos do sacerdote non producirán efecto, e

entón o portugués renunciará a ese plan e preparará a súa regadeira.

—Pero o sacerdote queimará a árbore. Estou seguro de que o fará. Non consentirá que a árbore permaneza.

—Si, e en calquera parte de Europa queimaría tamén o malogrado home. Pero na India as xentes son civilizadas e non ocorren esas cousas. O home mandará expulsar o sacerdote e coidará el mesmo da árbore.

Meditei uns momentos, e logo dixen:

—Satanás, creo que lle preparaches unha vida dura.

—Relativamente. Está claro que non hai que confundila cunhas vacacións.

Fomos voando dun lugar a outro ao redor do mundo tal e como fixeramos antes, e Satanás foime mostrando un cento de marabillas, a maioría das cales reflectían dunha maneira ou doutra a fraqueza e a futilidade da nosa raza. Levaba xa algúns días facéndoo, non por malicia, diso estou seguro. Parecía unicamente que aquilo o divertía e lle interesaba, de igual maneira que un naturalista se divirte e interesa por unha colección de formigas.

Capítulo XI

Satanás continuou coas súas visitas case durante un ano, pero, contra o final, estas fixéronse cada vez menos frecuentes, e acabou por non vir en moito tempo. As súas ausencias deixábanme sempre solitario e melancólico. Tiven a sensación de que perdía interese no noso minúsculo mundo e que en calquera momento abandonaría as súas visitas por completo. Finalmente, ao presentarse Satanás na aldea certo día, o meu xúbilo foi extraordinario, pero apenas durou. Díxome que viñera para despedirse de min dunha maneira definitiva. Tiña que levar a cabo algunhas pescudas e empresas noutros recunchos do universo que o manterían ocupado durante un período de tempo superior quizais ao que a min me sería posible esperar.

—Marchas, pois, para non regresar xamais?

—Si —contestoume—. A nosa camaradaría durou moito tempo e resultou agradable, agradable para os dous, pero debo irme, e xamais nos veremos de novo.

—Nesta vida non, Satanás, pero, e na outra? Verdade que na outra nos atoparemos?

Entón, con toda tranquilidade e acougo, respondeume desta maneira sorprendente:

—Non hai outra.

Insuflou sobre o meu espírito dende o seu unha influencia sutil que me inspirou un sentimento confuso, indeciso,

pero bendito e esperanzador de que se cadra aquelas incribles palabras eran verdadeiras, é dicir, que por forza tiñan que ser certas.

—Nunca o sospeitaches, Theodor?

—Nunca. Como podía sospeitalo? Pero se, cando menos, fose certo...

—Éo.

Xurdiu dentro do meu peito un xermolo de felicidade, pero antes de que puidese manifestarse en palabras viuse freado por unha dúbida, e dixen:

—Pero..., pero... esa vida futura vímola, vímola na súa realidade. De modo que...

—Foi aquilo unha visión sen fundamento na realidade.

A inmensa esperanza que se batía dentro de min apenas me deixaba forzas para respirar.

—Unha visión? Unha...

—A vida é só unha visión, un soño.

Foi unha descarga eléctrica. Xaora que ese mesmo pensamento xa o tivera eu mil veces durante as miñas meditacións a soas!

—Nada existe. Todo é un soño. Deus, o home, o mundo, o Sol, a Lúa, a inmensidade estelar, un soño, todo un soño; non é real. Nada existe, fóra do espazo baleiro... e ti!

—Eu!

—E ti non es ti. Non tes corpo, nin sangue, nin ósos, non es senón un pensamento. Eu mesmo non son real, non son senón un soño, o teu soño, unha criatura da túa imaxinación. Bastará un instante para que te deas de conta diso, e entón borrarasme das túas visións e eu disolvereime no nada do que me formaches. Estou xa deixando de existir, estou a caer, estou a morrer. De aquí a uns instantes atoparaste só, só no espazo sen límites, para que vaias e veñas pola soidade inacabable do baleiro sen ningún amigo nin camarada, porque serás por sempre un pensamento,

o único pensamento existente, inextinguible e indestrutible. Pero eu, o teu pobre servidor, reveleite ante ti mesmo e deiche a liberdade. Soña outros soños, e que sexan mellores! Que cousa máis extraordinaria é que non o sospeitedes nunca, en anos, séculos, épocas! Porque ti existiches, sen compañía de ninguén, por toda a eternidade! Cousa en verdade estraña que ti non sospeitases que o teu universo e o seu contido eran unicamente soños, visións, ficcións! Cousa en verdade estraña! Porque, coma todos os soños, eses eran ben disparatados. Por exemplo, o dun Deus que tendo a posibilidade de crear coa mesma facilidade fillos bos que malos, optase de maneira voluntaria por crealos malos, que tendo a posibilidade de facelos a todos felices, non fixese nin un só, nin un!, completamente feliz, que lles fixo apreciar en moito a súa áspera vida, e que, así a todo, a fai cesar de súpeto de maneira tan mesquiña, que lles outorgou aos seus anxos unha felicidade eterna sen que a gañasen, esixíndolles pola contra aos demais fillos seus que fixesen méritos para conseguila, que lles outorgou aos seus anxos unhas vidas libres de calquera dor, ao mesmo tempo que botaba sobre o resto dos fillos a maldición de angustias tremendas e de doenzas de corpo e de alma, que fala de xustiza e inventou o inferno, que fala de misericordia e inventou o inferno, que pronuncia as normas básicas de conduta e de perdón multiplicadas por sete veces sete e inventou o inferno, que impón aos demais normas morais e non garda ningunha, que prega o cello perante os crimes e que os comete todos, que creou o ser humano sen que ninguén llo pedise e trata logo de descargar sobre ese ser a responsabilidade dos seus actos, en lugar de cargala, como sería o honrado, sobre si mesmo, e, por último, cunha torpeza completamente divina, convida ese pobre e maltratado escravo a que lle renda adoración!

»Agora comprendes xa que todas esas cousas son imposibles como non sexa nunha ilusión. Agora comprendes que son puros e puerís despropósitos, creacións estúpidas dunha imaxinación que non ten conciencia das súas monstruosidades. Nunha palabra: que son soños, e ti quen os crea. Levan todos os sinais dos soños, e deberías advertilo antes. Isto que che revelei é certo: non existe Deus, nin o universo, nin a raza humana, nin a vida terreal, nin o ceo, nin o inferno. Todo é un soño, un soño grotesco e disparatado. Nada existe senón ti. E ti non es senón un pensamento, un pensamento nómade, inútil, sen fogar propio, que avanza ao leilán, desamparado polo baleiro das eternidades.

Satanás desapareceu despois de deixarme atónito, porque eu sabía, porque eu estaba seguro de que todo canto me dixera era verdade.